HABITANTES, no dudó en asumir sobre sí la onerosa carga de atender a los gastos del Colegio, consignando en sus Presupuestos Ordinarios de 1958 y 1959 las oportunas partidas para atender al pago de las consiguientes obligaciones”.

A *Junta* delibera tamén no mes de maio sobre a conveniencia de crear unha Escuela Preparatoria para os estudos de Ensino Media, e decide someter dita decisión á aprobación da Corporación Municipal “*teniendo en cuenta el interés que la creación de una Escuela Preparatoria puede revestir para el Colegio, en cuanto a ser considerada como vivero de futuros alumnos de Bachillerato*”.

Notas no mes de maio

“Teniendo en cuenta que con motivo de los exámenes de Grado Elemental que se celebrarán en el Instituto de Pontevedra, han de desplazarse al citado dos profesores de este Colegio, al objeto de figurar como vocales en el tribunal, para examinar a los alumnos presentados por el Colegio de esta villa, he de participarle a V.I. la necesidad de un anticipo al objeto de hacer frente a los gastos de desplazamiento, estancia y manutención durante los días que duren dichos exámenes” e a resposta solicitando “el importe de dichos gastos con la aproximación posible y el nombre de los alumnos a quienes se haya de cargar su importe. El gasto fue de 1.500 pesetas (7 días a 100 pesetas por día más el viaje de ida e vuelta en coche de línea) que se cargaron a cuenta de 7 alumnos que se presentaron a los exámenes de Reválida de 4º curso”.

Os alumnos que se presentaron aos exames de Grado Superior foron 10 que acudiron a Pontevedra, tamén acompañados de dous profesores.

O Patronato do Colexio reunido en sesión extraordinaria o 19 de agosto de 1959⁷⁰ “*adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:*

10º CAMBIO DE IMPRESIONES SOBRE LA MARCHA DEL COLEGIO: Por la Presidencia se expone que a ella han llegado quejas de los padres de algunos alumnos, en el sentido de que determinadas clases no se dan con la debida asiduidad, en detrimento del aprovechamiento escolar, sobre todo de preparaciones de importancia crucial para el buen nombre y prestigio del Colegio como es la Reválida de 6º; y es de temer que, de prolongarse este clima de desánimo entre los padres de familia más directamente interesados, se produzcan deserciones de alumnos para el próximo año lectivo 1959-60, con el consiguiente perjuicio para los intereses municipales, los del Patronato y los del propio Profesorado, puesto que

70 E coa asistencia dos Sres. “Mario Blanco Fuentes, Alcalde del Excmo. Ayuntamiento, Presidente. Vice-Presidente: Roberto Dopazo López, Director Técnico del Colegio. Vocales: D. Nicolás Mato Varela, Rdo. Cura Párroco de La Estrada. Bernardino Sanmartín, Abogado, padre de familia. D. Pedro Rolón Rodríguez, médico, padre de familia. Secretario-Interventor con voz y voto: D. Julio Cortés Martínez, interventor de Fondos del Excmo, Ayuntamiento”

unos y otros deben de estar empeñados por igual en que el Colegio discurra por cauces normales y prósperos, como sería de desear y esperar de la importancia del Municipio, la de su censo escolar y el relativamente elevado porcentaje de alumnos que cursan sus estudios fuera de la Villa, los que, sin duda, no dejarían de concurrir al Colegio, si éste responde convenientemente, por la gran economía que habría de suponer para sus padres. [...] instando al Sr. Dopazo López, como el más caracterizado representante de su Profesorado, para que se despliegue el mayor celo y diligencia en orden a desvanecer el mal ambiente creado y que reina entre los padres de familia, aclarando que dichas manifestaciones no son hechas con el ánimo de herir susceptibilidades, sino en bien de los comunes intereses, y porque, tanto el Patronato como el Profesorado, tienen la ineludible obligación de excederse en el cumplimiento del deber en justa correspondencia al sacrificio que representa para el Ayuntamiento, hoy por hoy, el gravamen del Colegio, Por otra parte, la Junta siempre respaldará y apoyará a la Dirección del Colegio en todo aquello que sea razonable y beneficioso, en beneficio de la enseñanza impartida en dicho Centro, pero con espíritu de equipo y afán de superarse, porque, como advierte el Sr. Sanmartín Rey, todos, Ayuntamiento, Patronato, Profesores y padres de familia, navegamos en el mismo barco y es necesario que sea llevado a buen puerto. Oídas algunas explicaciones y quejas del Sr. Dopazo López, sobre este asunto se acuerda, por unanimidad que la Dirección del Colegio comunique semanalmente al Patronato todas las incidencias que ocurran, de haberlas, en lo que respecta a faltas de asistencia del Profesorado, ya sean voluntarias o justificadas, ya en uso de permisos o licencias, así como del Personal subalterno y [...]"

Con data 22 de xuño rematou o curso coa indicación que o curso de verán daba comezo no mes de xullo cunha matrícula de 34 alumnos.

Curso 1959-1960

COLEGIO RECONOCIDO SUPERIOR de la INMACULADA CONCEPCIÓN					
Alumnado:	1º Bacharelato:	rapaces	18	rapazas	15
	2º Bacharelato:	rapaces	27	rapazas	17
	3º Bacharelato:	rapaces	10	rapazas	12
	4º Bacharelato:	rapaces	9	rapazas	12
	5º Bacharelato:	rapaces	5	rapazas	3
	6º Bacharelato:	rapaces	4	rapazas	1
	Preuniversitario:	rapaces	8	rapazas	5
Profesores:	Roberto Dopazo López Director (Vocal de ciencias en 6º)				
	Mª del Carmen del Río Blanco				
	Mª Dolores Barja Pereiro				
	Mª Mercedes Campos Camiña				
	Luis Carmelo Castro (prof. de Formación del Espíritu Nacional)				
	Mª Vizoso Durán				
	Jesús Tenorio Pena (prof. de Religión)				
	Mª Dolores García Sánchez, Licenciada en Filosofía y Letras				
Elvira Gómez Barbeito (vocal de Ciencias en 4º)					
Mª Luisa Fernández Conde (Vocal de letras en 6º)					

Neste curso decidírase organizar un curso Pre-Universitario:

El Sr. Dopazo manifiesta que, si bien el establecimiento del curso pre-universitario tan sólo es obligatorio cuando el número de alumnos de 5º y 6º curso excede de cincuenta, no obstante, el Colegio tiene atribuciones para ello, según el artº. 1º del Decreto de 27 de Mayo de 1959 y que, por su parte, considera de utilidad su implantación. Contestando a pregunta del infrascrito Secretario-Interventor de si dicha preparación podrá ser atendida con la debida eficiencia, sin perjuicio de los otros cursos, lo hace afirmativamente.

Por unanimidad, se acuerda organizar el expresado curso preuniversitario para el año lectivo 1959-60.

No mes de outubro de 1959 o Alcalde e Presidente del Patronato del Colegio Reconocido Superior de Enseñanza Media Inmaculada Concepción, D. Mario Blanco Fuentes envía unha instancia ao Ilmo. Sr. Director Xeral de Ensino Medio (sección subvencións) en Madrid solicitando unha axuda de 100.000 pesetas, *“tanto por la eficaz y generosa colaboración que presta al régimen de protección escolar como por la difícil situación económica de este Ayuntamiento, que sufraga y costea los gastos del repetido centro docente”*, na que podemos ler: *“pocos Ayuntamientos habrá que, en las precarias condiciones económicas del de La Estrada, agravada con la absoluta carencia de bienes patrimoniales rentables, se hubieran desvelado tanto y tan onerosamente en favor de un Centro de Enseñanza Media, precisamente por la enorme importancia que su continuidad supone para los intereses generales del Municipio, en cuanto su desaparición representaría para numerosos padres de familia la imposibilidad de que, por falta de recursos económicos, sus hijos pudieran seguir cursando en lo sucesivo estudios secundarios”*; adxuntábase unha copia autorizada de documentos, o estado de gastos e ingresos e o certificado de beneficiarios de gratuidade externa, insistindo na existencia, no día da data de 74 alumnos e 61 alumnas, en total 135, e destes sete alumnos e sete alumnas foron propostas *“para disfrute de los beneficios de gratuidad externa”*.

Na sesión plenaria extraordinaria do Concello do 15 de outubro 1959⁷¹ no punto 10º:

71 Alcalde: D. Mario Blanco Fuentes; Tenientes de Alcalde: 1º D. Antonio López Constenla, 2º D. Lino Arcos García, 3º D. Jaime Aguilar Polo, 4º D. José Andión Barros, 5º D. Benito Sanmartín Nodar; Concellais: D. Rogelio Vicente López, D. José Riveira Rodríguez; Secretario D. José Mº Guitián Gómez.

Nombramiento de un profesor en el Colegio Inmaculada Concepción: se acuerda por unanimidad facultar al Sr. Alcalde para realizar contrato de trabajo por el curso 1959/60 y con efectos de 1º del corriente con el profesor Licenciado en Ciencias Químicas D. Juan Jesús Cabeza Sierra para dar clases en el Colegio Inmaculada Concepción, Reconocido Superior de Enseñanza Media en sustitución de Doña María Generosa Souto Figueroa que cesó en su cometido.

No punto 12º da mesma sesión plenaria:

Reconocimiento de créditos: 4º.- Al Arquitecto D. Enrique Álvarez Sala y Moris por honorarios proyecto Colegio Inmaculada Concepción aprobado por el Pleno, quedando pendiente los honorarios de dirección de obra: 2.498'26 pesetas.

Neste curso podemos xa verificar a existencia no centro de partes quincenais de información ás familias.

Fíxose un “*inventario detallado de los utensilios, enseres, muebles, libros y demás bienes muebles existentes en el Colegio Reconocido Superior de Enseñanza Media de esta Villa Inmaculada Concepción*” cun valor total de 66.231,00 pesetas.

Na sesión plenaria extraordinaria do mes de decembro⁷² no punto 2º

ARRENDAMIENTO DE SERVICIOS VIGILANCIA COLEGIO INMACULADA CONCEPCIÓN:⁷³ se acuerda por unanimidad rescindir tal arrendamiento de servicios expresados y se le faculta al mismo para realizar contrato de arrendamiento de mismos con otra persona y hasta el treinta de septiembre del próximo año quedando el mismo encargado de su vigilancia y pudiendo rescindir el mismo si no cumpliera el nuevo arrendatario a su satisfacción y Director del Colegio⁷⁴. Na mesma sesión plenaria, punto “8º. RESULTADO ECONÓMICO DEL COLEGIO INMACULADA CONCEPCIÓN CURSO 1958/59: Queda enterado el Pleno del estado resumen de gastos e ingresos del Colegio Reconocido Superior de Enseñanza Media Inmaculada Concepción de

72 (03-12-1959) Alcalde: D. Mario Blanco Fuentes; Tenientes de Alcalde: 1º D. Antonio López Constenla, 2º D. Lino Arcos García, 4º D. José Andiñ Barros, 5º D. Benito Sanmartín Nodar, 6º D. Valentín Temes Piteira; Concellais: D. Rogelio Vicente López; Interventor: D. Julio Cortés Martínez; Secretario D. José Mº Guitián Gómez.

73 “El Sr. Alcalde da cuenta de que (o encargado) tiene totalmente abandonados los servicios de vigilancia del Colegio Inmaculada Concepción desde su toma de posesión en el cargo y que ya venía en tal abandono desde antes de su toma de posesión en el cargo de la Alcaldía según manifestaciones del propio Director del mismo Colegio. Por lo que a propuesta del mismo [...]”

74 “por la cantidad mensual de mil ciento sesenta pesetas sin otro derecho de clase alguna y sin que tenga el carácter de empleado a ningún efecto, pudiendo realizarlo con el solitante D. Alfonso Couceiro Brey”.

esta Villa financiado por este Ayuntamiento y referido al curso escolar 1958/59, cuyo informe rendido por el Sr. Interventor es el siguiente:

Gastos:	520.883'30 pesetas
Ingresos:	340.827'50 pesetas
Déficit o pérdida del Ayuntamiento:	180.055'80 pesetas

Si bien el déficit real sigue diciendo el Sr. Interventor se aproxima en tal curso a las 200.000 pesetas por estar sin efectuar algunos pagos pendientes del mismo. Además de lo expresado que hay que tener en cuenta el desembolso que hizo este Ayuntamiento, por importe de 124.941'78 pesetas si bien está sin aprobar la última certificación.

Por decreto de 8 de enero de 1960 ha sido clasificado el Colegio de Enseñanza Media femenino denominado "Inmaculada Concepción", establecido en La Estrada, calle Serafín Pazo s/n en la categoría de reconocido de Grado elemental⁷⁵.

Posteriormente, nunha certificación do Interventor de Fondos do Excmo. Concello pódese ler:

"Que la financiación por parte de este Ayuntamiento del Colegio M^a Inmaculada Concepción, de esta Villa, a partir de 1^o de octubre de 1958, ha supuesto para el Erario municipal las pérdidas que, por cursos, se detallan: DÉFICIT en el curso 1958-59: 180.055,80 ptas

DÉFICIT en el curso 1959-60: 257.695,64 ptas

Que las obras de adaptación y reforma de los edificios donde se halla instalado el Colegio INMACULADA CONCEPCIÓN, [...] realizadas para evitar la clausura de dicho Centro por orden de la Superioridad, han importado, según Presupuesto 131.437,60 pesetas, habiendo sido ejecutadas a últimos de 1958 y principios de 1959.

Que la matrícula de alumnos y alumnas en el repetido Colegio de Enseñanza Media INMACULADA CONCEPCIÓN ha sido la siguiente referida a los cursos 1958-59 y de 1959-60:

Curso 1958 – 59, incluídos gratuitos externos: 132 alumnos

Curso 1959 – 60, incluídos gratuitos externos: 129 alumnos"

Os gastos totais do Colexio do 1^o de outubro ao 30 de setembro de 1960 foron 587.030,49 pesetas, desglosado en soldos e remuneracións (persoal docente, conserxe, encargadas da limpeza) 491.035,56 pesetas, seguros sociais 76.665,23, outros gastos (material de oficina, limpeza e teléfonos, alumeado, calefacción e alugueres de edificios do Colexio) 19.329,70. Os ingresos por taxas pola prestación da ensinanza foron 329.335,00; o resultado é o déficit sinalado anteriormente.

75 "de acuerdo con lo prevenido por la Ley de Ordenación de la Enseñanza Media de 26 de febrero de 1953 y Reglamento de Centros no Oficiales de 21 de julio de 1955", con data de 27 xaneiro 1960, (Consejo de Ministros de 8 de enero 1960), asinado polo Ministro de Educación Nacional, D. Jesús Rubio García-Mina, publicado en el B.O. del Estado n^o 29, de 3 de febrero de 1960".

Neste curso, cun importe de 500 pesetas cada unha, houbo un total de 32 alumnos bolseiros⁷⁶

No BOE⁷⁷ aparece o “Decreto 129/1960, de 21 enero, por el que se clasifica como Colegio reconocido de grado elemental de Enseñanza Media el denominado “Inmaculada Concepción” de La Estrada (Pontevedra)” asinado polo Ministro de Educación Nacional, D. Jesús Rubio García-Mina.

No mes de abril deste ano 1960

El Instituto Nacional de Estadística va a realizar por primera vez en España la Estadística de Financiación y Costes de la Enseñanza, cuya realización le ha sido encomendada por Orden de la Presidencia del Gobierno de 23 de diciembre de 1959.

El objeto de esta estadística es, en el plano nacional, proporcionar a las autoridades competentes los datos necesarios para el desarrollo de la política docente, de una parte, y para la formación de la Contabilidad Nacional, de otra. En el plano internacional, se trata de atender las recomendaciones de la Unesco sobre esta materia. [...]

Dado el especial interés de esta investigación estadística y en la seguridad de que la Ley de Estadística de 31 de diciembre de 1945 garantiza el secreto estadístico individual de los datos que facilite, le ruego preste la colaboración que de Ud. solicito y espero, diligenciando el cuestionario antes citado.

Neste senso especificácase na resposta que no curso 1958–1959 o número de profesores contratados era de oito e que o persoal administrativo e subalterno era de 3. Os locais eran alugados, o número de aulas era 7 e tiña un patio de recreo.

Los gastos corrientes de enseñanza eran de 497.900,85 pesetas en sueldos del profesorado incluídas pagas extraordinarias y gratificaciones y las cargas sociales del profesorado pagadas por el establecimiento (Mutualidad, seguros sociales, cuota sindical y plus familiar). Los gastos generales del establecimiento (alquiler anual, gastos ocasionados por la reparación de los locales, inclusive la pintura de las paredes, los gastos totales por calefacción, alumbrado, limpieza, teléfonos y otros) era de 161.555,05 pesetas. Finalmente los gastos de personal no considerados en los gastos de enseñanza era de 20.390,00 pesetas.

76 (entre eles só 7 rapazas), “por el Jurado Provincial de Selección con cargo al Fondo del Principio de Igualdad de Oportunidades que está expuesto al público en la Delegación Administrativa de Educación Nacional de Pontevedra desde el 30 del pasado por el plazo de diez días y ante el cual podrán formularse reclamaciones que presenten “comparativamente respecto a algunos de los candidatos propuestos””.

77 3 febreiro 1960, na páxina 1369.

Insistíase en que o Colegio funcionaba en réxime de Patronato, financiado polo Concello.

Atópase unha solicitude do alcalde (D. Mario Blanco Fuentes) ao Excmo. Sr. D. Luis Legaz Lacambra, Magnífico Rector da Universidad de Santiago de Compostela na que solicita

la rebaja del tanto por ciento a asignar para el próximo año lectivo 1960-61 de gratuidades externas (la explotación de dicho centro le ha producido desde el curso 1958-59 a este Ayuntamiento una pérdida o déficit de más de 200.000 pesetas, sin contar el importe de las obras de habilitación hechas en su edificio) necesarias para evitar la desaparición, por clausura del Colegio.

Datadas no mes de abril de 1960 aparecen unhas notas sobre os gastos derivados do mantemento do Colexio, notas que, presumiblemente, temos que atribuír ao interventor do Concello:

REORGANIZACIÓN DEL COLEGIO INMACULADA CONCEPCIÓN: El proyecto en estudio por la Alcaldía es de envergadura y plausible bajo todos los puntos de vista, aún cuando discutibles las concesiones hechas en lo que se refiere a subvenciones, profesorado a pagar por el Ayuntamiento, alquileres condonados y otros extremos, pero mucho me temo que resulte demasiado ambicioso para las escasas posibilidades económicas del Ayuntamiento.

Las breves consideraciones que siguen tienen por base la apremiante necesidad de reducir al mínimo las obligaciones asumidas por el Ayuntamiento con dicho Centro Docente, sin perjuicio de la subsistencia de éste (recuérdese que su explotación supone para el Erario municipal un déficit de 200.000 pts. anuales) y la urgencia que reviste la busca de una solución aceptable y posible dentro del año en curso.

Esto sentado, preveo las siguientes dificultades para la reorganización en la forma estudiada por el Sr. Alcalde, aunque mucho celebraría que fuese factible: 1ª La difícil situación económica del Ayuntamiento no permite, sin contar con importantes y sustanciales ayudas oficiales o particulares, no previsibles de momento, acometer las obras de adaptación, mejora, ampliación y entretenimiento que se estimen necesarias e indispensables para la instalación de la Sección Femenina en el edificio de la ex-Escuela Elemental del Trabajo (algo apartada me parece la ubicación del edificio para chicas) y las de tipo parecido que se propugnan en los edificios donde actualmente funciona el Colegio, y eso dando por descontado que no surjan inconvenientes derivados de deficiencia de titulación del primero o reparos del propietario en los segundos, al cual aún se le adeuda la renta de 1959 y 20.000 pts. de las obras realizadas en el curso 1958-59.

Desconozco, naturalmente, el importe del presupuesto de las obras proyectadas, pero, entre ellas y el material docente que habría que aportar, bien puede cifrarse, por lo menos, en 500.000 pts. sin contar con las otras cargas que se dice asumiría el Ayuntamiento de cantidad todavía indeterminada.

2ª Si tales obras han de ser realizadas ineludiblemente en el año en curso, no existe consignación bastante en el Presupuesto de 1960 para contraer el gasto o gastos resultantes, ni posibilidades dentro del mismo para habilitar crédito en la cuantía suficiente y necesaria.

Interin persista la desfavorable coyuntura económica del Ayuntamiento y en espera de que mejore su situación, podría intentarse la solución por alguno de los procedimientos siguientes; si me es permitido exponer mi opinión sobre esta importante cuestión:

a) Dejar por cuenta y riesgo de su Profesorado la explotación del Colegio, mediante acuerdo con el mismo o, si necesario fuese, rescindiendo previamente los contratos suscritos entre Profesorado y Ayuntamiento (la resolución debería hacerse, lo más tarde, en 1º de Junio, tanto por estar estipulado que sea con tres meses de antelación al 1º de Octubre, como ante la eventualidad de disponer de tiempo para la busca de algún Profesor antes de la inauguración del curso 1960-61)

b) Una segunda podría ser, y por ella me inclino, que continuase el Ayuntamiento en el curso 1.960-61 con la financiación del Colegio, puesto que la reducción de tres profesores en la plantilla equivaldría para el Ayuntamiento, entre sueldos y cargas sociales, un ahorro anual de unas 146.000 pts., con lo que podría reducirse el déficit de las 200.000 pts. a 54.000 pts. cantidad mucho más llevadera que la anterior.

Durante este compás de espera podría suceder que el Colegio se rehabilite y se afiance, en cuyo caso su explotación podría incluso ser remuneradora para el Ayuntamiento, o que ocurra lo contrario y entonces se contaría con más tiempo, oportunidades y quizás medios para intentar otra solución más satisfactoria. Se dirá que el Colegio desciende de categoría, ya que pasa de Superior a Elemental (legalmente ya lo es), pero éste, por ahora, sería un inconveniente de no mucha significación, aunque lamentablemente, toda vez que los cursos 1º al 4º, cuya preparación quedaría reducido el Colegio, son precisamente los más nutridos, con mucha diferencia en relación con 5º y 6º; y aún podría obviarse esta dificultad, porque no sería difícil conseguir autorización para que el Colegio preparase 5º y 6º y Reválida, aunque los alumnos tengan que examinarse en Pontevedra a efectos de validez oficial de dichos estudios.

Nota: 1º curso: 34 alumnos, 2º: 37, 3º: 31, 4º: 19, 5º: 8, 6º: 5, Pre-universitario: 2. Total 137 alumnos" (sic).

Na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do mes de xuño de 1960⁷⁸, podemos ler:

Renovación o no de contrato de profesores y personal del Colegio Inmaculada Concepción que pasó a Elemental". "El Sr. Alcalde da cuenta de que el Colegio Inmaculada Concepción, reconocido Superior de Enseñanza Media, por Orden

78 Baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde D. Mario Blanco Fuentes e coa presenza dos Tenientes de Alcalde Sres: Severino Castro Silva, Carlos Pérez Pardiñas, Salvador Cusidó Franco, Manuel Carbón Rodríguez, Gonzalo Paz Gareta, Antonio López Constenla e os concelleiros Sres. Jaime Aguilar Polo e Ramón Brea Otero no seu punto nº 14.

del Ministerio de Educación Nacional, Decreto de 21 de enero último, inserto en el Boletín Oficial del Estado de 3 de febrero pasado, ha quedado clasificado como “Colegio Reconocido Elemental de Enseñanza Media” con lo cual el cuadro de profesores es inferior, y que por otra parte se está en gestión para entregar el mismo a Institución Religiosa o Entidad privada con lo que habría una economía municipal además de proporcionar mayores beneficios a la población escolar por no venir produciendo su funcionamiento plena satisfacción en su rendimiento, y sin perjuicio de las medidas que se adopten para que en esta Villa de La Estrada exista Colegio de Enseñanza Media por ser una exigencia de la población, entiendo no procede la renovación de contratos de Profesorado, Dirección y demás servicios del mismo.

A propuesta del Sr. Alcalde⁷⁹, se acordó por unanimidad rescindir contrato de trabajo con el Director, todos los Profesores y personal contratado de servicios del Colegio Inmaculada Concepción de Enseñanza Media de esta Villa que era Reconocido Superior y pasó a Elemental en el corriente año, teniendo esta rescisión de contratos de trabajo efectos económicos administrativos de treinta de septiembre próximo del corriente año.

Desde xeito, ao ter cambiadas as circunstancias do centro escolar, foron rescindidos contratos de traballo a:

“D. Roberto Dopazo López, Director y Profesor; D^a Elvira Gómez Barbeito, Directora y Profesora; D^a Mercedes Campos Camiña, Profesora; D^a María del Carmen del Río Blanco, Profesora; D^a Dolores García Sánchez; D^a María Luisa Fernández Conde, Profesora; D^a Dolores Barja Pereiro, Profesora; D. Juan Jesús Cabeza Sierra, Profesor; D. Jesús Tenoiro Pena, Profesor; D. Luis Carmelo Castro González, Profesor; D^a María Vizoso Durán, Profesora; D. Alfonso Couceiro Brey, Portero Vigilante; D^a María Fandiño Aller, Encargada de la Limpieza; D^a Josefa Corral Zas⁸⁰.”

A instancia que o Sr. Alcalde remitiu a Madrid, ao Excmo. Sr. Ministro de Educación Nacional con data 29 xullo 1960, foi moi clara:

1^o. Que en esta Villa de La Estrada y sufragados los gastos por este Ayuntamiento, así como bajo la tutela absoluta del mismo funciona el Colegio Elemental libre de Enseñanza Media de naturaleza MIXTA sin que exista coeducación de sexos, cuyo funcionamiento está emplazado en edificio municipal en la Calle Serafín Pazo de esta Villa y reúne todos los requisitos exigidos por el Decreto de 2 de junio pasado para la adopción por el Ministerio de su cargo.

79 “De conformidad a las facultades que confiere a este Ayuntamiento las cláusulas de contrato de trabajo realizados, así como teniendo en cuenta no existe Reglamento de Servicio Municipalizado ni otro confeccionado con los requisitos que determina el Texto Refundido de la Ley de Régimen Local de 24 de junio de 1.955”.

80 No Boletín Oficial da provincia (venres 17 de xuño 1960) vén recoñecido pola Comisaría de Protección Escolar y Asistencia Social del Distrito Universitario de Santiago, ao Colegio “Inmaculada Concepción” (masc.) de La Estrada 9 prazas e 5 prazas (femen).

2º. Es de extrema necesidad la continuidad de la Enseñanza Media en esta Villa de La Estrada, capitalidad del municipio que tiene más de 30.000 habitantes y máxime siendo cabeza del partido judicial de La Estrada y circunstancias todas ellas que obligaron a este Ayuntamiento a coger sobre sí la totalidad de gastos y administración, nombramiento de personal y demás para hacer frente a esta Enseñanza; si bien dándose cuenta V.E. del esfuerzo realizado por municipios de esta naturaleza al tener sobre sí tal cargo [...] La necesidad queda revelada por sí sola ya que incluso vino funcionando hasta el corriente año como Colegio reconocido superior de Enseñanza Media en que ese Ministerio lo dejó reducido a Colegio libre de Enseñanza Media Elemental⁸¹.

SUPLICA a V.E. que, previos los trámites reglamentarios se digne acordar la adopción del Colegio libre y MIXTO de Enseñanza Media Elemental Inmaculada Concepción de esta villa de La Estrada, capitalidad del mismo municipio y cabeza de partido judicial por venir funcionando con cargo a este Ayuntamiento y reunir las condiciones del Decreto el local en la Calle Serafín Pazo de esta Villa tanto en el número de aulas como en las demás condiciones exigidas por el Decreto.

Na sesión plenaria extraordinaria do 27 de xullo 1960⁸² no punto 2º

Adoptar los compromisos reglamentarios para la “Adopción” por el Ministerio de Educación Nacional del Colegio Inmaculada Concepción: El Sr. Alcalde teniendo en cuenta de que el Colegio Libre de Enseñanza Media Elemental Inmaculada Concepción de esta villa y parroquia de La Estrada es costeado por este Ayuntamiento mediante una recaudación de tasas y enseñanza aprobada por el Ilmo. Sr. Delegado de Hacienda, así como que hace más de veinte años hubo en esta capitalidad del Municipio Instituto de Enseñanza Media dado el número de alumnos existentes y por tal razón subsiste la necesidad extrema de continuidad de un Instituto de Enseñanza Media y cuando menos un centro que facilite tal enseñanza, la cual viene siendo dado a niños y niñas con la debida separación por el Colegio expresado que funciona a cargo de este Ayuntamiento en la cuestión económica y administrativa con un gravamen al erario municipal; y a fin de cumplir el Ministerio el cometido de facilitar la Enseñanza Media por Decreto del Ministerio de Educación Nacional de 2 de junio último inserto en el BOE de 15 del mismo mes se regula la “Adopción del Colegio Libre de Enseñanza Media Elemental”.

- 81 “3º. Está este Ayuntamiento dispuesto a resolver con carácter definitivo esta Enseñanza, circunstancias que le indujeron a adoptar en sesión extraordinaria POR UNANIMIDAD Y POR MÁS DE LOS DOS TERCIOS DEL NÚMERO DE CONCEJALES QUE LO CONSTITUYEN, el acuerdo de aceptar expresamente y en su totalidad el compromiso del artículo 3º del Decreto susodicho de 2 de junio próximo pasado (BOE de 15 del mismo), y, adjuntando certificación del acuerdo de la sesión de este Ayuntamiento de 27 del corriente”.
- 82 Alcalde: D. Mario Blanco Fuentes; Tenientes de Alcalde: 1º D. Severino Castro Silva, 3º D. Salvador Cusidó Franco, 4º D. Manuel Carbón Rodríguez, 5º D. Gonzalo Paz Garea, 6º D. Antonio López Constenla; Concellais: D. Lino Ares García, D. Benito Sanmartín Nodar, D. Jaime Aguilar Polo, D. Rogelio Vicente López, D. Ramón Brea Otero; Interventor: D. Julio Cortés Martínez; Secretario: D. José M^a Guitián Gómez.



Nesta foto da celebración do acto académico das vodas de prata de 1959 podemos ver de esquerda a dereita a Francisco Luque (profesor de Física), Antonio Fraguas (profesor de Xeografía e Historia), Mercedes Costas (Lingua Española e Literatura), Antonio Lino Sánchez, (Director, profesor de Francés), Nicolás Mato (párroco da Estrada e profesor de Relixión), Enrique Vidal Abascal (Matemáticas), Leopoldo Mosquera Caramelo (Ciencias Naturais), José Martínez López –do que só se ve o brazo– (profesor de Latín). Están ausentes: Eugenio Souto (Debuxo), escultor galeguista de Cuntis a quen colleu a guerra en Madrid e rematou exiliado en México. Arturo R. Suárez (Matemáticas) era coñecido como Villafranca, foi sancionado polas súas ideas progresistas e democráticas. Enrique Villar (Debuxo), substituíu a Eugenio Soto. E Ubaldo Merino (Xeografía e Historia), substituíu a Fraguas. Clodoaldo Tobilla (Física) substituíto tamén.

Dada lectura al Decreto el Sr. Alcalde hace toda clase de aclaraciones e interpretaciones del mismo, si bien el Sr. Interventor dice que el Decreto no está claro en cuanto a que si lo recaudado hubiese exceso de haberes del personal auxiliar sería a distribuir entre los mismos o si se ha de computar todos los gastos del Colegio y si hubiese sobrante se haría así, lo cual en el primer caso sería un inconveniente pero esto no está aclarado, Yo, Secretario no veo reparo de clase alguna ante la situación actual que fué creada en contra de mi opinión por no haberse seguido los trámites de Municipalización y precisamente ahora que es cuando conviene al Ayuntamiento toda vez que el Director y Vicedirector son los dos Catedráticos de Instituto nombrados y pagados por el Ministerio de Educación Nacional sin desembolso del Ayuntamiento, es cuando precisamente interesa ya que además de existir una economía existirá una Autoridad independiente y sin ingerencia Municipal necesaria para la buena marcha de una educación ya que el profesorado no debe estar en una situación indecisa a fin de lograr un verdadero prestigio la enseñanza y además se da la circunstancia de que en este momento es una situación completamente acogida a una disposición Ministerial y en cuanto a las ventajas económicas que dicen pudieran existir ahí

está a la vista el balance de un par de años de vigencia con un déficit de unas doscientas mil pesetas cada año, circunstancia que aconsejan tal medida por la razón de estar encajada en una disposición Ministerial y además que por otra parte aliviará la situación deficitaria que viene atravesando el Ayuntamiento.

El Sr. Alcalde considera que esto tampoco es inconveniente toda vez que el régimen económico es interior del Ayuntamiento y por otra parte caso de plantearse tal problema sería un año ya que con modificar la ordenanza de tasa y rebajarla quedaría tal obstáculo de interpretación salvado y por otra parte el compromiso municipal es por un par de años con lo cual además estamos frente a un Instituto de menor categoría pero de características parecidas a la época en que existió el mismo en este Municipio que fué cuando precisamente existía un verdadero prestigio de la Enseñanza Media.

A propuesta del Sr. Alcalde y por los dos tercios del número legal de concejales que integran esta Corporación se acordó por unanimidad solicitar del Ministerio de Educación Nacional la adopción del Colegio Libre de Enseñanza Media Elemental Inmaculada Concepción conforme al Decreto de 2 de junio último de niños y niñas aceptando íntegramente todas las obligaciones que impone tal Decreto al Ayuntamiento con carácter de mixto a cuyo efecto ofrece el local, edificio de planta baja y piso no 19, 20 y 21 de la calle Serafín Pazo de esta villa capitalidad del partido judicial de La Estrada de este Ayuntamiento de La Estrada que reúne las condiciones exigidas en el artículo 2º del susodicho Decreto, y en forma especial y expresa de conformidad al artículo tercero, este Ayuntamiento se compromete a lo siguiente:

La Corporación local propietaria del Colegio se compromete al cumplimiento de los deberes siguientes:

Primero: Asumir toda la responsabilidad jurídica y económica como empresaria del Colegio, con inclusión de las obligaciones referentes a los Seguros Sociales, subsidio familiar, accidentes del trabajo y mutualismo laboral del personal que preste servicio en el mismo, y de todos los gastos de conservación del edificio, de reparación del mobiliario y material y de sostenimiento.

Segundo: Cumplir todas las disposiciones reguladas de los Colegios Libres de Enseñanza Media y en especial las normas del presente Decreto.

Tercero: Aceptar como Director Técnico y como Vicedirector a los profesores oficiales que el Ministerio de Educación Nacional designe.

Cuarto: Aceptar como Director espiritual del Colegio al Sacerdote que el Prelado designe y abonar tanto a aquél como a los Profesores la remuneración procedente.

Quinto: Abonar todos los gastos reales de locomoción y estancia de los miembros que compongan los Tribunales de exámenes a que se refieren los artículos quince y dieciséis de este Decreto, más una indemnización de mil pesetas líquidas a cada uno de los Profesores que hayan de trasladarse al Colegio para formar parte de estos Tribunales.

Sexto: Garantizar la afectación de los locales a las actividades docentes y complementarias de la Enseñanza Media.

Séptimo: Sostener el comedor escolar necesario para los alumnos que tengan dificultades de regresar a su domicilio para la comida del mediodía.

Octavo: No suspender el cumplimiento de su compromiso durante el año académico que esté en curso; ni el siguiente a la fecha de la denuncia si ésta tuviese lugar con menos de seis meses de antelación a su comienzo. Si por fuerza mayor se hubiera de suspender en un momento improcedente, abonará al personal como indemnización el importe de catorce pagas mensuales”⁸³.

Como consecuencia, no mes de setembro 1960 o Sr. Alcalde, D. Mario Blanco Fuentes, escribe ao Ilmo. Sr. D. Lorenzo Vilas López, Director Xeral de Ensino Medio en Madrid:

“Muy Ilmo. Sr. Este Ayuntamiento en sesión extraordinaria de 27 de julio último adoptó los compromisos reglamentarios para la adopción por ese Ministerio de Educación Nacional del Colegio libre de Enseñanza Media Elemental Inmaculada Concepción de naturaleza mixta conforme al Decreto de 2 de junio pasado por concurrir las circunstancias de esta Disposición y ofrecer el local con todas las exigencias del mismo. Este expediente se lo remití a V.I. para su tramitación a fin de que comenzare a regir el mismo en primero de octubre próximo. Con esta fecha se me presenta solicitando información D. Serafín Pazos Carracedo, Catedrático de Física y Química de las últimas oposiciones celebradas, natural de esta Villa de La Estrada y vinculado a este municipio, solicitándome información del estado de este expediente de adopción del Colegio y manifestándome que solicita de V.I. el nombramiento como Catedrático del Colegio, y, dadas las circunstancias del mismo, vería este Ayuntamiento con suma satisfacción en primer lugar la resolución rápida de este expediente para adopción del Colegio y nombrar como Director del mismo al Catedrático expresado con lo cual quedaría resuelto el grave problema de la Enseñanza Media que afecta a este municipio”⁸⁴.

83 “Y que el Sr. Alcalde efectúe tal solicitud así como firme cualquiera documentos con el Ministerio de Educación Nacional ante el mismo o cualquier órgano o Autoridad que determine con las más amplias facultades para que se lleve a cabo este acuerdo municipal de suma trascendencia e importancia para este Municipio de más de treinta mil habitantes”.

84 1960: Cursiños de verán: 4º Curso: 30 alumnos con diversas materias suspensas.



Xuntanza homenaxe ós profesores do “Instituto Nacional de Segunda Enseñanza”.

A Estrada, 30 de agosto de 1959

Alfonso Varela Durán

Resumo. Relátase neste traballo a breve pero emotiva crónica da homenaxe que os exalumnos do Instituto da Estrada ofreceron aos seus antigos profesores, algún deles expedientado e publicamente humillado nos primeiros momentos da Guerra Civil. Vinte anos despois accederon a reunirse cos seus compañeiros e alumnos nun xesto de reconciliación e nobreza dignos do maior encomio, nomeadamente por parte de don Antonio Fraguas. Ofrécese tamén un incomparable testemuño gráfico: a fotografía da xuntanza, onde se encontra, entre outros o autor deste traballo.

Abstract. This work relates the brief but emotional article about the event that ex-pupils from A Estrada Secondary School organized as a tribute to their former teachers, some of them with disciplinary proceedings and humiliated in public at the beginning of the Civil War. Twenty years later, they agreed to meet up with their colleagues and pupils as a laudable gesture of reconciliation and nobility, worthy of the highest praise, in particular by Antonio Fraguas. It also provided an incomparable graphic witness: a photograph of the meeting, where we find, among others, the author of this work.

Foi un domingo do mes de agosto de 1959 cando os exalumnos do Instituto Nacional de Segunda Enseñanza que o primeiro goberno da Segunda República concedeu á Estrada, decidiron celebrar unha xuntanza homenaxe ós profesores daquel Instituto que permitira ós xoves homes e mulleres estradenses, non só da vila senón tamén de todo o concello, boa parte do partido xudicial e aínda da súa comarca, estudar o bacharelato. Esta meritoria institución educativa contribuíu decisivamente á formación intelectual, educativa e cultural de moitas xeracións de estudantes nunha época na que os institutos se ubicaban exclusivamente nas grandes capitais e facilitou, ademais, o acceso á formación universitaria.

O feito de ser alcalde da Estrada nesa época Mario Blanco Fuentes, antigo alumno do referido centro de ensino e, ó mesmo tempo, home da cultura, de espírito aberto e liberal, propiciou que se levara a cabo a xuntanza para manifestarlle a aqueles extraordi-

narios profesores o recoñecemento pola súa alta calidade educativa e a súa profunda humanidade.

Integráronse plenamente na Estrada e participaron en moitos aspectos da vida da nosa vila, organizando funcións teatrais e agrupacións musicais; realizando frecuentes excursións ós nosos pazos, castros, mámoas, igrexas e en xeral toda a nosa natureza, impartindo leccións de etnografía, arqueoloxía e epigrafía, estando sempre na cabeceira D. Antonio Fraguas.

Estaba dende había tempo na mente de todos os alumnos volver a reunirse con eles pois, polas circunstancias adversas do ano 1936, nin os profesores tiveron tempo de despedirse nin os alumnos de darlles as gracias.

Escribo este artigo porque, aínda que non cheguei a estudar no Instituto, deuse unha circunstancia que fixo que participara como un alumno máis.

Aconteceu que era un sábado do mes de agosto de 1959 cando cheguei á Estrada a pasar a fin de semana con meus pais, en compañía da miña dona e da miña filla maior de poucos meses. Atopeime na praza principal, hoxe Praza da Farola, con Manolo Sanmartín e Angel Señoráns, antigos alumnos do Instituto e organizadores da xuntanza que ía celebrarse o domingo seguinte. Estaban totalmente compunxidos porque acababan de recibir un telegrama de D. Antonio Fraguas desculpando a súa inasistencia. Ante esta situación, ofrecínome a ir con eles no meu coche a falar con D. Antonio na súa casa de Loureiro (Cotobade), pois eu xa estaba establecido de médico en Santiago onde tiña unha boa relación con el. Recibiunos moi amablemente pero, cando Manolo Sanmartín e Angel Señoráns lle dixeron que tiña que facer un esforzo para asistir o día seguinte á Estrada, él respondeu que non podía ir por non atoparse ben.

Entón dixenlle: "D. Antonio: eu, que non fun alumno daquel inesquecible instituto, veño aquí suplicarlle que vaia mañán á Estrada, porque hoxe cando cheguei de Santiago atopeime a todos os seus antigos alumnos totalmente desmoralizados pola súa ausencia cando tanto profesores como alumnos o consideran a vostede o máis representativo. Posiblemente, se non vai mañán á Estrada, os douscentos alumnos virán estar aquí con vostede. Gardou el un



Lección Maxistral impartida polo profesor don Antonio Lino. Á súa dereita, dona Mercedes Costa, don Antonio Fraguas e don Francisco Luque. Á esquerda, o párroco don Nicolás Mato e outros. Fotografía cortesía de don Manuel Docampo.

pouco de silencio e despois contestou que iría coa condición de que fose só un acto de confraternidade.

O domingo pola mañán foi buscalo Ismael Fernández Rodríguez (Maelo), ex alumno. Os douscentos alumnos e os profesores estaban esperando diante do Instituto, ubicado na rúa Serafín Pazo. O recibimento que lle fixeron foi un dos actos máis emocionantes que vivín na miña vida, todos os alumnos abrazándose a él, algúns chorando e don Antonio, moi feliz e sorrinte, abriu os seus brazos como querendo acollelos a todos no seu peito.

Xa dentro do Instituto, no Salón de Actos, os profesores impartiron todos unha lección, a derradeira lección.

D. Antonio Lino, o director entón, emocionado, foi o primeiro en falar e dixo: “Fue para mí una gran recompensa ser director de aquel inolvidable Instituto con unos alumnos tan respetuosos y disciplinados como vosotros; mi mujer y yo guardamos un gratísimo recuerdo de los años felices vividos en La Estrada”.





Profesores e ex alumnos diante do antigo Instituto, despois “Colegio Libre Adoptado Inmaculada Concepción”, na rúa Serafín Pazo. 1. Antonio Fraguas; 2. Sr. Castro; 3. Profesora Mercedes Costa; 4. Alfredo Fenollera; 5. Esposa de Antonio Lino; 6. Jesús Leis Camba; 7. Manuel Sanmartín; 8. Fernando Fernández Pazo; 9. Vicente Constenla; 10. Carlos Fernández Pazo; 11. Luis Martínez Gil; 12. Sr. Segade; 13. Emilio Paz; 14. Sr. Mato de la Fuente; 15. Mino Sanmartín; 16. Emilio Campos; 17. José Luis Fernández Pazo; 18. Señora de Vidal Abascal; 19. Manuel Rey Rábade; 20. Ricardo Sánchez; 21. Manuel Docampo Durán; 22. Manuel Losada Magariños; 23. Alfonso Varela Durán; 24. Manuel García Barros; 25. Ángel Señorán; 26. Hermitas Varela; 27. Maruja Campos; 28. Pepiña Varela; 29. Sr. Fariña; 30. Cita de La Mota; 31. Señora de Antonio Fraguas; 32. Antonio Lino; 33. Francisco Luque; 34. Enrique Vidal Abascal. Fotografía cortesía de Manuel Sanmartín. Agradecemos a información a Maruja Carlés, Maruja Campos, Jesús Leis, Manuel Docampo.

D. Leopoldo Mosquera Caramelo, comezou dicindo “vosotros sois mis verdaderos alumnos”, xa non puido continuar pois as bágoas afloraron aos seus ollos.

D^a. Mercedes Costa, manifestou: “Tengo un gran recuerdo del trato exquisito de la gente de La Estrada y me siento muy orgullosa de ser profesora de alumnos tan buenos como vosotros. Aquí, alumnos y profesores éramos como una verdadera familia. Os quiero”.

D. Enrique Vidal Abascal recordou o tempo feliz que pasou na Estrada e estivo de acordo con Mercedes Costa en que alumnos e profesores formabamos una auténtica familia, engadindo que foi aquí onde coñeceu á que ia ser súa esposa.

D. Antonio Fraguas mostrou a súa ledicia por volver a verlle a cara a todos os seus alumnos, agradecéndolles as mostras de afecto e de cariño con que o recibiron, dicindo a continuación: “La ilusión de todos nosotros era hacer de aquel Instituto un gran centro de enseñanza con amplia proyección cultural con unos alumnos tan receptivos como todos vosotros”.

D. Nicolás Mato, párroco da Estrada, que impartira clase de relixión, pediulle perdón aos alumnos que suspendera, cando en realidade non suspendeu a ninguén.

O profesor Francisco Luque Calzón, natural de Oviedo, deu unha lección maxistral que titulou “Lección de humildad”.

Dixo: “Cuando yo estaba de profesor aquí en La Estrada, aparte de las clases normales, daba clases nocturnas a obreros que no tenían la oportunidad de estudiar Bachillerato, y observé que uno de los obreros asimilaba muy bien las enseñanzas con muestras de una gran inteligencia. Me pareció oportuno llamar al padre y decirle que sería conveniente que su hijo, que ya tenía dieciséis años, estudiara bachillerato porque era muy aplicado y con una inteligencia superior a la media. Conseguimos que se le concediese una beca y así fue como comenzó los estudios y acabó el bachillerato en pocos años. Accedió luego a la Universidad, donde se licenció en Ciencias Químicas con un extraordinario expediente y llegó a ser profesor ayudante del catedrático D. Ignacio Ribas Marqués. Pasado un tiempo decidió opositar a Catedrático de Instituto, consiguiendo la cátedra del Instituto de Oviedo que estaba desempeñando yo como profesor auxiliar.



Profesores, ex alumnos e outros amigos ante a porta do Concello da Estrada. Fotografía cortesía de don Manuel Docampo.

Cuando me dijeron que venía un catedrático gallego, y para más abundamiento de La Estrada, me llevé una agradable sorpresa, que fue mayor al encontrarme con que aquel alumno de las clases nocturnas al que yo había apoyado para que estudiara bachillerato, se presentaba ahora como el catedrático y yo el adjunto de él. Una auténtica lección de humildad. El alumno se llama Serafín Novoa Quintas, que hoy está aquí presente en esta fraternal reunión. Añado que conservo un gran recuerdo de aquel Instituto y agradezco a mis alumnos que enviasen un informe muy favorable de mi”.

Tódolos profesores voltaron á Estrada con motivo de celebrarse o 50 aniversario do Instituto, sumándose tres profesores máis que non puideron asistir á xuntanza de 1959: o profesor Villafranca, o profesor Uxío Souto e un profesor de Zaragoza, do que non lembro o nome, pero os alumnos chamábanlle “Profesor Greenwich”.



Lembranzas da escola de antano

Juan Fernández Casal

jfcasal@hotmail.es

Debuxos de José Coto

Resumo. Ofrécenos Juan Fernández Casal, mestre xubilado e habitual colaborador desta revista, o testemuño fidedigno e próximo da vida, da difícil vida, daqueles mestres-pioneiros que, con dedicación case heroica, serviron escolas rurais nos recantos máis arredados de Galicia nunha época, afortunadamente xa superada, que os adiantos técnicos e servicios elementais (carreiteiras, luz eléctrica), brillaban pola súa ausencia. Tempos efectivamente duros e complicados que este mestre, e todos os mestres, afrontaron con espírito de servizo e vocación.

Abstract. Juan Fernández Casal, a retired teacher and a regular contributor to this magazine, give us a reliable testimony close to the difficult life of those pioneering teachers who, with almost heroic dedication, worked in rural schools in the most remote places of Galicia at a time, fortunately already overcome, in which technical advances and basic services (roads, electric light) were conspicuous by their absence. Indeed hard and complicated times this teacher, and all the teachers, faced with the spirit of service and vocation.

Limiar

No ano mil novecentos sesenta fun destinada a unha escola situada no interior da montaña ourensá, preto da raia de Zamora. Nas mañáns craras de invernía dende a miña casa víase brilar o sol no remoto cumio da Pena Trevinca. Aqueles invernos eran longos e crus, e o máis do tempo os campos permanecían baixo a neve e os camiños, que carreiteiras e pistas non había, duros co lazo. Había que repicalos con picarañas cando levaban as vacas beber á fonte, por mor de non estragaren as patas. Tampouco había luz eléctrica. Era frecuente oír oubear na noite o lobo famento que baixaba á aldea na procura dunha presa doada. A vida era dura e difícil para todos e especialmente para min, afeito ás doces terras do Ullán. Pero como tantos outros mestres e mestras, moitos deles anónimos heroes que deron o mellor de si mesmos aos alumnos e á sociedade, houben adaptarme a aquelas ermas soedades. E nos momentos de liberdade que me deixaban os labores da escola falaba coa xente e procuraba axudarlles, ali-

viar as súas mágoas, aconsellalos, acompañalos na súa dor e contentarme coas súas alegrías. Terras fragosas e arredadas poboadas de xente humilde e inmemoriais costumes coma o de someter a concello público as decisións importantes da parroquia. Tempos de illamento secular e incultura crónica afortunadamente superados.

Conservo daqueles tempos lembranzas abondo. Puxen por escrito para esta revista unha mancha delas. Algunhas, aquelas que afectan aos sentimentos máis fondos da alma, non sabería expresalas con palabras, e outras non podon nin debo contalas, marcharán comigo.

O raposo anda ós ovos

Serían as sete da tarde dun abafante mes de xuño cando chaman á porta. Abro e vexo tres rapaces da miña escola; dous deles levaban un raposo morto pendurado dun pau polas pernas, o outro era o encargado de petar nas portas e pedir a esmola. Abofé que se trataba dun fermoso animal que, según me contaran, matara o pai dun deles cando tentaba entrar no galiñeiro.

Como sabemos, o raposo é o peor inimigo das galiñas cando andan ceibas; mata todas as que pode, come unha e enterra as outras á espera de que o estómago lle quede libre e así, pouco e pouco, vai matando a fame. Polo tanto, raposo que se mata é galiña que vive, e ovos e carne para o cocido ou o pote do caldo. Por iso era costume andar os rapaces polas aldeas pedindo ovos co raposo morto. A xente dállelos contenta porque un raposo menos supón moitas galiñas máis.

Días despois da visita dos rapaces comentáballes o feito ao meu amigo e veciño de porta o señor Manuel o Ferreiro. Home calado e de poucas palabras, mirou para min e dixo, *mal lle vai ao raposo cando anda ós ovos*. E para que eu entendese cabalmente o sentido do dito engadíu, *cando un raposo vai morto encolgado nun pau e os rapaces piden ovos, como lle vai ir ao raposo?* Mal, moi mal, pensei eu para min, non lle podería ir peor.

O caso é que os meu espilidos alumnos levaron os ovos como mandaba o costume e axusteilles en catro pesos o pelexo do raposo, que máis tarde levei a un curtidor para que mo preparase ben. Aínda andou moitos anos pola casa facendo de alfombra.

Enfermos e enterros

Moitas veces teño cavilado nas grandes penalidades que pasabamos os mestres das escolas rurais de antano, e máis as nosas familias, sen luz eléctrica, sen carreteiras nin vida social... O médico chamábase só en casos de extrema necesidade e, ás veces, xa non podía facer nada polo doente. Como eu era practicante e tiña, polo tanto, coñecementos básicos de medicina, e porque me gustaba axudar á xente fóra das horas de escola, acudía á casa dos enfermos cando mo pedían. Antes de chamaren ao médico (case sempre por indicación miña), visitaba eu ao doente na súa casa.



Lémbrome moi ben dun caso. Era un meniño de catro anos que me traen á casa con febre moi alta. Polos síntomas sospeitei que se trataba de difteria, mal moi frecuente naquela parte da provincia de Ourense que linda xa con Zamora. Inmediatamente lles dixen aos pais que marchasen con el ao médico e que o fixesen con toda urxencia porque a vida do meniño estaba en perigo. Engadín que dúas horas xa sería moito tardar. Tiñan o cabalo no monte e tardaron catro horas en traelo, unha en acomodar ao enfermo na montura e outra hora en chegar á vila. O médico confirma o meu diagnóstico; adminístralle soro antidiftérico e mándao para a casa. Aos dous días recae e entra en periodo de coma. O pobriño tardou unha hora en morrer. Adornaron con flores o seu cadáver na cama, como era o costume daquela aldea, e ao outro día fórono enterrar. Era o catro de xuño. O camposanto estaba nun lugar arredado, no alto da aldea. Cadrou naquel día unha nevarada serodia. Camiñabamos a modo, estremecidos de frío. O meniño levábao seu pai ao lombo nun cada-leito de madeira. Non había cura. Enterrouse o neno e regresamos á aldea. Cheguei á casa coas mans tolleitas e a alma aterecida.



Os lobos na aldea

Eran moi frecuentes as nevadas naquela aldea perdida onde exercín de mestre dous anos. Lembro nevadas que duraban dúas semanas con folerpas tan grandes que semellaban bolboretas brancas. Todos coñecemos o ruído da choiva cando peta nos tellados e pensamos que a neve, cando cae, é silandeira. Non é así, a neve besbesella suave, lenemente, hai que

prestar atención para oír o seu murmurio. O besbesello da neve éncheo todo, non sabes nunca de onde ven, parece un misterio. De vez en cando o ladro dun can rompe o silencio da noite. Outro can de máis lonxe contéstalle, e outro e outro máis se unen ao coro canino.

Por veces os cans calan de súpeto. Daquela xa todos sabemos que o lobo ronda pola aldea na procura dun bocado. As portas das casas, das cortes das vacas, dos cortellos das ovellas e as cabras están ben fechados. Buscan entonces un bocado máis doado: os cans. Hai ben poucos cans que non teman ao lobo, moi poucos. A meirande parte deles ao ver o lobo de preto nin sequera foxen, nin se laian. Ao día seguinte os rapaces traen a nova á escola; o lobo comeu o can de Xe de Orosa, e máis o de María a Moína.

Unha vez, pola mañá cedo, ao dereito de me erguer, vin as pasadas do lobo arredor da miña casa. Pero o lobo case nunca ataca aos homes, tampouco o teme demasiado; el anda á súa vida.

A imaxe da santa

En Seoane había unha imaxe da Virxe que estaba decote na casa de Xe de Orosa, alá no máis alto da aldea. A xente do pobo encomendáralle a este home a importante misión de sacar a Virxe á ventá cando se achegaba unha tormenta. E el cumpría puntualmente tan importante cometido. Crían de boa fe que a santa desfacía as tronadas, trebóns e sarabias. Na miña estadía de dous anos naquela afas-

tada aldea sufrín trebóns, choivas e neves. Pedrazo que partía o louzado das casa e sarabias que esgazaban as árbores e estragaban as colleitas de trigo e centeo. Aínda hoxe non sei cal foi o fallo, se foi da Virxe ou de Xosé de Orosa. Poida que este home esquecera de poñer a Virxe, ou a colocara nunha ventá equivocada.

As lavandeiras

A meirande parte dos días, ao remate da escola da tarde, saía a algunhas casas visitar enfermos. Entraba en moitas, en case todas

as casas da aldea. Só nunha tiña vedada a entrada, na de Xe de Orosa, que se declarara inimigo meu por dubidar do seu poder (e máis da imaxe da Virxe) para desfacer trebóns e tempestades. A parte de abaixo daquelas casas aldeás era compartida, metade e metade, pola cociña, coa súa lareira, e as cortes das vacas. Animais e humanos compartían tamén a única entrada. A parte superior da vivenda, o sobrado, formaba unha peza única onde durmía toda a familia. Nalgunha casa teño visto uns tabiques febles feitos de canizo para separar algún cuarto, case sempre o dormitorio matrimonial. O sobrado e todas as estanzas enchíanse de fume cando ardía o lume na lareira porque as casas non tiñan cheminea. As paredes eran de pedregullo mal asentado e tiñan buratos e rendixas por onde entraba o vento e nos días de ventisca a neve, que formaba montonciños no chan. Nalgunhas casas poñían paraugas ou farrapeiros para protexerse da neve e da choiva. Tamén teño visto pitas durmindo aos pés da cama, así dábanse calor os humanos e os animais.

Chamábame moito a atención o cheiro inconfundible da roupa sucia que van amontoando nun recanto da casa ata que chega o tempo da lavadura. Naquela aldea da montaña facían dúas lavadu-



ras ao ano, en maio e setembro, nas dúas primaveras como eles dicían. O motivo é que antes de maio as augas do río viñan moi frías e no verán era tanto o traballo do campo que non había tempo para aquela tarefa. Habendo tanta roupa amontoada precisaban dispoñer de moitas mudas. A posesión de abondosas mudas era alá un indicador da riqueza da familia.

Teño presenciado algunhas sesións de lavado ao pé do río. Era aquel un labor colectivo. Non empregaban xabazón, que substituían por unhas herbas que medraban nas brañas e ribeiras. Queimaban estas plantas e coa borralla facían a bogada. Van alá máis de cincuenta anos, pero lembro aínda con claridade aquelas trinta ou corenta mulleres lavando na roupa mentres latricaban en voz alta, e aqueles prados montesíos cubertos de roupa branca, que mesmo parecía que nevara.



A meiga do Outeiro

Era pola noitiña dun morno día de maio. Preto da aldea, na cima do Outeiro estaba a Tía Manela facendo os seus rezos. Todos os días subía aquela muller a aquel altor dende onde se enxergaba toda a aldea e dende alí rezaba por todos, animais e facenda, polas colleitas, pola ánimas todas e pola xente viva. A primeira vez que a vin pareceume un asceta en oración, axeonllada nunha laxe cos brazos erguidos cara o ceo e debullando rezos nunha fala incomprendible que tiña

algo de latín, galego e castelán. De cando en cando debruzábase no chan, batía as mans contra a laxe e daquela erguíase cambiando de orientación. E volta co mesmo ritual. Souben polos veciños que a Tía Manela herdara dos seus maiores a obriga de implorar a protección da aldea e por iso era moi respetada. Por suposto, ela estaba dispensada dos labores comunitarios pois xa levaba traballo abondo.

Pasado algún tempo acabei afacéndome á meiga e aínda hoxe fechos os ollos e véxoa no alto do Outeiro, tráxica e miúda, facendo os seus rezos e protexéndonos de todo mal.

Os lobos van de caza

Foi a mediados de xuño cando presenciei a maior desfeita que os lobos causaran naquela comarca. Os dous pastores encargados de gardar as ovellas no monte, cansados de durmir no chan, acordaron deixar o gando no curro e facer noite nas súas casas, a uns quilómetros de distancia. O curro era un reduto rectangular de pedra con paredes de cerca de tres metros de altura e cunha soa entrada, moi estreita, que se atrancaba ben pola noite para que non entrase o lobo. Deixaron alí as ovellas despois de asegurar ben a porta pensando que o lobo non daría saltado aquela altura.

Pero todo resultou inútil para aqueles astutos e fortes animais. Á mañá, cando os pastores regresan, encontran un espectáculo terrorífico. Só vinte das duascenas ovellas foran respectadas polas alimañas, trinta agonizaban coa gorxa tronzada polos mordiscos. Todas as demais estaban mortas. Según contaban os veciños, foron dous lobos os que fixeron aquela matanza. Dicíanme que o lobo, cando ten presa doada, mata a oito aínda que estea farto e xa non precise comida. E como son moi intelixentes, polo olfato souberon que non había homes cerca. Ninguén se explicaba como fixeron para entrar, precisaron dar un salto grandísimo para superar o muro. Para saír tivérono máis doado, amontoaron varias ovellas a carón da parede e fuxiron por alí, levando, de paso, cadansúa ovella.

Aínda lembro os laios das mulleres ao veren aquel dantesco espectáculo. E lembro tamén a calor e aquel fedor abafante. Meu fillo e máis eu subimos ata alá arriba. Lamentei non ter unha cámara fotográfica para rexistrar aquelas esceas terribles. O que non sei é o que lles pasaría aos pobres e irresponsables pastores.



Seis cartas (tres inéditas) de Virxinia Pereira Renda (de Castelao) á familia de Ramón Otero Pedrayo (1948-1957)

Xesús Alonso Montero

Resumo. Hai cen anos, en outubro de 1912, casan na vila da Estrada Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Virxinia Pereira Renda, esposa, nai e tamén autora de multitude de cartas escritas cun estilo claro, directo e orixinal. Alonso Montero, bo coñecedor da actividade epistolográfica de Virxinia, ofrécenos unha interesante achega desta faceta pouco coñecida da esposa de Castelao, facéndoa coincidir, a modo de particular homenaxe ó matrimonio, co centenario do casamento.

Abstract. One hundred years ago, in 1912, in A Estrada, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao married Virxinia Pereira Renda, wife, mother and also author of many letters written in an original, direct and clear style. Alonso Montero, a great expert on Virxinia's work, approaches us to this no very well-known activity of Castelao's wife, making a special tribute because of the marriage centenary.

Para Dolores Araújo Arias ("Noni"), xenerosa estradense que axudou con agarimo e eficacia a dona Virxinia en datas nas que escaseaban os apoios e a comprensión.

1. Consideracións sobre o epistolario e a autora

1.1. Está por facer a biografía de Virxinia Pereira Renda (A Estrada, 20.10.1884-Madrid, 23.12.1969), un libro que sería moi útil mesmo para entender mellor a vida e a obra política de Castelao á sombra do cal viviu desde que casaron n'A Estrada o 19 de outubro de 1912. Para unha señorita de vila, de familia moi conservadora e de escasa instrución, tivo que ser unha proba difícil acompañar a un home obrigado polas circunstancias a asumir tarefas e responsabilidades problemáticas en escenarios e tempos tan arriscados como os da Guerra Civil e o exilio. Foi no exilio, desde o mesmo 1939, onde Castelao, con 53 anos, se converte no líder espiritual indiscutible da galegitude e no símbolo (activo) do galeguismo republicano na diáspora, nomeadamente na americana.

Non fai falta sermos profetas (do pasado) para afirmar que don Camilo Pereira Freijenedo, avogado acaudalado e seareiro do casino, non educou a ningunha das sete fillas para seren compañeiras dun político pouco tradicionalista disposto a asumir compromisos e riscos moi distintos das inquiredanzas daquel fogar estradense. Don Camilo Pereira e dona Peregrina Renda casaron a súa filla Virxinia cun médico, profesión respectable e de certo prestixio social para unha señorita vilega educada para matriarcar un fogar, ter fillos e gobernar a casa “con aquel de señorío”. Dona Peregrina e don Camilo tardaron en dar o seu visto e prace, que fixeron con reservas, un chisco (ou un moito) preocupados polas andanzas artísticas daquel médico que tamén debuxaba e pintaba, ás veces, estampas un pouco desacougantes para o estamento dos ben pensantes ó que pertencían. Os pais da noiva non se trabucaban moito, pois Castelao, xa xenro, no tardou en deixar a Medicina para facerse humilde funcionario de Estatística e así ter tempo e facilidades para dedicarse, case en corpo e alma, á actividade artística, unha actividade moi vencellada, no seu caso, ó acontecer político-social.

Cando se produce o estoupido da Sublevación militar e a Guerra Civil, Virxinia xa está preparada, en parte, para sucesos e un tipo de vida que nin sospeitaban dona Peregrina e don Camilo, e digo, en parte, porque, o futuro, desde o verán do 36, deparoulle ó matrimonio Castelao-Pereira experiencias duras e doorosas, coas que, en principio, non contaban. En todas elas estivo a compañeira, acompañando a Daniel nos dificultísimos transos da guerra e nas viaxes á URSS, a Estados Unidos, a Cuba, á Arxentina e a Francia, onde foi efémero ministro sen carteira dun problemático goberno da República no exilio.

Cómpre, en efecto, facer a biografía de dona Virxinia. É certo que, en libros e estudos sobre Castelao, atopamos referencias a ela, inevitables case sempre. Quizais o traballo que máis datos achega sobre a consorte estradense máis ilustre sexa un de Olimpio Arca Caldas publicado nesta revista hai trece anos¹. Dese artigo convén

1 “As dúas mulleres de Castelao”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 2, 1999. (A outra muller, neste traballo, é a nai).



Os pais de dona Virxinia: don Camilo Pereira Freijenedo e dona Peregrina Renda López.

reter un dato: que “Virxinia, o mesmo que súas irmás, recibe os primeiros contactos coas letras da man dun mestre particular que seu pai contratara para a educación daquela numerosa prole” (dez fillos, os tres últimos, varóns). Nestas circunstancias non era posible acadar unha instrución moi elevada. Daquela eran moi contadas as señoritas vilegas que estudaban o bacharelato. Porén, a lectura destas e doutras cartas proban que Virxinia non estaba indotada para a escrita, dotes que foi perfeccionando, obviamente, ó longo dunha vida á beira dun insigne home de letras e en relación, *velis nolis*, con moitas persoas ilustradas.

O futuro biógrafo terá que procurar, en certos epistolarios, referencias a dona Virxinia, algunhas un pouco desconcertantes. Nunha carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor lemos: “En cuanto a lo de Castelao, veo que repite matemáticamente lo de Nueva York. Eso de encerrarse en el “círculo de familias” no es voluntad suya. Conozco el paño. Es la pobre señora que es su mujer que no lo deja mover, ni salir solo, ni ir a ningún lado sin ella porque –aunque te asombre– es terriblemente celosa. Si lo sabré yo. Lo de que no intervenga en los medios intelectuales y artísticos criollos en los que nadie mejor que tú podría introducirlo, me parece un desatino”

(12.11.1940)². Que fose tan celosa é algo que ninguén tiña dito, nin sequera Paz-Andrade, quen, na súa monumental biografía, alude, con moita diplomacia, a unha aventura amorosa pontevedresa do biografado. Celosa ou non, fáisenos moi difícil pensar que, no Buenos Aires de 1940, condicionara tan fortemente as relacións intelectuais do seu home.

Nunha carta case contempoánea, escríbelle Ernesto Guerra da Cal ó propio Blanco-Amor: “De Castelao tampoco sé más que indirectamente. Es lástima que un hombre tan grande sea tan pequeño en algunas cosas. Aquí [Nova Yorque], estuvo diciendo misas estalinistas de pontifical todo el tiempo. Esto hizo que nuestras relaciones, cordiales a pesar de todo, no lo fueran tanto como antes. Es hombre de reacciones acentuadamente ováricas, quizás por una excesiva permeación con el delicado pontevedrismo femenino de Virginia, que es uno de los seres que con más facilidad se le sientan a uno en el hipogastrio” (xullo, 1941)³.

En calquera caso, a visión que os dous escritores galegos dan de dona Virxinia é a dunha esposa que non foi unha miñaxoia insignificante na vida do seu home, aínda que tanto Guerra da Cal como Suárez Picallo non teñan toda a razón no retrato, bastante negativo, que fan dela.

Volvéndonos ó artigo de Olimpio Arca, cómpre reter tamén estas palabras referidas ós primeiros encontros de Virxinia e Castelao en Santiago de Compostela: “Este sente un primeiro impulso e devaneo por Eva [irmá], pero, como xa estaba comprometida, Castelao consegue unhas consentidas paroladas con Virxinia” (pax. 30). Quizais houbo algo máis. De todos os xeitos, a Virxinia, coa que imos bater nas presentes páxinas é a muller angustiada pola enfermidade do home (na primeira carta) e pola súa morte (nas restantes). Viviu nesa angustia desde xaneiro de 1950, e para recordar e honrar a Castelao nos dezanove anos que o sobreviviu. Dona Virxinia morreu en Madrid o 23 de outubro de 1969 nun sanatorio, o Rúber, onde foi

2 Fragmento reproducido no meu libro *Castelao na Unión Soviética en 1938 (Filocomunismo e prosovietismo de Castelao nos anos da Guerra Civil)*, Vigo, Xerais, 2012, pax. 171.

3 Op. Cit. Pax. 172.

obxecto das máximas atencións mercé á sensibilidade e á economía de Álvaro Gil Varela (1905-1980), empresario galeguista, amigo de Castelao desde os anos pontevedreses da II República.

1.2. O epistolario de Virxinia Pereira

Na biblioteca Penzol (Vigo) custódiense as cartas enviadas desde distintos lugares por dona Virxinia a Ramón Otero Pedrayo, se ben, no encabezamento, ás veces, os destinatarios mencionados son dous, Ramón e Fita, hipocorístico de Josefina Bustamante Muñoz, esposa de Otero Pedrayo⁴. A ela, na mesma biblioteca, obran catro cartas, todas en castelán, unha sen data e as restantes de 1948, 1959 e 1960. Reproducimos neste traballo a de 1948. Tanto nas cartas a Fita como a don Ramón, sempre hai lembranzas fervorosas para dona Eladia Pedrayo Ansoar, nai de Otero Pedrayo. Na Penzol custódiense corenta cartas de dona Virxinia a don Ramón, escritas entre o 6 de abril de 1950 e o 26 de setembro de 1969, esta desde Madrid, tres meses antes do seu pasamento. Tamén obran na Penzol tres telegramas asinados por “irmáns” de Buenos Aires (Rodolfo Prada, Manuel Puente, Suárez Picallo...), entre eles, Virxinia. Son telegramas redactados en datas moi importantes para Otero Pedrayo: en marzo de 1957, co gallo da morte de dona Eladia, expresan a “nosa garimosa solidariedade na súa dor”; o 5 de marzo de 1958, co gallo da xubilación académica, saúdanlo “con afervoado patriotismo... na culminación froitífera laboura universitaria”, e o 2 de marzo de 1968, no seu oitenta aniversario, fanlle “compaña espritoal ao esgrevio dianteiro da cultura”.

De Virxinia Pereira coñecemos outro breve texto epistolar nunha postal enviada por Castelao, desde París, a Otero: “Un saúdo para Vde. E para as mulleres mil apertas.- Virxinia”.

Este corpus epistolar expresa con elocuencia o amor e a devoción que dona Virxinia sentía por Castelao, e expresa con paixón a orfandade que ela viviu, sobre todo nos primeiros tempos, desde a

4 Fita, santanderina, casou con don Ramón en Toranzo (Ontaneda), o 6 de agosto de 1923. Faleceu en Ourense en 1975, un ano antes que don Ramón.



Dona Virxinia Pereira.

morte do seu Daniel. Sería unha beizón para as Letras galegas que unha institución publicase o corpus epistolar de Virxinia Pereira. Excelente epistológrafa, a literatura galega engadiría un nome valioso ó elenco das súas escritoras. Que fai o Concello d'A Estrada? Morto Castelao, escribe dona Virxinia a don Ramón cartas angustiosas, consciente de que escribe a un destinatario que era, para o seu Daniel, un "irmán" na causa e un irmán nos afectos fondos. Ante este destinatario, dona Virxinia non se couda. Tampouco perde a obxectividade pois é capaz de mencionar ás persoas que en Buenos Aires a axudaron en transos tan penosos e trataron de consolala. É xusta con eles, e así llo fai saber a don Ramón, e así nolo

fai saber. En efecto, estas cartas son, tamén, importantísimos documentos históricos. Por elas sabemos o que fai Castelao para a colectividade galega, qué compatriotas colaboraron na edición dos libros póstumos do escritor, qué persoas se entregaron á tarefa de perpetuar a súa memoria...

É mágoa, grande mágoa, que non se conserven as moitas cartas que Otero Pedrayo escribiu a Castelao nos trece ou catorce meses da súa doenza nin tampouco as que lle escribiu a dona Virxinia, moitas, tamén, nos anos 1950 e 1951. *Ubi sunt? Ú-las?* Supoño que paga a pena procuralas entre os herdeiros de Rodolfo Prada e Álvaro Gil. Quen coñeza a excelsa epistolografía de Otero Pedrayo e o compromiso moral asumido por el ante a enfermidade e a morte do seu irmán, terá a evidencia de que tales cartas teñen que ser maxistrais. Nalgunhas respostas de dona Virxinia hai recoñecementos moi significativos. Que fermoso e conmovedor volume o que acolla, no seu día, as cartas cruzadas de dona Virxinia e don Ramón! Na dimensión

estritamente documental, sería un volume moi valioso para coñecer a sona póstuma de Castelao: como viviu este gran cidadán no corazón e unha conciencia dos galegos de aquén e alén mar desde o 7 de xaneiro de 1950, data da súa morte.

Voltándonos ó epistolario de Virxinia Pereira, cómpre engadir unha carta que escribiu ás irmás de Castelao, desde Nova Iorque, o 29 de abril de 1940. En castelán, asínaa co pseudónimo de Manuela, subterfuxio para facer saber á familia, sen comprometela, que están ben (polo menos, vivos). Publicada está nas *Obras*, no tomo *Epistolario*⁵. Tamén para este xénero epistolar tiña xeito Virxinia Pereira. Sábese que hai outras cartas de Manuela.

Das seis cartas que hoxe ofrecemos, tres non son inéditas. Publiqueinas eu, hai seis anos, nunha colectánea epistolar sobre a enfermidade e a morte de Castelao⁶. Son a II, a III e a IV. Nese volume exhumo tres cartas máis: 3.7.1951, 20.6.1952 e 25.4.1953. Todas elas escritas desde Buenos Aires cando aínda sente a orfandade de xeito moi intenso.

Hai cartas, bastantes posteriores, escritas desde distintos lugares de España: A Estrada, Vigo, Salamanca, Madrid. Sabido é que fixo dúas viaxes, unha no período 1962-1963, e outra no período 1966-1969. Visitou parentes e amigos e arranxou ou tratou de arranxar algunha cousas. Lonxe, xa, a data da morte de Castelao, sempre lembrado, a autora dá noticias e fai comentarios nunha prosa que non desmerece da das primeiras cartas. Tamén nesta ocasión don Ramón



Tere Vicente e Noni Araújo visitando a Tereixa Castelao, Rianxo, 15.10.1999.

5 Vigo, Galaxia, 2000, pp. 350-51.

6 *Laio polo irmán ausente. Castelao no epistolario de Otero Pedraio e outras voces.* Galaxia, 2006.



No camposanto da Estrada descansan, unidos xa para sempre, Virxinia Pereira e o seu fillo Alfonso Rodríguez-Castelao Pereira (1914-1928).

Otero Pedrayo é o mellor destinatario e confidente. En certo modo, é a el a quen debemos a existencia desta excelente epistológrafa.

2. As seis cartas

Respectamos, na presente edición, a lingua da autora no léxico e na gramática; en canto á grafía, a nosa intervención é pequena, tan pequena que mesmo respectamos algúns usos da época (pol-o, de iste...). No léxico —insisto— respectamos formas como “outo”, “iñorme”, que nos escasean nas plumas ilustres do seu tempo. A miña intervención gráfica, nun 95 %, limitouse a poñer til, no canto de punto, en voces con i (Valentín, eiquí...). Esta “eiva” da autora supoño que ten unha explicación mecánica: o tipo de máquina empregada. Volvéndomos á gramática, en nota sinalo algún cheísmo e algún teísmo, pecados veniais na época.

En realidade, a maioría das notas, trinta e cinco, son doutro carácter: biográficas, bibliográficas, históricas... Penso que unha boa parte delas son necesarias para unha axeitada comprensión de determinados fragmentos do epistolario: sobre a cátedra de Xeografía (1950), sobre a actriz María Casares (1957), etc.

Carta I

Muy querida y siempre recordada Fita: esperando tiempo tras tiempo tu anunciada y deseada carta que no acaba de llegar, me decido romper yo este silencio que ya va siendo demasiado largo, a pesar de lo cual puedo asegurarte que os tenemos constantemente en nuestro recuerdo y en nuestros corazones, como por otro lado no perdemos oportunidad de enterarnos de vuestra vida. La enorme emoción que nos dejó vuestra visita, (que a veces se nos antoja que fue un hermoso sueño), está latente todavía, y no podemos consolarnos de no haber podido disfrutar más de vuestra siempre tan gratísima compañía. Vale decir, que fue algo así, como cuando a un goloso le ponen un buen dulce cerca de la boca, y se lo arrebatan en el momento que está pronto para el *ataque*. Y bueno, tengamos paciencia, esperando confiados que se produzca otra oportunidad como la anterior, y será entonces cuando podamos desquitarnos de lo que ahora nos fue vedado⁷.

Volviendo a lo de tu carta te diré que la esperaba con mucha ilusión, para saber detalles de vuestro viaje, y de la alegría de todos los de ahí al teneros nuevamente entre ellos, sobre todo la entrevista con Dña. Eladia, quien me figuro os habrá recibido con lágrimas en los ojos. El tiempo que pasó sin vosotros la habrá parecido interminable, y seguramente habrá tenido que palparos bien, para convenirse de que erais los mismos. Dile que Daniel y yo la recordamos siempre con muchísimo cariño, y firme la esperanza de que algún día volveremos a dar otra vuelta por esa maravillosa finca de Trasalba. Dios quiera que así sea AMÉN.

Hazme también el favor de decirle a Ramón que Daniel recibió varias cartas tuyas que nos hicieron llorar a los dos⁸. Es buenísimo ese amigo, y Dios le pague con creces su incalculable bondad y su inmenso corazón. El motivo de no haber contestado todavía a dichas cartas, es su estado de salud, que no le deja entrar en caja, y lo tiene bas-

7 Refírese ó breve encontro que os dous matrimonios tiveron, durante horas, en Buenos Aires, o 4 de setembro de 1947, e á despedida o día 5. Castelao acababa de chegar, da súa peripecia como ministro, de París, e Otero xa levaba na Arxentina, como conferenciante, dous meses. No libro *Por os vieiros da saudade* escribe don Ramón: "O día 5 de setembro de 1946 (*sic*), apertei contra o noso corazón por derradeira vez o corpo de Castelao nunha rúa calquera de Buenos aires". (Galaxia, 1952, p. 198).

8 Algo antes, pois, da enfermidade de Castelao xa don Ramón lle escribiu varias cartas.

tante bajo de ánimo. Ahora, sin embargo, parece tiende a mejorar un poco, pues como le hicieron análisis, encontrándole urea en la sangre, se puso en tratamiento y a régimen de comidas a las que la enfermedad responde bastante bien, habiendo incluso ponerse en la normal. La presión, muy baja, sigue más o menos lo mismo, pero confiamos en que todo se ha de arreglar. Empezó también con el tratamiento de la penicilina, en la que tiene gran fe, incluso para su padecimiento de la vista, y aunque es muy mortificante, (un pinchazo cada tres horas en el almohadón, que por cierto ya parece un colador lleno de agujeritos) él lo tolera todo valientemente, porque además de que es muy sufrido, espera que esto al final dará buenos frutos. Ojalá que, siquiera esto, le salga bien. El total de inyecciones a llevar, es de 135, una cada tres horas sin alterar el orden, hasta terminar la dosis. Como yo soy la enfermera, puedes figurarte mi dolor de corazón cuando actúo de "verdugo". Parezo un *profesional*, porque por lo visto pincho admirablemente, con serenidad y coraje, que es como mejor sale eso. Nada, que tomé en serio el cargo que me impusieron, y al terminar con Daniel, voy a tener que seguir pinchando donde sea y como sea. Yo sigo como siempre tirando de la vida, y sacando fuerzas de donde puedo, pues cuando lo veo sufrir a él, me acobardo y me aflijo mucho, pero no tengo más remedio que sobreponerme⁹. Esta admirable y buena amiga (la mujer de Prada) que Dios me deparó, es para mí como una verdadera hermana, y mi paño de lágrimas en mis momentos de flojera¹⁰. Estamos juntas cada día, como estábamos tú y yo en Madrid, jugando como entonces a nuestro tute que no perdonamos por nada ni por nadie¹¹. Ya es famoso nuestro tute entre nuestras amistades, y no podemos ocultar a los ojos de nadie este vergonzoso vicio que tanto nos domina. Gracias que sólo jugamos por amor al arte y sin más interés que el "amor" propio, de lo contrario, tendríamos el repudio unánime de las gentes.

9 Todos os biógrafos afirman que foi en marzo de 1949 cando os médicos emitiron o terrible diagnóstico: cancro de pulmón. Dona Virxinia, nunha das cartas, fala dos "trece meses derradeiros" da súa cruel doencia (6-4-1950), o que nos leva a pensar que xa estaba moi grave en xaneiro de 1949. Así pois, en abril de 1948, estaba nos preliminares da doenza.

10 Rodolfo Prada Chamochín (A Peroxa, 1892-Buenos Aires, 1980), vello galeguista, foi o gran valedor na Arxentina de Castelao; tamén foi o seu mentor, en ocasións.

11 Otero Pedrayo e Castelao foron deputados na primeira lexislatura republicana (1931-1933). Ás veces acompañábanos a Madrid as súas esposas.

Recibimos carta de mis cuñadas, en la que manifestaban su gran ilusión de veros para que les contarais muchas cosas de aquí y de nosotros. No sabemos si por fin os habéis visto con ellas o no¹². Mis hermanas nos dicen exactamente lo mismo, pero añaden que mientras no tengan la alegría de veros personalmente, se consuelan con una carta que Ramón le escribió a Valentín, hablándole largo de nosotros, cuya carta les hizo llegar, y de la que ellas hicieron copia para conservarla¹³. También supimos de vosotros, y de un gran resfrío que Ramón tuvo, por un común amigo de Santiago de Compostela, deseando de corazón se encuentre ya repuesto por completo.

De las cosas de aquí, poco o nada interesante puedo contar, porque como durante el verano quedan suspendidas todas las actividades, para concentrarse la gente en playas y sierras, resulta que a estas fechas todavía andan desperdigados muchos, aprovechando (como dicen por *acá*,) los últimos “puchitos” de la estación, que a decir verdad pasó sin pena ni gloria, ya que el calor se hizo valer este año. Ahora ya estamos con el otoño encima, y por las apariencias, tengo el palpito de que va a correr pareja con el verano que se nos fue, ya que apenas disfrutamos de un par de días buenos. En cambio vosotros estáis ya en franca primavera, que ahí suele tener tantos encantos, y quiera Dios que los tres podáis disfrutarla plenos de salud y alegría.

Bueno, querida mía, te dejo por hoy, confiada en que esta carta tendrá contestación, una contestación muy pero muy extensa, porque tú cuentas con tela suficiente para cortar por largo.

Recibir los tres nuestros cariños, con un fuerte abrazo de esta amiga de siempre que te recuerda y quiere¹⁴.

Virginia

Buenos aires 8-4-1948

12 Teresa (1898-2000) e Josefina (1897-1974). Don Ramón visitábaas con certa frecuencia.

13 Sen dúbida, Valentín Paz-Andrade.

14 Nesta carta hai unha nota manuscrita (ien castelán!) asinada por Castelao. Esta: Un abrazo muy fuerte para doña Eladía y vosotros. Tengo que escribirte, Ramón. No lo hice porque tengo que decirte algo que ya va saliendo de mis dudas. ¡No sabes cuánto agradezco tus ofrecimientos! Para poder utilizarlos daría... (no tengo nada que dar, porque todo lo que tengo es la esperanza de morir ahí). Procuraremos vivir muchos años, a ver si la esperanza se cumple. Ya te escribiré con alegría. Más abrazos. Daniel.

Carta II

Bos Aires 6 de abril 1950

Sr. Don Ramón Otero Pedraio

Ourense

Meu querido e lembrado amigo: Pol-o noso bon irmán Rodolfo Prada, chegou a min súa tan garimosa como estimadísima carta, que lle agradecín de todo corazón. Non por habela recibido un pouco tarde, podía eu creer que vostede¹⁵ non se decatara do meu door, de este inmenso e gran door, ante a morte nunca ben chorada do meu entrañable Daniel, que foi o máis leal e bondadoso compañeiro dos nosos trinta e oito anos de vida, ao que tamén eu lle consagrara a miña por enteiro, sobre todo no triste rodar dos trece meses derradeiros da súa cruel doencia, en que día a día, minuto a minuto, compartín aqueles seus grandes sufrimentos, físico e moral, que tan clavados levo no meu corazón. ¡Meu Daniel! ¡Cantas fondas lembranzas me deixas!¹⁶

Sei que Prada lle mandou a vostede unha longa carta informativa, en col do tan desventurado suceso, que cada vez paréceme máis un triste soño, do que xa desgraciadamente non voltarei a despertar endexamais¹⁷. I eu tamén quixera contarlle a vostede moitísimas cousas, da vida, pasión e morte, de aquel castigado santo, a quen a mala fada non lle regateou ren en cuestión de padecementos, pero nin ánimos teño para facelo, nin tampouco o meu sentido, que anda como perdido, me axuda nada, despois do golpe demasiado forte que recibín, coa perda de aquela vida que eu coidara con tanto agarimo, e o mellor do meu amor, e que tanto arelaba ver feliz. Vostede tamén perdeu con el ao seu irmanciño máximo, pois do moito que lle quería, ao seu sempre recordado Ramón, nadie como eu, pode dar fe.

15 Como na postal de 1935, trata a Otero de vostede. Na seguinte carta, catro meses despois, atúao (trátao de ti). A explicación quizais estea nunha carta —disuasoria— de don Ramón.

16 V. n. 9.

17 Esa carta, do 20 de febreiro de 1950, circoulou copiada na Galicia daquel ano. Ocupa 15 páxinas na colectánea por min editada, *Laio polo irmán ausente*, (pp. 67-83). Nela comúncalle: "Virxinia seguirá vivindo no mesmo departamento que vostede coñeceu, hastra que ela dispoña voltar á Terra. A súa decisión (adoitada espontaneamente, interpretando fidelmente o desexo de il) é de voltar somentes cando leve o cadavre á Terra, chegada a súa debida hora" (pax. 79).

Cada carta que chegaba de vostede, era recibida con un “loado sea Deus” e mentres eu lla leía, el sentíase ledado e como remozado, aínda que de pronto unhas bágoas saltábanlle dos ollos, que eu caladamente lle limpiaba, sin querer romper aquel silencio en que quedaba, que era como unha meditación. De pronto decía con moita morriña, “Trasalba, Trasalba, coa túa lus de quinqué, ¿voltarei algún día a mirarche?”¹⁸. Outras se preguntaba, “¿saberá Ramón que eu estou tan doente, e que esta é a razón de que non poida escribirlle?” I eisí, dalle que lle das, era o seu constante matinar. Nada lle digo da ilusión iñorme, que o probe tiña, esperando a súa cadeira na Universidade da cidade do Apóstolo, pois basta con que seipa, que esa era unha das cousas por el máis codiciadas. E agora... Agora todo é silencio e orfandade sin el, e a miña vida, da que vou tirando camiño arriba nesta súa ausencia, tenme abrumada, e non sei como poderei seguila arranxando. Deus, que está no segredo de toda-las cousas, saberá por que tiña que pasarnos tanto mal, e sobre todo, por que o meu Danieliño, que era de tan inmensa bondade, tuvo que sufrir tanto, e con tan refinado ensañamento, para logo ser premiado de ese modo. A miña cativa intelixencia non me dá para comprendelo, mais tampouco intento “PROFUNDAR” demasiado, para non perde-la fe, que tanto necesito nestes intres ben difíciles de soportar¹⁹. Acato pois, cos ollos ben pechados, os seus sagrados designios (que tan caros me custan) logrando vencerme e sosterme serea, sin deixarme levar da desesperación. Aínda eisí, eu prégole que disculpe un pouco esta especie de pequena rebeldía nacida dun gran door, na seguridade de que con ninguén falo eisí, como non sexa tan bo como vostede, tan comprensivo e tan humán, para xuzgar con altura e caridade, as cousas e os momentos de cada un. É que me falta el ¿sabe Ramón?, de ahí que xa non teño aquel corazón con quen desafogar, e ás veces parece como si me romperá toda por dentro. Ben sabía o home das “cruces”, como vostede lle chamaba, que

18 Ata 1959 o “pazo” de Trasalba non tivo luz eléctrica. Sabíao ben Castelao, que non chegou a ver publicado o poema de Otero “O quinqué de petróleo” (*Alba*, Vigo, nº 4, [1950]). O pronome “che” en “mirarche” reproduce o cheísmo rianxeiro de Castelao.

19 Dona Virxinia salienta graficamente PROFUNDAR, consciente de que don Ramón se decatara de que é o verbo empregado no libro *Cousas* (1926) por aquel barbeiro que non podía profundar máis por non saber latín.

sin querelo el, íbame a legar a min a máis pesada de todas, eisí por presentimento, estreitábame contra o seu peito doente, decíndome a cada intre, “Eu non quero deixarte, ¿sabes miña preñdiña? Porque asústame a idea da túa espantosa soedade, si eu chego a morrer”. E que pronto chegou, e que razón tiñas, querido meu, aínda que non a poideches concebir, na súa triste realidade. Non quero dar remate a esta deslabazada carta, sin decirlle o que seguramente, por modestia, non lle contou Prada, i é que, si algunha satisfacción puden ter, si algo me alentou nos intres angustiosos da súa longa e penosa doenza, foi comprobar o inmenso cariño que estes corazóns irmáns, co benquerido Prada ao fronte, lle prestaron sin descanso nin desmaios, ao meu querido enfermo, non reparando en sacrificios persoales nin de todo orden de axudas, aínda a sabendas de que o seu mal non tiña desgraciadamente remedio. Nada, absolutamente nada, lle faltou nin lle foi negado, porque uns e outros, e todos, querían ser máis en dar e en facer. De ahí que el, con algo do seu humor, andáballo a decir aos amigos de fora que o seu caso era curioso, pois non tendo un carto, parecía un millonario de verdade. E así foi. Deus que lles ha pagar con creces o moito ben que lle depararon na vida, e moito máis aínda lle depararon na morte, xa que aparte outras moitas cousas de gran estima que andan a facer, existe en todos un alto sentimento para min, que el saberá agradecerlles dende o máis “ALÁ”, e a miña gratitude será eterna, aínda que nunca na medida que eles se merecen. En canto aos bos irmáns de ahí, en particular a vostede, que tanto era para el, quero tamén facerlles chegar o meu fondo agradecimento, pol-as outas expresiós de sentimento, agarimo e achegamento con que honraron a memoria do noso nunca inesquecido morto. Moitas gracias a todos, con un fraternal saúdo.

Da miña vida, nada importante, como non sexa decirlle que o meu pensamento é non abandonar este país, mentres non poida facer con el ese viaxe á Terra, porque si un día, moito antes de enfermarse, e medio en broma medio en serio, me dixo que si chegaba a morrer, non lle gustaría que eu me fora sin el, hoxe, que desgraciadamente chegou ese intre, debo cumprir a promesa que lle fixera, de que sempre, sempre, estaría na súa compañía. Estando eiquí, pol-o

menos, teño o pequeno consolo de ir a visitalo diariamente, e seguir vivindo neste faroliño (como lle chamaba ao departamento) que é o meu santuario, donde tantos recordos me deixou que eu preuro conservar co máximo coidado. Eiquí, xúntanse todo-los sábados os irmáns, según tiñan por costumbre facer cando estaba el, porque coidan que nesta casiña, co seu espírito sempre vivo, toman mellor os seus acordos e resolucíós. Eu recibo a todos con moito afeuto porque son bos, e sempre teñen algunha agarimosa lembranza para aquel meu pino lanzal, aquel meu doi doi, como me chamaba a min con tanta gracia como sempre poñía nas cousas.

Esperamos con moitísima impaciencia saber o resultado das oposicións, e queira Deus que “funcione” a xusticia²⁰.

Para a súa velliña hacia quen o mesmo meu Daniel, que eu, sentimos sempre unha gran devoción e respecto, vai un estreito abrazo, con outro igual para Fita. Reciba vostede, meu querido amigo, un forte apretón de mans, pregándolle siga vendo sempre en min, a compañeira leal de aquel ser tan querido que se nos foi, e sempre, sempre, co mesmo sinceiro cariño que en todo intre sentimos os dous por vostedes todos.

Súa irmán na Terra.

Virxinia

Chega neste intre Pepe Núñez Búa, quen me da a gran noticia, de que “funcionou” por fin a xusticia²¹. Deus que se llo pague a todos²², xa que pol-o visto foi por unanimidade. Repito de todo corazón as verbas do telegrama que lle mandaron de aquí, pensando que eisí sería a forma en que o felicitaría con tanta ledicia, o probe que non poido ter esa tan grande satisfacción ¡VIVA RAMÓN! e felicite tamén de corazón, a Fita e Dña. Eladiña, que estará ben contenta.

20 O 31 de marzo de 1950 don Ramón obtiña en Madrid, por oposición, a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. Cando dona Virxinia comezou a redacción da carta, o 6 de abril, nada sabían os “irmáns” de Buenos Aires.

21 V.n.20

22 A expresión “Deus que se llo pague a todos” parece calco do castelá “Dios que se lo pague a todos”. Usos semellantes dábanse daquela, e aínda despois, en escritores moi celebrados. Dona Virxinia tamén é vítima das lecturas do seu tempo.

Carta III

Bos Aires 31 de agosto 1950

Señor Don Ramón Otero Pedraio

Ourense

Iramancioño Ramón: Eiquí temos ao Valentín²³, rodando pol-os escenarios e tribunas da Metrópoli. Aínda que eu xa non formo roda no mundo dos vivos, teño noticias de que o home deféndese diñamente dentro do marco dos seus compromisos conqueridos. Do desenrolo da súa laboura, supoño saberedes con detalles por persoas máis autorizadas i enteiradas que eu para facelo. A presenza do Valentín prodúxome intensa impresión. Velo fronte a min despois de tan longos anos, fixo que a miña imaxinación retrocedera momentaneamente a aquela vida feliz que perdín, da que lembrei cousas e feitos, para voltar axiña a caer na verdadeira e crúa realidade.

Xa está na rúa o libro dos “Cruceiros”²⁴ que tamén foi motivo de ledicia e moita tristura para min, pensando canto gozaría o meu querido Daniel vendo por fin a súa obra rematada. ¡A sorte foille ben ingrata! Como Abraira²⁵ levou consigo algún exemplar, que coido coñecerás, espero con grande impaciencia saber o teu “fallo” sobor de este traballo que preparou con verdadeiro agarimo, i especial coidado. Comprenderás a importancia que ten para min o teu xuicio, sempre sincero, e valiosísimo, pol-o que estou desexando coñecelo axiña. Non sei si sabrás que o pensamento de estes irmáns que siguen rodeándome de atencións, é o de regalarme a min o exemplar especial que tiñan destiñado para o seu infortunado autor, cuyo exemplar (según me dixo Prada), era intención do meu bo Danieliño regalarcho a ti, desexo que estou tola e outamente satisfeitísima de poder cumprire, xa que sempre, e agora máis que nunca, estiven de acordo con canto il pensaba, decía e facía. Conta pois, que con todo o meu corazón depositareino nas túas mans, que ademais de que o ennoblecen deixó así

23 Valentín Paz Andrade (1898-1987), gran amigo de Castelao e, logo, autor dunha extensa biografía (*Castelao na luz e na sombra*, Edicións do Castro, 1982).

24 *As cruces de pedra na Galiza*, Bos Aires, 1950. En decembro de 1949 a súa quebrantada saúde non lle impediu asinar “os pregos das portadillas para os exemplares numerados” (R. Prada, 20-2-1950).

25 Xosé Benito Abraira (Meira, 1904-Buenos Aires, 1987) era do círculo, “presidido” por Rodolfo Prada, máis achegado a Castelao.

cumplido o seu desexo tan natural. Nunca mellor destino podría eu darlle, nin tampouco mellor proba de cómo sei canto el te quería.

Fai xa algún tempo recibín a túa garimosa carta que me fixo revivir aqueles tempos en que de cote lle escribías a el, e que o meu probe me escoitaba leer con tanta ledicia. A súa morte sigue parecéndome un triste soño, e non podo conquistar esa resiñación de que me falan e aconsellan as xentes. Ti que eres tan bo, e as miñas queridas doña Eladia e mais Fita, tendes que pedir a Deus me dé forzas hasta que poidamos levalo a esa bendita Terra que tanto amou.

¿Cómo é que Fita non me escribe unhas verbas que sempre lin con tanta alegría?

Desexando saber da vosa vida tantas veces como se poida, recíbide entre tanto os tres un estreito abrazo de esta amiga que sempre está con vos.

Virxinia

Moito me alegraría saber si recibiches aquela quartela escrita por el, que te mandei²⁶ na miña carta anterior.

Carta IV

Bos Aires 16-12-1950

Sr. Don Ramón Otero Pedraio

Trasalba

Querido Ramón: esta vai dirixida a Trasalba, pensando que na data da súa chegada xa estaredes por ahí os tres felizmente reunidos. Eu pol-a miña parte, desexo a pasedes con moitísima saúde e tamén, “unha boa mesa”. ¡PASCUAS ... ! Elas, leváronse consigo a miña vida.

Das túas garimosas cartas, direiche que as recibo como unha bendición. Falan con tan inmensa bondade do noso inmorrente Daniel, e traen de el tan íntimas e fermosas lembranzas, que o meu murriñoso curazón —tan apolillado de añoranzas e melanconías— revive para decirte amorosamente ¡que Dios cho pague irmán! Non pode-

26 Ninguén ten falado desa “cuartela”; no texto dona Virxinia comete un teísmo.

mos decire que entre ti e o meu Danieliño, houbera fisicamente parecido algún, a non ser na *cativez* de altura que lle debes á natureza, máis o que non se pode negar, é a ermandade espritoal que existía entre vos, nin a coincidencia de sentimentos tan rara vez lograda, que eu caladamente tomo para min, como o millor premio que lle podo ofrendar aos meus sufrimentos. De ahí que as túas sempre apreciadas cartas, sexan leídas con emocionadas bágoas nos meus ollos, cuías bágoas lonxe de me ferir, teñen a virtude de serear o meu espíritu e hasta darme azos para seguir coa miña cruz costíña arriba. Eisí, serea, que é como mellor penso, doume conta de que a última misión de fidel compañeira aínda está sin rematar, e que non debe nin pode morrer sin antes acompañalo por derradeira vez, hasta o seu definitivo lugar de descanso. ¡Triste o viaxe que me espera! Mais con todo, suspiro por ter tan decoroso intre, coa ilusión de xuntar entón os dous anacos desprendidos do meu curazón, e respirar por fin tranquila sabendo que pai e fillo repousan xuntos acá e Alá. Xa despois... que Dios dispoña de min.

As miñas horas, Ramón, decorren tal e como ti as concibes ao teu modo. Non podes enganarte, non. Verasme agora na representación de dúas Virxinias distintas, val decir, A Virxinia “falsa”, a “comedianta” que para loitar con este desacougado mundo que non quer saber nada de penas, ten que afoegar as súas e asoballar os seus sentimentos, e a Virxinia real, a Virxinia verdadeira, que ferida a punta de lanza non atopa máis alivio que na soedade do seu fogar —o farol como lle chamaba o meu santo— para chorar libremente con il, a única e triste realidade da súa ausencia. É certo que aínda non sentín a arrepiante sensación de atoparme soia, pois il enche toda a miña vida amparándome con ise non sei que de forza estrana, que me alenta e me sostén. Dícesme, Ramón, que ti falas e hasta ries con il, pois ben, iso precisamente é o que me pasa a min de cote, i en cada volta vexo vir cara a min, aqueles seus brazos, tan longos, tan longos e tan amantiños, como si eles quixeran sinalarme o camiño que debo seguir ¡Meu Daniel!

Noto que falando de min se me foi demasiado a man, pero ti que tanto lle quixeches sabrás comprender e desculpar este exceso. Eu tamén comparto moi intimamente as túas angurias e preocupacións

de orden sentimental, porque paréceme coñecerte ben, para saber como eres e sabes querer. Mais dígiche que non debes pensar tanto nese firente intre que a vida nunca perdoa, porque ti non tes razóns para magoarte con ise pantasma (que Dios terá por moito tempo lonxe de vos) xa que empezando a mirar as cousas por Fita, que é a máis nova dos tres, vémolos feita unha rapaza tan sana e bulideira que vencerá facilmente cantos males e reveses se lle poñan por diante. No segundo peldaño mirámoste a ti, forte, ergueito, sin que deas idea de que escalaches xa os sesenta e dous anos, cumpridos ao teu modo tan natural de ser, que non perdistes nin chisco do teu tan formidable como invencible espírito. E agora chegamos a doña Eladia ¿Quen pode falar de doña Eladia, sin antes arrodillarse na súa lembranza? Eisí, de este modo, atrévome a decir que co seu amantiño curazón de nai que soio vive pra querer e verte feliz é moi capaz de realizare o outo miragre de vivir hasta os CENTO CINCOENTA ANOS, que eu desexo moitísimo os poida cumprir.

Sobre a door do illamento a que fas referencia na túa, direiche que ao meu modo creo comprender a razón e o fundamento de tal. Pedíndote que non tomes como adulación as sinceiras palabras que estou escribindo, creo que a túa superioridade de home tan por enriba dos demais é a que te impón isa door e ise illamento. ¿Cómo non vas a estar illado de esa casta de xentes que soio sinten as necesidades no centro dos seus estómagos? Ben está comer, e comer ben, pero... Para que seguir. Feliz ti que coa túa intelixencia previlexiada, e dono de tan múltiples e extraordinarios coñecementos, tes amplo campo de acción, onde podes refuxiarte fuxindo eisí da amargura que produce tanta miseria humán. No teu contacto diario depurando coas túas ensinanzas as concencias de isa simpática mocidade que está a deprender de ti, é posible que atopes algunha pequena satisfacción. De ser así, ben vale *pandar* con isa seriedade da que están posuidos esos “patriarcas do mañán”.

Dos amigos de ahí, que ti coñeces mellor que eu, polo decorrer dos moitos anos, nada te digo, pero si podo decirche que a nosa xente eiquí pensa moitísimo en ti, quérente de verdade, e te admiran decindo que eres de OURO DE LEI. Son bos, e conmigo siguen tan leales e respetuosos como sempre. O culto á amizade que o meu

bo Danieliño se creara, é o tesouro máis limpo que me poido deixar. Siguen reuníndose no meu departamento todol-os sábados según costume de cando el vivía, e preside estas reunións unha fermosa fotografía do noso falecido que ten colocada na parte superior a bandeira que tanto amou.

Baixo a lus de ese lembrado quinqué de Trasalba, descifra como poidas esta deslabazada carta que pol-o avanzado da hora escribín meia dormida e mañán ter que levantarme cedo para ir como sempre a visitar a miña prenda.

Nun estreito abrazo, vai para os tres o moito cariño de esta vella amiga.

Virxinia

Carta V

Bos Aires 18-12-1952

Meu querido amigo:

En vísperas das festas Navideñas, quero que recibades parabéns e os mellores desexos de que as pasedes con moita saudiña. Eu dispóñome tamén /a festexar/ un novo terceiro aniversario, máis tristeira en cada un, e máis doente na miña soedade.

O día 3 do próximo xaneiro, oficiarase na parroquial de Santa Rosa de Lima de ista capital, un funeral en memoria do noso inesquecido Danieliño, cumprindo eisí parte do encargo que che teño falado, e que foi confiado a min por intermeio de varios señores directivos do “Centro Gallego”. Para iste acto, fixen chegar unha sinxela invitación por carta, ao presidente de iste centro, ás sociedades máis afíns, i en forma colectiva mediante un aviso que oportunamente sairá no xornal a “Nación”, a todo-los amigos que de boa vountade deseen concurrir. O funeral non se pode facer na data 7, porque según me dixeron os cregos, a semán de reises a partir de ise día, a igresia fai ceremonias especiaes propias do tempo, e lles prohibe recibire encargo ningún. A data máis próxima, pois, é a do día 3, que non está mal por coincidir tamén co aniversario do noso malogrado filliño²⁷, catro días de un a outro. ¡Bo mes para min! O sobranste da cantidade recibida, penso

27 O fillo, Alfonso Luís, morreu ós catorce anos (1-2-1914/3-1-1928).

entregala ao “Fogar Galego” de velliños nosos, coidando que de iste modo sentiranse agarimados na súa desventura, e a bondadosísima persoa que tivo tan xeneroso desprendimento penso que estará satisfeita igotal que o noso Daniel que sempre andivo aparelado ca door dos desvalidos. Si non te importa, gustaríame coñecer o teu parecer sobor da ubicación que din a estes nobres fondos, na seguranza de que n-elo puxen a boa vountade enteira e todo o meu sentimento.

Ramón, amigo fidel, amigo bo. N-este intre acabo de me desprender do teu libro, ise formidable libro que tiduas POR OS VIEIROS DA SAUDADE²⁸, e debo decrarar honradamente que estou trabada pol-a emoción que me produxo, pese a que non foi leido sinón *devorado* para poder devolve-lo asiña según tiña prometido. Digo de certo que me sinto abatada, e non atopo verbas axeitadas para che felicitar de modo, nin tampouco as que, por gratitude, bulen no íntimo do meu corazón. Claro que falar de felicitarte a ti, Ramón, é casi que infantil, porque, dada a túa fecunda laboura maestra, sería cousa de facerte perder a pacencia. Pero iste libriño, (chámolle eisí de puro agarimo) é para min de incalculable valor, e de ahí que non poida pasalo por alto. No decorrer das súas páxinas maravillosas atopeime repetidas veces co nome querido do meu Daniel, cousa para min tan estimable que sin desexalo casi cheguei a sentirme un pouquiño vanidosa... Debilidades humáns. O desenrolo do derradeiro capítuo adicado expresamente a el (e con que amore)²⁹ doume sensación de vida, unha ilusión que docemente aproveitei acariñada por sereas bágoas e lembranzas confortadoras porque tristes as máis de elas, lediciosas as menos, todas, todas, son a falar-me da miña prenda amada. Por hoxe basta xa de lata.

Recibín carta do cura de Rianxo, agradecendo a miña felicitación ao cumprire as bodas de ouro sacerdotales. Moi simpática e garimosa³⁰.

N-un estreito abrazo ós tres (xa ves que son aproveitada) recibide o meu agarimo e o meu curazón.

Virxinia

28 V.n.7.

29 En efecto, o último capítulo titúlase “Castelao” (pp. 191-99).

30 O cura de Rianxo, José Benito Fariña Garabás (Cuntis, 1877-Rianxo, 1958), “protexeu ás irmás de Castelao de agresións verbais á saída da misa, nos anos 1946 e 1947, cando os fascistoides rianxeiros estaban alporizados polo feito de que Castelao fose ministro do Goberno republicano no exilio (X. Alonso Montero, *Laio polo irmán ausente*, 2006, p. 159).

Carta VI

Bos aires, 23-12-1957

Moi queridos Fita e Ramón:

Como para os que levamos loito tan grande no corazón son sempre, e cada vegada máis intensas e doorosas estas datas de fondas lembranzas que estamos vivindo, eu desexo que elas pasen o máis levemente posibre, posta a miña esperanza e fe... no aninovo que se aveciña. Veremos...

Penso tamén eu de que algunha das nosas carta debeu de se extraviar, porque dende a desgracia da inesquecida velliña³¹ eu escribín dúas ou tres veces, estrañándome moito non saber nada de vos directamente. A primeira, e a única carta que recibín dende aquela data, responde ao 31 do pasado outono, vendo por ela que caíchedes tamén nas redes da *novedosa asiática*, sin que por fortuna deixara piores consecuencias. Daquela, tamén eu estaba ben doente, xa que, moi solta de corpo, e levada de unha *euforia propria dos meus 20 anos* (ben cumpridos) púxenme a pintar as paredes do meu departamento e sucedeu o que tiña que suceder despois de tamaña fazaña, Total, un mes de cama sin me poder mover debido a unha inflamación brutal de todol-os músculos de cintura arriba, e seguir aguantando, hasta cando sexa, as consecuencias naturaes da miña tolería. Ben asistida por catro médicos do Centro Galego, enfermeiras e amigos que son meus anxos proteitores, nada me faltou en atencións e agarrimo. Manolita, esta sin par Manolita³², que sempre está onde a preciso, botouse enriba a pesada obrigación de me traer a comida de cada día, amén de outras faenas, de modo que entre ela e Prada, tan boísimos os dous e o matrimonio veciño do sexto piso, que tamén son como irmáns para min, estiveren no “paraíso” si non foran os doores bárbaros que non me daban descanso nin de día nin de noite. En fin, agora todo vai pasando gracias a Dios, prometéndome non volver a deixarme domiñar por ises “impulsos de xuventude”.

Deica agora tivemos unha primavera maravillosa, sin decatarnos de que se nos viña enriba o verán cuios primeiros días foron bravos, poñéndonos en alarma para o sucesivo. O clima de eiquí non ten

31 “A inesquecida velliña” é dona Eladia, nai de don Ramón, que morrera en marzo dese ano.

32 Esposa de Rodolfo Prada, xa citada noutra carta.

medida e un nunca sabe o que lle espera de hora a hora. De calisquera modo eu prefiro este tempo ao inverno porque aínda que sempre entristecido un, lévase mellor con sol que con choiva.

Nada sabía da morte do amigo Peña Rey³³ e podedes creerme que sinto en verdade con vosco esta nova baixa de tan bo e fidel amigo. Lémbrome que denantes da derradeira partida nosa de Pontevedra, estivera xantando na nosa casa, onde, xuntos os dous, ausentes hoxe, fixéronnos pasar horas endexamais inesquencidas. ¡Que soios imos quedando!

A emoción que Maruxa Casares³⁴ e máis eu sentimos co noso encontro foi algo difícil de se espricar. A primeira visita da súa chegada a Bos Aires foi pra min, e bicándome i abrazándome forte non atinaba a me decir palabra. Eu tampouco. Pasando o primeiro intre, descubrín con ledicia que é simpática, intelixente e sinxela como todol-os que valen. Foi así como me gañou, facéndome saír das miñas “casillas” asistindo a unha comida que lle ofreceron os galeguistas, e ¡PASMAROS...! a vela actuar no teatro Colón, onde a nosa Maruxa estivo formidable en *María Tudor*³⁵. Dadas as dificultás que había pra conseguir entradas (o teatro estaba abarrotado) ela obsequioume con un palco para que non deixara de asistir, de modo que eu non tiña “escapatoria” nin estou arrepentida tampouco de ise “alto” que fixen na miña vida ensombrecida para homenaxear a tan extraordinaria figura nosa, que pasea pol-o mundo con elevada resonancia e diñidade, a nosa estrirpe galega. Lástima que non esté máis cerca, pois penso que ben “traballada” sería moi útil pra Galiza. Vele moito, e como todo o que vale, aparece máis ben modesta que arrogante por iso que conquistou o corazón da coleitividade.

33 Manuel Peña Rey (Viascón, Pontevedra, 1889-Ourense, 1957), ilustre xinecólogo ourensán e membro importante do Partido Galeguista.

34 A actriz “francesa” María Casares (A Coruña, 1922-París, 1996), filla de Santiago Casares Quiroga, foi recibida en Buenos Aires, nesta ocasión, por parte de exiliados e emigrantes, con entusiasmo. A revista *Galicia Emigrante* (nº 31, outubro-noviembre, 1957) dedicalle varias páxinas: unha entrevista feita por Víctor Luis Molinari, un artigo de Luís Seoane, o director (“María Casares”), dúas fotografías de grupo e o facsimile dunha dedicatoria, quizais un dos poucos textos en galego da actriz (“Un saúdo agarimoso / a unha Galiza que atopo / a milleiros de légoas do Miño.- María V. Casares”).

35 María Casares foi a protagonista das dúas obras representadas pola compañía francesa: *Le triomphe de l’amour* (1732), de Marivaux, e *Marie Tudor* (1833), de Víctor Hugo. Nesta representación, á que asistiu dona Virxinia, María Casares tivo que saír ó escenario — informa L. Seoane— dezasete veces. Tal foi a ovación final.

Este querido apartamento en que vivo, como ti dices, meu bo Ramón, ten pra min doores e gozos porque de todo houbo na compañía inmorredoirá do meu amado inesquecido...Eiquí está esperando pol-a vosa presenza, que será recibida por seu espírito acariñante e meu pobre curazón. Ogallá un pronto día se faga realidade noso desexo mutuo, que será tamén de grande ledicia pra os moitos amigos con que eiquí contas.

“Agarrando” a onda non sei aterrizar, sin decatarme de que tanta verba apretada ten que esgotar a vosa resistencia. Privada de poder falar con vos, cando tanto o desexaría, véngome mallando na máquina. E agora si que remato hasta outra.

Pretos os dous, recibide apertas fondas da vosa sempre.

Virxinia.

Repasando ista carta, vexo que é un *revoltixo* de difícil interpretación. [...] que vos axude. Amén.



Arturo Rivas Castro, un físico de Sabucedo cortexado e controlado polos intereses bélicos e económicos dos primeiros dirixentes franquistas

Manuel Cabada Castro
m.cabada@res.upcomillas.es

Resumo. Este artigo vén sendo continuación doutra anterior desta mesma revista (vol. 14 [2011]) 7-20), atendendo de maneira especial ás razóns que motivaron o traslado do físico estradense Arturo Rivas Castro desde o Laboratorio da Escola Técnica Superior de Múnic ó Laboratorio do Observatorio Vaticano. Razóns que teñen que ver coas diferencias xurdidas entre Rivas e o seu director de investigación, G. Scheibe, en relación co novo método descuberto por Rivas de análise espectral cuantitativa. Infórmase posteriormente sobre as vicisitudes polas que pasa o seu proxecto de instalación dun Instituto de análise espectral na España de antes e de despois de rematada a guerra civil e tamén en Cuba. Varios ministros de Franco e este mesmo interesáranse de diversas formas polo proxecto, aínda que ó final Rivas, tras diversos intentos e promesas, terá que limitarse á función meramente docente de Física e Química en diversos centros de bacharelato, o que en realidade non se correspondía nin coa súa eminente capacidade investigadora nin coa recoñecida relevancia do seu descubrimento en Alemaña.

Abstract. This article is the sequel to a previous one also published in this magazine (v. 14, 2011, p. 7-20), which pays special attention to the reasons for which the Physicist Arturo Rivas, from A Estrada, was transferred to the Laboratory of the High Technical College in Munich to the Laboratory of the Vatican Observatory. These reasons are related to differences between Rivas and his Research Director, G. Scheibe, because of the new method discovered by Rivas about the Quantitative Spectrum Analysis. Subsequently, this work deals with the difficulties of his project about the installation of an Spectrum Analysis Institute in Spain before and after the Civil War, and also in Cuba. Franco and his ministers took interest in the project in different ways but, at the end, and after several attempts and promises, Rivas had to confine himself just to teach Physics and Chemistry in different high schools which, in fact, did not match his great researching ability or the importance of his discovery in Germany.

Nun artigo anterior nesta revista¹ ofrecín, botando man de documentación inédita, unha visión xeral da importancia deste non suficientemente coñecido científico estradense. Este novo escrito baséase sobre o anterior, pero amplíao notablemente con novos e relevantes datos recollidos fundamentalmente dos Arquivos xesuíticos de Alcalá de Henares (Madrid) e central de Roma.

1 Ver CABADA CASTRO, M., *Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada): "A Estrada. Miscelánea histórica e cultural"*, vol. 14 (2011) 7-20 (accesible agora na edición dixital desta revista).

Facendo un apertado resumo do primeiro escrito, aludo só a algúns datos. Rivas (1898-1974), fixo estudos superiores de física e química durante cinco anos na Escola Técnica Superior de Múnic, realizando aquí, no Laboratorio físico-químico e electroquímico desta entidade, intensos traballos de investigación que o levarían a descubrir un novo método de análise espectral cuantitativa, malia os atrancos que deliberadamente lle ía poñendo no camiño o propio Director do Laboratorio, G. Scheibe. A este non lle será abondo con que o seu nome figure (segundo os tradicionais usos universitarios alemáns) xunto co de Rivas ó comezo do artigo no que se formaliza oficialmente o descubrimento do estradense, senón que introducirá nel ademais modificacións contrarias ó que o propio autor de Sabucedo sostiña. Este artigo titúlase *Eine neue Methode der quantitativen Emissionsspektralanalyse, verwendbar auch als Mikromethode* e foi publicado na prestixiada revista alemana “Angewandte Chemie” [“Química Aplicada”], vol. 49, nº 28 (11 xullo 1936), páxs. 443-446. Con posterioridade á publicación deste artigo, Rivas continuará aínda durante un ano as súas investigacións no “Laboratorio Astrofisico della Specola Vaticana” (Observatorio Vaticano). E, ceibe aquí xa do seu director, publicará por fin pola súa conta un novo artigo no que completará o anterior con novas investigacións realizadas neste laboratorio romano. Este novo artigo, no que figura xa como autor unicamente A. Rivas, levará un título practicamente igual ó anterior, aínda que máis curto: *Eine neue Methode der quantitativen Emissionsspektralanalyse (Auszug)*. Foi publicado no ano seguinte e na mesma revista (“Angewandte Chemie”): vol. 50, nº 49 (4 decembro 1937), páxs. 903-905.

Trala volta a España, a súa docencia irá acompañada de variados intentos de realización de importantes proxectos científicos e industriais, ós que neste novo artigo farei referencia.

Valla o dito ata aquí como breve introdución ó que seguidamente comentarei máis devagar.

Aparte doutras informacións sobre a capacidade intelectual de Rivas, das que no anterior artigo fixen xa mención, o certo é que Rivas accedeu ben preparado para comezar os seus estudos na Escola Técnica Superior de Múnic. De feito, dedicouse con teima, xa un

ano antes da súa estancia de 1930/31 en Madrid (previa ó seu traslado a Múnic) á aprendizaxe da lingua alemana na “Berlitz School of Languages” desta mesma cidade bávara. Hai efectivamente constancia, asinada polo Director desta Escola, Otto Dammann, de que Rivas cumpriu alí, dende o 4 de xuño ó 20 de agosto de 1929, moi satisfactoriamente con esta tarefa “con tenaz aguante, gran sentido do deber e incansable aplicación, de tal maneira que en poucos meses acadou superar fundamentalmente as non pequenas dificultades desta lingua”.

Sobre os estudos básicos de Física Técnica da Escola de Enxeñeiros (a Escola Técnica Superior) de Múnic ós que Rivas se dedicou durante os anos previos ó seu traballo alí mesmo no Laboratorio do mesmo centro, hai constancia por un escrito seu do 25 de decembro de 1961 (cando levaba xa bastantes anos como profesor no Colexio de Xixón) de que abranguían as seguintes disciplinas: Matemáticas superiores, Física, Química, Química (de novo), Mecánica e Electromecánica.

Hai que ter en conta, porén, que ó longo destes seus estudos en Múnic aproveitou tamén Rivas para profundar na súa especialidade contactando e traballando temporalmente con outros investigadores ou profesores de fóra de Alemaña, como por exemplo co profesor Th. Wulf en Valkenburg (Holanda), segundo o testemuño (do 30 de xaneiro de 1934) do propio Presidente do Instituto de Física da Escola Técnica Superior de Múnic, o Prof. Dr. J. Zenneck. Esta estancia de A. Rivas no Laboratorio de Física de Valkenburg tivo lugar nos meses de setembro e outubro do ano 1933, segundo a documentación do propio Th. Wulf, que informa a este respecto sobre que Rivas realizou “prácticas electrostáticas” baixo a súa dirección durante este tempo.

Agora ben, ¿que ocorreu concretamente para que A. Rivas, trala redacción do seu primeiro artigo de alta investigación, na que presentaba un “novo método” de análise espectral cuantitativa, ata entón descoñecido e de gran transcendencia económica e industrial, abandonase o Laboratorio de Múnic para dirixirse a continuación ó do Observatorio Vaticano? Algo pódese xa en principio sospeitar dos datos ofrecidos no artigo anterior sobre o desacordo de Rivas co modo de se comportar con el o seu director de investigación, G.

I H S
ESTUDIOS CLASICOS Y ELECTROMECHANICOS
 Dirigidos por P. P. de la Compañía de Jesús
MADRID

ALBERTO AGUILERA, 25
 TELEFONO 32785

El primer proyecto de creación de este Laboratorio de Análisis Espectral en Asturias fracasó a causa de la indiferencia de una de las entidades más fuertes de Asturias. En vista de lo cual decidí ir a Cuba donde me ofrecen muchas facilidades para la creación de este Laboratorio.

Mediante este Laboratorio pretendía también hacer Patria, fortaleciendo las relaciones culturales Hispano-americanas; y a este fin di cuenta de mis proyectos al Sr. Marqués de Annon, jefe de la sección de Relaciones Culturales en el Ministerio de Asuntos Exteriores, el cual me informó de todo al Excmo. Sr. Juan Beigbeder, Ministro de Asuntos Exteriores, el cual, después de poner un telegrama al Director General de Seguridad para que se me negara el pasaporte, me hizo saber, que el Sr. Marqués de Annon me conceda una audiencia privada, para "hallar conmigo despaacio" sobre mi proyecto de un Laboratorio de Análisis Espectral, pero que antes desca de go cuenta de todo a los Señores Ministros de Industria y Educación Nacional.

Como yo quisiera orientarme bien, antes de hallar con el Generalísimo, procuro hallar con todos aquellos, a quienes este Laboratorio puede interesar, para que me expongan mi parecer por escrito.

Arturo Rivas

Informe de Rivas a entidades científico-docentes sobre o Laboratorio.

Scheibe, no Laboratorio muniqués. Esta sospeita vai confirmarse coa documentación da que agora dispoño. Vexamos.

O 5 de xullo de 1936 escribe Rivas unha primeira e breve carta nada menos que ó Superior Xeral da Compañía de Xesús, o polaco

Wladimir Ledóchowski, na que lle comunica, en alemán que traduzo ó galego, o seguinte:

“Moi querido en Cto. P. Xeral: Hai pouco descubrí un novo método de análise espectral cuantitativa: o meu método é tan superior a tódolos demais, que hoxe en día é considerado como o mellor. Sobre este asunto escribo amplamente ó P. Gutiérrez del Olmo para que llo comunique todo á súa Paternidade. Solicítolle á súa mediación, para que se me conceda a posibilidade de completar o que aínda falta no método”.

Do escrito (ó que aquí se elude) dirixido por Rivas a Gutiérrez del Olmo non queda constancia no arquivo romano. Mais pola seguinte carta ó mesmo Superior Xeral e por outras pertinentes informacións podemos deducir aproximadamente cal sería o seu contido. En efecto, seis días despois da primeira carta e xustamente no día seguinte á data de aparición (11 xullo 1936) na mencionada revista alemana do primeiro artigo no que figuran como autores Scheibe e Rivas, remite este último (con data do 12 de xullo de 1936) unha nova e máis ampla carta ó mesmo Superior Xeral da Compañía de Xesús, na que lle dá conta por miúdo das circunstancias da publicación do seu artigo e asemade lle fai ó seu Superior Xeral concretas propostas. Traduzo tamén a continuación ó galego o texto desta segunda carta manuscrita, así mesmo en alemán:

“Moi querido en Cto. P. Xeral: Por medio do R. P. Gutiérrez del Olmo remitín á súa Rev. Paternidade na *miña redacción* [subliñadas as dúas palabras no orixinal] o método descuberto por min. As cousas están agora así: o Prof. Scheibe utilizou a miña redacción para transformala totalmente no sentido del e coa intención ademais de poñer en conexión, contra á verdade, o meu método coas súas propias investigacións anteriores.

Ten el o propósito de relegarme a un segundo plano para aparecer el en definitiva como o descubridor do método; por iso no artigo [en nota: ‘envío á súa Rev. Paternidade a revista ‘Angewandte Chemie’ na que apareceu o artigo’] anuncia a publicación de tres importantes complementos ó meu método [...²].

Se a min se me dá a posibilidade de realizar estes complementos e outros máis independentemente do laboratorio do que é Presidente o Prof. Scheibe, entón aparezo eu como o descubridor do método, tal como en realidade o son. Escríbñ xa á súa Rev. Paternidade, por medio do P. del Olmo, sobre a maneira como isto se podería realizar. Tería naturalmente que ocorrer aínda neste ano; en caso contrario, o Prof. Scheibe ou os seus discípulos adiantaríanseme a min.

2 Rivas fai concreta referencia aquí a estes tres complementos: os indicados por Scheibe na nota 12 da páxina 445 do artigo e outros dous máis no texto da páxina 446.

Rógolle á súa Rev. Paternidade que se interese por este asunto, que pode, segundo a miña opinión, contribuír algo á honra da Compañía.

No meu laboratorio ten lugar agora un curso sobre análise espectral para profesores: a dirección dos análises confíounola [o Prof. Scheibe?] a min e mais a un dos seus Asistentes.

O artigo sobre o meu método apareceu nun número especial da revista 'Angewandte Chemie', que foi distribuído gratuitamente entre os 2500 químicos que estiveron reunidos aquí en Múnic nun congreso desde o 7 ó 11 de xullo".

Quen lle sirve aquí a Rivas como intermediario seu neste tema ante o Superior Xeral da Compañía é, tal como el mesmo indica, Fernando Gutiérrez del Olmo, nado en Celanova aínda que de país non galegos³, que estaba a exercer nesta época o cargo de Asistente de España en Roma.

Hai que ter en conta, porén, que no 18 de xullo de 1936, cara á metade destas dúas semanas que transcurren entre a segunda carta de Rivas a Ledóchowski e a resposta deste a Rivas, vai ocorrer en España a sublevación militar contra o goberno da República, que condicionará decisivamente a realización dos proxectos científicos e industriais de Rivas. A reposta, que seguidamente reproduzo, de Gutiérrez del Olmo a Rivas non deixa de reflectir xa a nova e tráxica situación política e militar española. En calquera caso, esta carta bota luz sobre os plans inmediatos que Rivas lle acababa de presentar ó seu Superior Xeral e tamén, previamente, ó seu intermediario ourensán en relación coas circunstancias do seu descubrimento científico en Alemaña. Velaquí os parágrafos máis pertinentes desta carta do Asistente a Rivas desde Frascati (Roma) con data de 25 de xullo de 1936:

"Supongo que habrá recibido mi carta del 15, en que le decía cómo N. P. [Ledóchowski] había tomado la cosa con interés. Efectivamente, me hizo escribir al P. Gatterer, Subdirector del Observatorio de Castelgandolfo, y que está al frente del magnífico Laboratorio astrofísico, en el cual tiene magníficas instalaciones para el análisis espectral [...] El ir a trabajar a Madrid al Instituto Rockefeller tiene muchos inconvenientes. Y abrir un Instituto de Físico-Química es una cosa que tropieza aún con mayores dificultades de muy diverso género, y no resulta práctica. Por eso pensó N. P. desde luego en esa otra solución de ir a Castelgandolfo,

3 Sobre el escribía en 1993 o historiador Evaristo Rivera: "El P. Gutiérrez del Olmo fue el único Provincial gallego que tuvieron las Provincias de Castilla y León en su historia. Y, aun así, era un gallego *biológico*, nacido en Celanova debido al destino temporal de su padre" (RIVERA VÁZQUEZ, E., *Colegio Apóstol Santiago. Historia de una larga peregrinación*, Vigo, Colegio Apóstol Santiago, 1993, p. 310).

como lo verá en la carta que él le escribe a Vd., la cual, si no va con esta, no tardará mucho más en recibirla. Claro es que –como suele hacer N. P. en casos parecidos– deja el asunto en manos del P. Provincial de León, que es con quien Vd. se ha de entender directamente. N. P. se limita a facilitarle esa solución y darle por su parte –eso sí con mucho gusto– el Visto Bueno.

A ver si tengo el gusto de verle por estas tierras.

De las cosas de España no sabemos sino lo que dicen los periódicos italianos, de los cuales nada se puede sacar hasta ahora sino que la situación es muy confusa y que se lucha encarnizadamente. De España no nos ha llegado ningún periódico ni carta posterior al sábado 18 de julio. Como quiera que sea el resultado de la lucha, el Señor no abandonará a los que le sirven”.

Desta carta é doado deducir que Rivas, unha vez rotas as posibilidades de colaboración con G. Scheibe no Laboratorio de Múnic, lle propuña a Ledóchowski, por un lado, completar o seu traballo de investigación sobre análise espectral no madrileño Instituto Rockefeller e, por outra, que a propia Compañía de Xesús propiciase a creación dun Instituto Físico-Químico no que se puidesen desenvolver investigacións relacionadas co descubrimento científico de Rivas. A ámbolos dous proxectos de Rivas vai dar o seu Superior Xeral unha resposta negativa, aínda que sen deixar porén de ofrecerlle ó estradense a posibilidade de continuar coas súas investigacións no laboratorio de Castalgandolfo.

Como é sabido, o entón popularmente denominado “Instituto Rockefeller” (cuxo nome se debe a ter sido financiada a súa construción pola Fundación Rockefeller) era, desde catro anos antes desta data, a sede do Instituto Nacional de Física e Química. Non era, pois, estraño que Rivas lle propuxese a Ledóchowski esta posibilidade. Despois de estar ó tanto da precedente carta de F. Gutiérrez del Olmo a Rivas, a resposta oficial (con data do 27 de xullo de 1936) do Superior Xeral a Rivas non ofrece especiais novidades, sobre todo despois de sabermos xa concretamente que as “dúas cousas” das que na súa carta lle vai falar agora a Rivas o seu Superior Xeral están xa aclaradas pola anterior do Asistente, Gutiérrez del Olmo, ó físico estradense. Velaquí, pois, o seu texto (que traduzo do latín ó galego):

“Recibín as súas dúas cartas do 5 e do 12 deste mes. Alégrome do descubrimento realizado por vostede e considero totalmente xusto o seu desexo de perfeccionalo e de presentalo como propio no caso de que non houbera por outra

parte obstáculo para que así se faga. Entendo perfectamente por que non quere facer iso no Laboratorio do Prof. Scheibe; pero non podo aprobar as outras dúas cousas que vostede propón por medio do P. Asistente para un ulterior avance na súa investigación, dado que levan consigo grandes dificultades. Máis práctico sería que vaia ó Observatorio de Castelgandolfo, onde existen *magníficas* [subliñado no orixinal] instalacións para a análise espectral e onde o seu moi bo director P. Gatterer podería admitir a vostede desde o mes de outubro.

Fará ben vostede, polo tanto, en proporlle o tema ó P. Provincial e, se el está de acordo con este plan, concederei eu con gusto que poida enviálo a vostede a Castelgandolfo”.

Seguindo o plan que lle propón W. Ledóchowski, Rivas atópase xa no mes de outubro no Observatorio romano continuando alí coas súas tarefas de investigación relacionadas coa análise espectral e en contacto con fábricas especializadas de Alemaña, por exemplo coa Gebr. Ruhstrat de Göttingen, que lle fornecerán os materiais que precisa para os seus experimentos.

Tal como indiquei, Rivas permaneceu só un ano neste laboratorio e o resultado das súas investigacións neste centro foron publicadas no seu segundo artigo máis arriba mencionado. Na publicación deste artigo na “*Angewandte Chemie*” aparece, efectivamente, como data de entrada definitiva do seu artigo na Redacción da revista a do 16 de outubro de 1937, ou sexa, xustamente un ano despois da súa chegada a Roma. Por entón, Rivas inicia ademais a súa docencia no “Colegio de San José” de Valladolid, onde permanecerá durante tres anos como encargado da docencia de Física e Química nos cursos 4º e 5º de bacharelato. Por iso tamén, no comezo do artigo, tralo nome de A. Rivas como autor (sen que neste novo artigo figure xa loxicamente en modo algún o nome de G. Scheibe), se engaden “Colegio de San José, Valladolid (Spanien)” e maila Institución na que se realizaron os correspondentes traballos de investigación, ou sexa, o “Laboratorio Astrofísico do Observatorio Vaticano”.

É importante facer constar tamén, dado que isto vén sendo un claro sinal da importancia que a revista lle concedía ó artigo de Rivas, o feito de que no comezo mesmo do artigo (que en realidade era só un extracto, “*Auszug*” –tres páxinas–, da investigación completa) se indica xa que o traballo en toda a súa amplitude (12

Tusculi, 27 Iulii 1936.

Reverende in Cto. Pater,
P. C.

Duas accepi litteras a RVa. diebus 5 et 12 h.m. subscriptas.

Laetor de inventione a RVa. facta; et iustum omnino iudico desiderium RVae. illam perficiendi et tanquam propriam exhibendi, si nihil aliunde obstat quin ita fiat. Plane intelligo cur non velit id facere in Laboratorio Prof. Scheibe; sed alia duo quae RVa. proponit per P. Assistentem ad ulterius progrediendum in sua investigatione, probare non possum, cum magnas sibi habeant annexas difficultates. Magis practicum esset adire Observatorium quod est apud Castelgandolfo, ubi optimae sunt installationes ad analysim spectralem, et ubi optimus earum director P. Gatterer posset RVam. admittere a mense Octobris.


Bene igitur faciet RVa. si rem proponat Pi. Provinciali, cui si hoc consilium probetur, equidem libenter concedam ut possit RVam. mittere in Castelgandolfo.

RVam. peramanter benedico.

Commendo me ss. SS.

Rae. Vae.

Servus in Cto.



R.P. Arturo Rivas
München - Leg.

Carta do Superior Xeral Ledóchowski a Rivas (1936).

páxinas) aparece ademais publicado como caderno ou tirada aparte no nº 29, das “Zeitschriften des Vereins Deutscher Chemiker” [Revistas da Asociación de Químicos Alemáns]⁴. Efectivamente, hai constancia na documentación de que dispoño de que os responsables da revista, tras recibiren unha primeira redacción do artigo de Rivas, se interesaron vivamente pola súa publicación poñéndose en contacto epistolar co seu autor en setembro de 1937 para ofrecerlle a posibilidade desta tirada aparte, chegando incluso a dispensalo de certas condicións de tipo económico que normalmente se esixían en casos semellantes. Por iso, o propio Rivas referirase aínda nalgún momento, bastante tempo despois (en 1961), a esta vella correspondencia da “Angewandte Chemie” con el mesmo, comentando pola súa parte “o grande interese que tiñan por asegurárense a publicación deste traballo”.

De todos modos e a pesar das ingratas circunstancias ocorridas en relación coa publicación do primeiro artigo en coautoría con G. Scheibe, non deixa de concluír Rivas este seu segundo artigo deste xeito: “Finalmente, quixera expresar o meu máis caloroso agradecemento ó Prof. Dr. G. Scheibe, de quen no Instituto Físico-Químico da Escola Técnica Superior de Múnic recibín o estímulo [Anregung] para este traballo”.

Para rematar tamén pola miña parte estes breves comentarios verbo dos dous artigos fundamentais de Rivas sobre o seu novo método de análise espectral cuantitativa, deixo a palabra ó propio Rivas, que nun breve escrito seu, a modo de currículo e sen indicación de data, se refire ós mesmos deste modo:

“Soy autor único de un nuevo método de análisis espectral cuantitativo, fruto de mis tres últimos años de carrera dedicados a la investigación en el Laboratorio del conocido especialista Profesor Scheibe. El trabajo, con todo, según costumbre alemana, apareció con el nombre de ambos [...] De Munich pasé a Roma, donde, durante un año, continué mis trabajos de investigación [...] Resultado de este año de investigación fue un nuevo trabajo mucho más completo [...] El trabajo ha tenido muy buena acogida, puesto que la ‘Angewandte Chemie’, revista semanal y órgano oficial de los químicos alema-

4 O escrito completo de Rivas podía ser solicitado á editorial “Chemie” de Berlín (Corneliusstr. 3).

nes, ha hecho de él una tirada aparte, que lleva el número 29 de los trabajos que hasta entonces habían merecido ser publicados aparte”.

A través destas publicacións Rivas mantén e amplía os seus contactos con científicos e empresas relacionadas co análise espectral de diversas nacionalidades, como –segundo a documentación de que dispoño– cos profesores H. Konen (Bad Godesberg), H. Kayser (Bonn), Fritz Löwe (Xena), V. M. Goldschmidt (Oslo), Adam Hilger (Londres), etc. ou coa firma R. Fuess (Berlín-Steglitz) e outras. En España e desde Valladolid porase tamén en contacto co profesor Ignacio Ribas Marqués⁵, do Laboratorio de Química Orgánica da Universidade de Salamanca, remitíndolle a separata do seu segundo artigo. Velaquí a resposta, con data do 19 de xaneiro de 1938, do catedrático de Salamanca a este envío de A. Rivas:

“Muy agradecido al envío de la separata de su trabajo [...] Ya tenía el gusto de conocerlo, así como también otros trabajos de Vd. anteriores.

Tengo una viva satisfacción de que investigador de tal calidad sea español y que además trabaje en Valladolid. Nosotros aquí trabajamos en química orgánica. Vd. sabe mejor que yo, quizás, el gran interés que para los orgánicos tiene el análisis espectral de absorción tanto en el espectro visible como en el ultra rojo y en el ultra violeta. Sería de alto interés nacional que Vd. consiguiera fundar en Valladolid una escuela de espectrografía; entonces podríamos tener intercambio científico y de alumnos”.

Esta proposta de I. Ribas a A. Rivas é sintomática da nova situación que se lle presenta agora ó investigador estradense trala súa volta a un país como España, que se encontra nunha complicada situación militar e política debido á guerra civil. Cando Rivas recibe en Valladolid esa carta, faltan aínda un par de meses para que remate oficialmente a guerra civil española, aínda que non faltan moitos tampouco para que dea comezo outra nova guerra de maiores dimensións, a segunda guerra mundial. Nunha situación como esta priman os intereses económicos e industriais en relación coa guerra e a reconstrución do país, e neste sentido o descubrimento do estradense podería servir axeitadamente a tales efectos. De feito así

5 O profesor mallorquino I. Ribas, que desde 1928 era catedrático de Química Orgánica na Universidade salmantina, sería posteriormente represaliado por Franco, converténdose debido a esta circunstancia nun gran amante de Galiza desde a Universidade de Santiago que o acolleu.

vai ocorrer, aínda que ó final os proxectos non chegasen a convertérense en realidade.

Nesta época Rivas é convidado, segundo indiquei xa de modo xeral no anterior artigo⁶, por diversas entidades científicas españolas e estranxeiras para presentar ante os especialistas e personalidades de relevo o seu descubrimento. Dunha destas conferencias (en Bilbao) consérvase, por exemplo, unha denominada “Relación de las personas de relieve que acudieron ayer a la conferencia de A. Rivas”, entre as que, coas correspondentes cualificacións que nela aparecen, sinalo (entre un total de case corenta) as seguintes: Excmo. Sr. Marqués de Triano e Presidente do Consello de Administración de Altos Hornos de Vizcaya (Víctor Chavarri), Eduardo Merello (Enxeñeiro de Minas e Director Xerente desta empresa), Ricardo Zubiría (Enxeñeiro Industrial e Subdirector da mesma), José Pérez Salado (Enxeñeiro de Minas, Xefe do Laboratorio da mesma), Vicente Balanzategui (Subxefe de fabricación da mesma), Enrique Goicoechea (Enxeñeiro Industrial e Director da Fábrica de Aceiros da Sociedade Echevarría), Emilio Ruiz González (Enxeñeiro Industrial e Director dos Talleres de Zorroza), Carlos Godino (Enxeñeiro Naval e Xefe de Estudos da Sociedade Española de Construcción Naval), Fernando Gondra (Enxeñeiro de Minas e Xefe de Estudos da Basconia), Julio Gondra (Enxeñeiro Industrial e Director da Fábrica de Hojadelata da Basconia), Ignacio Villa (Enxeñeiro Industrial e Director da Fábrica de Hojadelata de Altos Hornos), José María Fernández Ladreda (*Tenente Coronel de Artillería, Xefe de fabricación de material de guerra en Asturias e Director da Fábrica de Trubia*), Díaz Varela (Comandante de Artillería), Mariano Bastida (Enxeñeiro Industrial e Xefe Administrativo de Saltos del Duero), Manuel Casanovas (Inspector Xefe do Corpo de Enxeñeiros Industriais), Valeriano Balzola (Enxeñeiro Xefe do Corpo de Minas), Mario Martínez de la Escalera (Profesor de Máquinas da Escola de Enxeñeiros Industriais), José M^a Guinea (Enxeñeiro da Fábrica de Aceiros de Echevarría), Gerardo Aza (Enxeñeiro Industrial do Ministerio de Industria), Martín Balzola (Enxeñeiro

6 Ver CABADA CASTRO, M., *Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada): “A Estrada. Miscelánea histórica e cultural”, 14 (2011) 14.*

Industrial do Ministerio de Industria), Manuel Escudero (Enxeñeiro Industrial e Director de Firestone Hispania), García Alfonso (Enxeñeiro da Babcock Wilcox).

Entre os asistentes a esta conferencia sinalo en cursiva a José María Fernández Ladreda (1885-1954), pois vai exercer el agora unha importante función en relación coas posibilidades de aplicación bélica e industrial do descubrimento de Rivas. O ovetense Fernández Ladreda era daquela Tenente Coronel de Artillería, Xefe de material de guerra en Asturias e director alí da importante Fábrica de Trubia, e vaille encargar a Rivas, a mediados de setembro de 1938, a instalación en Asturias dun Laboratorio de análise espectral con fines militares. A estes efectos, o estradense realizaría unha viaxe por Alemaña coa finalidade que se sinala na certificación expedida por Fernández Ladreda, cuxo texto é o seguinte:

“DON JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ-LADREDA Y MENÉNDEZ-VALDÉS, TENIENTE CORONEL DE ARTILLERÍA Y JEFE DE FABRICACIÓN DE ASTURIAS.-

CERTIFICO:

Que el Reverendo Padre de la Compañía de Jesús, don ARTURO RIVAS, está encargado de la instalación de un Laboratorio de análisis espectral con aplicación a los productos siderúrgicos utilizados en la fabricación de material de Guerra, en Asturias, contando con el apoyo de las Fábricas más importantes de la Región y con el de esta Jefatura por la extraordinaria importancia que para el desarrollo y perfección de las fabricaciones militares tendría contar con un Laboratorio de esta clase, hoy no existente en España.-

El Padre RIVAS precisará realizar un viaje a Alemania para examinar los últimos modelos de aparatos, trabajar con ellos y formular el presupuesto de adquisición.-

Y para que pueda justificar la finalidad del viaje que pretende realizar y su enorme interés para la contribución de las Industrias de Asturias a la Guerra, se expide esta certificación en Gijón a doce de septiembre de mil novecientos treinta y ocho del tercer año triunfal.

(Sinatura: José María F. Ladreda. Selo: Jefatura de Fabricación. Asturias)”

Na súa viaxe científica por Alemaña, Rivas vai recibir ademais posteriormente (con data do 14 de outubro de 1938) o apoio oficial do primeiro embaixador do goberno de Franco en Berlín, Antonio Magaz, a través deste outro escrito (que traduzo do alemán) dirixido ó Dr. Schwendemann, Conselleiro de Legación do Ministerio de Asuntos Exteriores de Berlín:

DON JOSE MARIA FERNANDEZ-LADREDA Y MENENDEZ-VALDES, TENIENTE CORONEL DE ARTILLERIA Y JEFE DE FABRICACION DE ASTURIAS.-

CERTIFICO:

Que el Reverendo Padre de la Compañía de Jesus Don ARTURO RIVAS, está encargado de la instalación de un Laboratorio de análisis espectral con aplicación a los productos Siderúrgicos utilizados en la fabricación de material de Guerra, en Asturias, contando con el apoyo de las Fábricas mas importantes de la Región y con el de esta Jefatura por la extraordinaria importancia que para el desarrollo y perfección de las fabricaciones militares tendría contar con un Laboratorio de esta clase, hoy no existente en España.-

El Padre RIVAS, precisará realizar un viaje á ALEMANIA para examinar los últimos modelos de aparatos, trabajar con ellos y formular el presupuesto de adquisición.-

Y para que pueda justificar la finalidad del viaje que pretende realizar y su enorme interés para la contribucion de las Industrias de Asturias a la Guerra, se expide esta certificación en Gijón a doce de Septiembre de mil novecientos treinta y ocho del tercer año triunfal.



Jose Maria Fernandez Ladreda

Carta a Rivas de J. María Fernández Ladreda (1938).

“Moi estimado Sr. Conselleiro de Legación:

Séxame permitido presentarlle por medio deste escrito ó Sr. Arturo Rivas, que veu a Alemaña en misión oficial do Goberno nacional español para poder analizar e comprobar el mesmo, coa finalidade de posterior compra, aparatos necesarios para a instalación dun Laboratorio de análise espectral co propósito de determinar a posible utilización de produtos de fundición na fabricación de material de guerra.

Dado que a mencionada persoa precisa en primeiro lugar do apoio das autoridades alemanas, quedaríalle eu moi agradecido a vostede se se comportase amablemente co Sr. Rivas e cos desexos e encargos que a vostede lle presentará.

Doulle xa dende agora as miñas máis expresivas grazas.

De vostede moi atto. e s. s.
(asinado) Antonio Magaz
Embaixador de España”.

Coa mesma data (14 de outubro de 1938) desta carta de recomendación do Embaixador de Berlín atópase tamén, entre a documentación pertinente, un breve “Apunte” (“Notiz”), asinado por Lohrengel, da firma R. Fuess (Berlín-Steglitz), no que se anotan os enderezos postais de Rivas en Alemaña: Berlín (Saarlandstr. 66) e Múnic (Kaulbachstr. 31a). Faise constancia tamén alí da finalidade, xa coñecida, da visita de Rivas a Alemaña e indícanse ademais diversos laboratorios alemáns (e lugares onde se atopan ou persoas que os dirixen) relacionados coa misión que se lle ten confiado ó científico de Sabucedo e que este vai visitar. Velaquí o que se di na mencionada “Notiz”:

“O Prof. Rivas visita, por encargo do Tenente Coronel de Artillería e Xefe de fabricación de guerra en Asturias, da España Nacional, casas de construción de espectrógrafos e Laboratorios e Institutos que traballan espectral-analiticamente. Residirá preferentemente en Berlín, Xena e Múnic (en Múnic moitas semanas). Solicítase introdución nos Laboratorios espectroanalíticos con experiencias prácticas:

Instituto Estatal de Análise de Materiais, Berlín-Dahlem.

Enxeñeiro Diplomado Findeisen, Metallwerk Oberspree da A. E. G.

Dr. Schliessmann, Laboratorio Químico da Fried. Krupp S. A., Essen.

Stern S. A., Gelsenkirchen.

R. Bosch S. A., Stuttgart.

Laboratorio Químico da Bochumer Verein, Bochum.

Eventualmente, Prof. Köttgen, Giessen.

Prof. Jander, Greifswald (Ostsee).

Vereinigte Aluminiumwerke, Lautawerk, Dr. Steinhäusser”.

Nun informe posterior, escrito polo propio Rivas pouco despois da súa volta de Alemaña coa finalidade de fundamentar a “gran necesidade” de instalación dun laboratorio de análise espectral en España, fará el referencias concretas a esta importante viaxe súa. Serven sen dúbida para complementar autorizadamente as infor-

macións bosquexadas no anterior “Apunte”. Velaquí as informacións que nel se aportan:

“Comisionado por el Sr. Teniente Coronel D. José M. Ladreda, de quien recibí para este fin 4000 Ptas., hice por las principales ciudades de Alemania, un viaje científico, que duró cuatro meses.

El objeto de este viaje fue adquirir los datos suficientes para montar en España un Laboratorio de análisis espectral, dotado de los mejores espectrógrafos.

Con este fin visité las principales fábricas constructoras de espectrógrafos que son Fuess y Schmidt, en Berlín, Zeiss en Jena y Steinheil en Munich. Hice espectrogramas con los aparatos de estas fábricas, y de su estudio comparativo resulta que los espectrógrafos de Zeiss son en conjunto los mejores.

Visité además otras muchísimas fábricas, en las cuales el análisis espectral es empleado continuamente en infinidad de problemas, v. gr. Osram y A. E. G. en Berlín; Krupp en Essen; Bosch en Stuttgart, etc. En casi todas estas fábricas era opinión común de los especialistas en esta materia que los espectrógrafos de Zeiss son, en general, superiores a los de otras casas.

De estas visitas saqué además la impresión de que el análisis espectral es un auxiliar poderoso en la industria, que se sirve de él para la solución de infinidad de problemas [...] De todo esto se deduce la gran necesidad que hay de montar en España un Laboratorio de análisis espectral, dotado de los mejores aparatos”.

Noutro escrito da mesma época sobre “a importancia da análise espectral” Rivas volve aludir aínda a informacións e razoamentos semellantes cando di:

“El ahorro de personal, gasto casi nulo de material, la gran rapidez del análisis espectral y su enorme sensibilidad hacen que sea muy empleado en la industria, como pude comprobar en un viaje científico de 4 meses por Alemania, que hice en el año pasado con carácter semioficial y durante el cual visité fábricas tan importantes como ‘Vereinigte Aluminium- Lautawerk’, ‘A. E. G.’ y Osram en Berlín, ‘Krupp’ en Essen, ‘R. Bosch’ en Stuttgart, ‘Felten und Guillame’ en Colonia, ‘Metalgesellschaft’ en Frankfurt, etc. En todas estas fábricas y otras muchísimas, que yo no pude visitar, se analizan las materias primas y se controla el proceso de fabricación por medio del análisis espectral, al cual la industria alemana da cada vez más importancia; así, por ejemplo, en la fábrica Osram hay siete personas dedicadas todo el día exclusivamente al análisis espectral. El Dr. Weber, que dirige este Laboratorio, me dijo que hacen por término medio unos 200 análisis diarios y que en una ocasión, por medio del análisis espectral, le evitó a la Compañía Osram daños por valor de unos 100.000 R. M.

El Dr. Balz, Director del Laboratorio de análisis espectral de la casa Bosch en Stuttgart, me dijo que él, a pesar de ser químico de profesión, se fiaba ya en general más del análisis cuantitativo espectral que del químico, y que en la fábrica Bosch tendían a prescindir del análisis químico, sustituyéndolo por el análisis espectral, lo cual habían realizado en gran parte”.

Tanto directamente en Alemaña como, trala súa volta, xa en España, recibiu, pois, Rivas diversas e moi detalladas informacións dos diversos institutos, casas ou fábricas, etc. ós que el se dirixiu sobre aparatos e instrumentos relacionados coa análise espectral. Hai varios e amplos informes, por exemplo, da “Carl Zeiss” de Xena (con datas do 25 de novembro de 1938, 19 e 25 de xaneiro 1939, 15 de marzo de 1939 e 16 maio de 1939) ou tamén da “Optische Werke C. A. Steinheil Söhne” de Múnic (29 de abril e 26 de agosto de 1940).

En principio, as visitas científicas e consultas realizadas xunto coas informacións que ía recibindo Rivas parece que non podían ir mellor. Porén, o científico de Sabucedo vai recibir en Múnic unha carta desde Xixón do Tenente Coronel J. M^a Fernández Ladreda (ó que Rivas lle ía dando regularmente conta das súas pescudas), con data do 17 de decembro de 1938, na que se lle comunica o seguinte:

“Mi respetable amigo:

Leí sus interesantes cartas y desde luego sigo con gran interés lo del Laboratorio, que considero nos prestará en la guerra un servicio valiosísimo.

Me parece acertadísimo lo de la casa Steinheil, sobre todo si como parece y Vd. indica el aparato nuevo es perfecto.

La dificultad no está en unas pesetas más o menos; la industria hay que montarla hoy sobre pilares firmes y el Laboratorio es auxiliar de gran importancia, aparte lo que vale el formar en la España Nacional hombres preparados para la reforma que habrá que realizar. La dificultad está en lograr ahora permisos de importación que supongan gastos de divisas cuando se trata de cosas no imprescindibles aun siendo de la mayor utilidad. El trámite es largo, probablemente no de solución favorable ahora y sobre todo imposible para de momento ayudar a Vd. a terminar su labor científica, pues no hay medio de enviarle los recursos que precisa.

El Estado necesita de sus recursos en divisas para atenciones urgentísimas y ahora tiene que aplazar lo que no es esencial para la lucha.

Considero, pues, debe dar por terminada esa labor, orientarse bien de todo y hablar con las casas y en cuanto se nos conceda la importación, para lo cual hay que presentar todo el detalle, facturas proforma etc. que Vd. podría traer preparado, dar orden de envío y comenzar a trabajar aquí.

Considero que tal como la industria está hoy el presupuesto no debe pasar de unas 140.000 pesetas a 150.000 pesetas.

Recibí los libros y los tengo en depósito.

Muy felices Pascuas y disponga de su affmo amigo y s. s. q. b. s. m.

(asinado: José María F. Ladreda)”.

Como se ve, a guerra civil que continúa e a urxencia das concomitantes necesidades son as que mandan. En consecuencia, semella que as xestións alemanas de Rivas durante varios meses parecen verse ameazadas agora de quedaren en dique seco. En calquera caso, a comezos do novo ano segue Rivas aínda en Alemaña e Fernández Ladreda escríbelle desde Xixón unha vez máis (ó mesmo enderezo de Múnic: Kaulbachstr. 31a) con data do 7 de xaneiro de 1939 en termos semellantes ós da anterior carta:

“Recibí todas sus cartas y, como le decía, son interesantísimas sus gestiones. No veo dificultad en el dinero, ni en los cargos para ultimar el montaje de un buen laboratorio. Las hay y las conocen los Padres de aquí con quienes hice gestiones, para disponer ahora de divisas. Concretamente, si puede hacerse la compra de los aparatos pagando en pesetas aquí, conforme, y lo mismo de la biblioteca; en otra forma no se puede ahora distraer divisas porque hay necesidades urgentes de guerra que solicitan su empleo. No puedo decirle más; si Vd. las consigue muy bien, a mí no me es posible. Así que lo mejor que considero es su regreso con todos los datos, facturas proforma etc., y aquí seguiríamos trabajando para aprovechar un momento favorable a la importación. Todo naturalmente a base de que no logre una solución que signifique no emplear divisas”.

Finalmente, e poucos días despois de recibida esta carta, dará Rivas por concluída a súa importante viaxe científica por Alemaña para volver de novo ó Colexio San José de Valladolid, no que se reintegra cara ó 25 de xaneiro deste ano 1939.

Pois ben, mentres que o interese de Rivas pola instalación do Laboratorio de análise espectral en España se mantén ben vivo, o de Fernández Ladreda parece ir esmorecendo pouco a pouco, sobre todo unha vez rematada oficialmente, o 1 de abril deste ano, a guerra civil. Efectivamente, nunha carta a Rivas (que por estas datas se atopa en Xixón), do 17 de xullo de 1939, escríbelle Fernández Ladreda verbo deste tema: “No veo a la gente muy dispuesta aquí porque ni siente tan intensamente como yo la utilidad, ni tampoco ven sus proyectos con seguridad de que se realicen en Asturias (Oviedo) y sobre todo que Vd. les habló de una subvención anual después y eso no les gusta. En fin, yo he hecho ya cuanto podía y no puedo comprometerme a más”.

Ante esta situación Rivas verase obrigado a manobrar ou cambiar de dirección, considerando en definitiva como un relativo fracaso as

xestións realizadas baixo a dirección do Tenente Coronel asturiano. O estradense amosará claramente, en efecto, o seu desgusto con este nunha carta que lle escribirá no ano seguinte, o 7 de agosto de 1940, ó Ministro de Industria e Comercio, Luis de Alarcón, que máis adiante aducirei. Entre a documentación do estradense atópanse, polo demais, diversos informes nos que el fai referencia a distintos científicos e especialistas (O. Masi, A. Gatterer, G. Balz, W. Bötger, F. Löwe, etc), que aluden á importancia da análise espectral en xeral e, de maneira particular, á superioridade e vantaxes en relación con outros do método da análise espectral cuantitativa de Rivas. Ó final dun destes informes comenta Rivas: “Por estos testimonios y otros muchísimos, que por brevedad deixo de citar, se ve la importancia tan grande que el análisis espectral tiene para la industria sidero-metalúrgica. Como por otro lado estos métodos modernos de análisis espectral son desconocidos en nuestra *industria*, creí prestar un buen servicio a nuestra Patria, creando en ella un Laboratorio de análisis espectral, donde nuestros ingenieros y químicos pudieran con facilidad estudiar y practicar estos métodos”.

Como xa sabemos, o primeiro proxecto asturiano non puido chegar a realizarse. Mais poderían abrirse agora outras posibilidades de realización. De feito, o 26 de abril de 1940 recibe en Valladolid unha carta de José Antonio de Artigas, Director do Instituto de Ampliación de Estudios e Investigación Industrial en Madrid, no que lle comunica:

“He tenido noticias de V. por el Señor Don José Ruiz Santaella, de la Granja Agrícola de esa Ciudad, y, a la vez que le escribo, quiero dirigir a V. mi saludo y la expresión de mi interés por su gratísima obra espectrográfica.

No deje de informarme de cuanto crea puede convenir, sobre todo ahora que hemos formado el Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Habrá temas de interés actual en aplicaciones a la celulosa y en algún otro problema de empeño nacional, como el de lo minerales radioactivos.

Le ruego sus noticias y ya sabe que cuenta con la cooperación que esté a mi alcance en su hermosa obra”.

Mais, entremetres, parece abrírselle a Rivas outra oportunidade máis prometedora: a de realizar o seu proxecto fóra de España, concretamente en Cuba, unha vez comprobadas as dificultades, tanto

de orixe política como económica, que no seu país (recentemente saído dunha calamitosa guerra civil) se lle están a presentar.

Neste sentido, a carta que a continuación aduzo, con data do 4 de xullo de 1940, dirixida a Rivas (Valladolid) desde Madrid polo Director Xeral da Sociedade Española de Construcións Electromecánicas ten un interese especial. Porque nela, ademais de formularse unha proposta concreta sobre a instalación, preferentemente en Madrid, do Laboratorio ideado por Rivas, se expresa unha postura negativa respecto do “camino que Vd. piensa seguir”. Camiño que seguramente ten que ver cos plans de Rivas de instalar o seu Laboratorio en Cuba, pois, tal como se di ó final da carta, non está ben que “el fruto de sus estudios beneficie a otros países y España lo pierda”. Mais vexamos xa o texto da carta:

“Lamento no haber podido tener en días pasados la satisfacción de verle por encontrarme ausente, y, en cuanto a su última carta, le ruego que perdone que disienta del camino que Vd. piensa seguir.

Persisto en lo que le dije la primera vez que hablamos:

- 1º Su laboratorio debe crearse exclusiva o al menos preferentemente para las industrias mineras y metalúrgicas.
- 2º No me parece preciso que su laboratorio tenga que ver con Instrucción Pública, ya que los títulos o certificados de estudios o prácticas que en su laboratorio pueda realizar el personal que la industria le envíe para su formación o los que voluntariamente acudan a él para su formación en esta especialidad sólo serán en definitiva documentos que garanticen a las entidades industriales la eficacia de las personas que necesitan para que apliquen su sistema en los laboratorios particulares que ellos instalen en sus fábricas.
- 3º Por todo ello parece natural que la fundación de su laboratorio requiera como primera condición una independencia absoluta en todos los terrenos para que sus trabajos y análisis arbitrales merezcan a los interesados la más absoluta confianza.
- 4º Estimo que su laboratorio debe montarse a base de donativos de la industria y sostenerse también a base de cuotas voluntarias de la misma industria.
- 5º Creo también que por lo mismo debe Vd. huir de instalarlo en una determinada zona industrial, sea la que sea, siendo el punto más conveniente a mi juicio Madrid.

Con la protección moral del Estado tendrá Vd. bastante para conseguir el apoyo de las industrias.

Me parece que lo primero que debe Vd. estudiar y formular son el presupuesto de instalación y el presupuesto de explotación hasta el momento en que el crédito y rendimiento del laboratorio le permita vivir por sus propios medios.

Por lo que a nosotros se refiere, ya sabe Vd. que puede contar con la suma de Ptas. 200.000 (DOSCIENTAS MIL) para la construcción e instalación, y con una cuota mensual de Ptas. 2.000 (DOS MIL) para su sostenimiento una vez abierto el trabajo. Es más, si más tarde se viese que Vd. pudiese necesitar un suplemento para sus instalaciones, no vacile en decírmelo francamente en la seguridad de que haré todo lo posible para que Vd. remate su obra.

Sabe Vd. también que personal y desinteresadamente puede utilizar mis relaciones con las industrias del país para apoyarle o ayudarle en sus gestiones, todo antes de que el fruto de sus estudios beneficie a otros países y España lo pierda, si Vd. aquí fracasara por la indiferencia de la industria o del Estado y se viese obligado a aplicar sus descubrimientos en otros países”.

A proposta xeral técnica desta carta é moi semellante á que lle dirixe a Rivas, só cinco días despois (9 de xullo de 1940), o Director Xeral de Industria e Material do Ministerio do Exército, Ignacio de las Llanderas. De modo que é doado supoñer que ámbolos dous Directores Xerais se puxesen previamente de acordo no fundamental das súas respectivas propostas ó científico estradense. Velaquí, en efecto, o contido desta segunda proposta de I. de las Llanderas:

“El Análisis Espectral cuantitativo, no empleado todavía en España, es de sumo interés y por ello convendría instalar en España bajo su dirección y en edificio propio un Laboratorio completo que abarque todas las especialidades.

El lugar adecuado parece ser Madrid, tanto por su situación central como por evitar lo que pudieran parecer privilegios a favor de una Zona industrial determinada.

Dada la importancia del asunto, que afecta a gran parte de la industria civil y militar, parece natural contribuyan a su instalación y sostenimiento, en tanto no pueda hacerlo por sus propios medios, el Estado y las industrias civiles afectadas, dependiendo de algún organismo oficial, como la Rama de Metales del Ministerio de Industria o la Comisión de Altas Investigaciones Científicas, del Ministerio de Educación Nacional, pero siempre obrando éste con libertad de acción para sus trabajos y análisis arbitrarios. Debiera ser como un Instituto donde recibieran enseñanza el personal de los laboratorios interesados para que después la aplicaran en los suyos respectivos, previa la instalación de los elementos necesarios a cada una de sus especialidades”.

Ata aquí as propostas españolas que se lle fan a Rivas non parecen, porén, telo persuadido eficazmente da súa intención de acceder á proposta de Cuba, na que se mostraba, polo que parece, unha manifesta receptividade para a instalación alí do seu laboratorio de análise espectral. Mais a presión política sobre Rivas vai intensificarse agora dunha maneira que el posiblemente non podía sospeitar.

En efecto, o informe manuscrito de Rivas, que a continuación presento, dá conta explícita da directa interferencia política española no proxecto científico do estradense por parte das máis altas instancias gobernamentais de Franco e deste mesmo en persoa, celosos sen dúbida de que dos beneficios do proxecto de Rivas se aproveitasen outros países. O escrito non leva data, mais ten que ser (por outro escrito de Rivas que axiña aducirei e que se refire ó mesmo tema) pouco anterior á data do 7 de agosto de 1940 e parece ademais estar dirixido, polo que se di ó final do mesmo, a diversas persoas ou entidades científicas e docentes⁷ que poderían eventualmente asesorar a Rivas ante a súa próxima audiencia con Franco. Velaquí o texto deste relevante escrito:

“El primer proyecto de creación de este Laboratorio de Análisis Espectral en Asturias fracasó a causa de la indiferencia de una de las entidades más fuertes de Asturias. En vista de lo cual decidí ir a Cuba donde me ofrecen muchas facilidades para la creación de este Laboratorio.

Mediante este Laboratorio pretendía también hacer Patria, fomentando las relaciones culturales Hispano-americanas; y a este fin di cuenta de mis propósitos al Sr. Marqués de Auñón, jefe de la sección de Relaciones Culturales en el Ministerio de Asuntos Exteriores, el cual creyó que yo serviría mejor a nuestra Patria, montando este Laboratorio en España. El Sr. Marqués de Auñón informó de todo al Excmo. Señor Don Juan Beigbeder, Ministro de Asuntos Exteriores, el cual, después de poner un telegrama al Director General de Seguridad para que se me negara el pasaporte, informó de todo al Generalísimo. Al día siguiente el Secretario de su Excelencia, Coronel Franco, me hizo saber que el Jefe del Estado Generalísimo me concede una audiencia privada, para ‘hablar conmigo despacio’ sobre mi proyecto de un Laboratorio de Análisis Espectral, pero antes desea dé yo cuenta de todo a los Señores Ministros de Industria y Educación Nacional.

Como yo quisiera orientarme bien, antes de hablar con el Generalísimo, procuro hablar con todos aquellos a quienes este Laboratorio puede interesar, para que me expongan su parecer por escrito. Arturo Rivas (asinado)”.

Están, pois, implicados agora no proxecto de Rivas, poucos meses despois de rematada a guerra civil, nada máis e nada menos que tres Ministros, o de Asuntos Exteriores, o de Industria e Comercio e o de

7 O texto manuscrito de Rivas esta redactado nun folio que leva impreso na súa cabeceira o nome e enderezo dunha ben coñecida entidade docente xesuítica madrileña: “Estudios Clásicos y Electromecánicos. Dirigidos por PP. de la Compañía de Jesús. Alberto Aguilera, 25. Madrid”.

Educación Nacional, aparte, claro está, do propio Franco. O Ministro de Asuntos Exteriores era o militar Juan Luis Beigbeder Atienza, que exerceu este cargo durante pouco máis dun ano (ata o 16 de outubro de 1940). A relación con Rivas limitouse a negarlle o pasaporte para evitar que Rivas se desprazase a Cuba. Os outros dous Ministros eran: de Educación Nacional, José Ibáñez Martín (desde o 9 de agosto de 1939), e de Industria e Comercio, Luis de Alarcón de la Lastra (que cesaría no seu cargo no mesmo día que o de Asuntos Exteriores). O mencionado Marqués de Auñón era Enrique Valera Ramírez de Saavedra.

Seguindo as aludidas instrucións de “dar conta de todo ós Ministros de Industria e de Educación Nacional” antes da prevista audiencia con Franco (da que non dispoño de informacións máis concretas), Rivas vai ser recibido o 9 de xullo de 1940 polo Ministro de Industria e Comercio e seguidamente, no mesmo día, polo Ministro de Educación Nacional. Tanto estes datos como outros relativos ó coñecido proxecto de Rivas pódense ler nesta interesante carta que o estradense lle escribirá aínda posteriormente ó Ministro de Industria e Comercio o 7 de agosto de 1940, un mes despois da audiencia con el. Velaquí o seu texto:

“Excmo. Señor:

El mismo día en que tuve el honor de ser recibido por V. E. hablé por la tarde con el Sr. Ministro de Educación Nacional, el cual insistió mucho en la conveniencia de que el Laboratorio proyectado dependa de su Ministerio. Ruego a V. E. haga todo lo posible por que este Laboratorio dependa de la Comisión Reguladora de Metales o cosa parecida dentro del Ministerio de Industria, por ser esto, a mi juicio, lo más conveniente, dada la naturaleza y finalidad de este Laboratorio.

En nuestra audiencia me dijo V. E. que estaba decidido a prestar todo su apoyo a la rápida realización del proyecto de Laboratorio, que entonces expuse a V. E., y que podía yo estar seguro de que esta vez no me sucedería lo que con el Sr. Ladreda, el cual, como ya conté a V. E., después de haberme hecho llegar el permiso de importación, estuvo todavía durante medio año dando largas al asunto, para terminar diciéndome que él solo, sin la ayuda de otras industrias asturianas, no podía costear el Laboratorio. Mis Superiores, creyendo que se haría el Laboratorio, prescindieron de mí aquel año para las clases y naturalmente se molestaron algo al ver que yo había perdido inútilmente un año.

No le extrañe, pues, a V. E. el que mis Superiores, con estos antecedentes, se muestren algo perplejos respecto a mis asuntos, viendo que todavía no hay nada

concreto y ha transcurrido ya más de mes y medio desde que se me negó oficialmente el pasaporte con el fin de que montara en España el Laboratorio que iba a crear en Cuba, aprovechando las facilidades que me ofrecían allí para ello. Mis Superiores están ahora haciendo el cuadro de profesores de los Colegios y desean saber si se podrá o no contar conmigo para el próximo año; naturalmente que arreglarán el cuadro de profesores, prescindiendo de mí, si V. E. está decidido a que el Laboratorio proyectado sea una realidad este año. Por eso ruego encarecidamente a V. E. me exponga en una carta, que yo pueda enseñar a mis Superiores, todo lo que me dijo respecto a este Laboratorio en la audiencia del 9 de julio, refiriéndose en su carta únicamente a esta audiencia, a fin de que mis Superiores vean que V. E. está resuelto a ayudarme eficaz y rápidamente en la creación de esta Laboratorio.

Voy a recordar brevemente a V. E. el proyecto que entonces le expuse: Se trata de un Laboratorio de 'Métodos ópticos aplicados al análisis químico' (Análisis espectral, análisis calorimétrico, análisis mediante el 'efecto Raman', estudios de los defectos internos de una pieza metálica mediante los rayos X etc.). Este Laboratorio debe funcionar como centro de Investigación y de Formación únicamente al servicio de la Industria.

Si ha encargado a alguno del Ministerio el estudio de mi proyecto, ruego encarecidamente a V. E. le dé órdenes para que lo resuelva rápidamente y me relacione con él. Creo que lo más conveniente para esto sería el que yo me fuera, enviado por V. E., a Alemania, donde visitaría las tres fábricas constructoras de espectrógrafos, que son Zeiss en Jena, Steinheil en Munich, Fuess en Berlín, y haría el presupuesto de los aparatos para encargarlos después a las casas que los ofrecieran en mejores condiciones.

Por el mismo correo envío a V. E. el resumen de una conferencia que di, invitado por la 'Società per il Progresso delle Scienze', en el Congreso de Ciencias celebrado en Venecia el año 1938.

Dispéñeme V. E. la libertad que me he tomado de escribirle con tanta familiaridad y confianza; a ello me ha movido la amabilidad tan grande con que V. E. me trató el día en que tuve el honor de exponerle mis proyectos.

Mándeme V. E. y disponga incondicionalmente de s. afmo. s. s. [Arturo Rivas]".

Unha das cousas na que máis insistía Rivas nesta carta, aparte da celeridade coa que lle pide ó Ministro que actúe, é, como se ve, a de que o proxectado Laboratorio dependa do Ministerio de Industria e Comercio e non do de Educación Nacional. Ningunha das dúas cousas se realizaron ou resolveron totalmente ó gusto do estradense. Pois, por unha parte, a resposta do Ministro vai tardar aínda algo máis dun mes e, por outra, a súa solución será tamén un tanto salomónica. O Ministro comunícalle, en efecto, a Rivas que o Laboratorio debería depender, por un lado, do "Consello Superior de Investigacións Científicas" e, por outro, que sería a "Comisión Reguladora da

Producción de Metais” a que correría cos gastos dos traballos realizados no Laboratorio. Velaquí o texto desta breve comunicación, con data do 10 de setembro de 1940, do Ministro de Industria:

“Mi distinguido amigo: Después de estudiada con detenimiento su carta, tengo mucho gusto en comunicarle que considero lo más acertado que el Laboratorio proyectado por Vd. dependa del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pero, siendo la industria de los metales la que podía obtener de dicho Laboratorio en lo futuro las ventajas que de su aplicación práctica se derivasen, la Comisión Reguladora de la Producción de Metales subvencionaría los trabajos que en dicho Laboratorio se realizasen”.

Con isto parece que remata a relación de Rivas co Ministro de Industria e Comercio, Luis de Alarcón, quen polo demais sería cesado só un mes despois desta carta no seu efémero cargo, desempeñado por el no breve período que vai do 9 de agosto de 1939 ata o 16 de outubro de 1940. Porén, a continuación e sen máis tardanza, Rivas ponse en contacto epistolar o 16 de setembro (só seis días despois da data da anterior carta a el do Ministro de Industria) co Ministro de Educación Nacional, J. Ibáñez Martín, quen pola súa parte remite a carta de Rivas ó por entón Vicesecretario do Consello Superior de Investigacións Científicas, Alfredo Sánchez Bella (quen trinta anos máis tarde sería aínda Ministro de Información e Turismo), tal como o mesmo Sánchez Bella llo comunica a Rivas o 30 deste mesmo mes de setembro nos termos seguintes:

“El Excmo. Sr. Ministro de Educación Nacional nos transmite una carta que con fecha 16 del actual le escribe Vd. a la que acompaña la copia de un escrito que a primeros de julio presenté a la Secretaría de Relaciones Culturales.

Como la aprobación para crear un Instituto de esta naturaleza precisa sea hecha por el Consejo Ejecutivo, no puedo dar una contestación rotundamente afirmativa a las preguntas de su carta hasta tanto no sea examinada su propuesta por el Consejo, cosa que seguramente se hará dentro de unos días. De todos modos puedo adelantarle que la propuesta será estudiada con gran atención y casi con seguridad será recabado su concurso.

¿Dónde desearía Vd. fuese instalado este Laboratorio? ¿Podrían servir para sus trabajos las instalaciones ya montadas del Instituto Nacional de Física y Química, que ya supongo Vd. conoce?

Espero me conteste a estos extremos, y yo, inmediatamente sepa nuevas noticias sobre estos asuntos, le escribiré”.

O “Instituto Nacional de Física e Química”, do que aquí se fala, tiña a súa sede, tal como indiquei xa máis arriba, no mencionado

edificio Rockefeller no que o propio Rivas, cando residía aínda en Alemaña, aspiraba (tal como se recordará) a continuar coas súas investigacións. De modo que case parece que Rivas volve estar ó final onde estaba ó principio...

E aquí, finalmente, xa se pode dicir tamén –ó non dispor pola miña parte de nova documentación posterior coa que entreter ó lector– que acaba esta historia, a historia dun moderno Laboratorio científico que puido ser e que, debido a razóns e circunstancias históricas, militares, políticas e humanas, non chegou a ser. Porque xustamente esta carta de Sánchez Bella a Rivas vén coincidir de feito co seu abandono do Colexio San José de Valladolid e co seu destino definitivo á función docente de Física e Química (en Galiza e logo Asturias) que, segundo xa indiquei nun anterior artigo⁸, ocupará ó estradense durante o resto da súa vida.

En calquera caso, aínda despois, tralo fracaso ou inoperancia da vía oficial en relación coa instalación do seu Laboratorio de análise espectral, Rivas seguía a ser solicitado e cientificamente valorado por potentes entidades industriais de iniciativa privada. Unha mostra, en certo modo paradigmática, é a seguinte carta que lle dirixe o 19 de decembro de 1942 o Director do Laboratorio de Altos Hornos de Vizcaya en Bilbao, José Pérez Salado (unha das relevantes personalidades científicas que asistiran á máis arriba aludida conferencia de Rivas en Bilbao):

“Mi muy estimado amigo:

Al fin tenemos instalado en nuestro laboratorio el espectrógrafo Qu-24 de Zeiss, así como el proyector de espectros y el fotómetro rápido, con dispositivo para la medición de longitudes de onda.

8 Sobre esta súa actividade docente pode verse CABADA CASTRO, M., *Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada): “A Estrada. Miscelánea histórica e cultural”, vol. 14 (2011), nas páxs. 16 a 20. Foi sempre moi loada por todos a “claridade” dos seus libros de texto de Física e Química. Nunha carta dirixida a Rivas sobre unha reunión (á que el non puido asistir) da “Comisión para os textos de Física e Química”, dependente da “Prefectura Nacional de Estudos dos Colexios da Compañía de Xesús en España” (con sede en Barcelona) comunicaselle entre outras cousas o seguinte: “Verá en el acta que *hemos encomendado a V. la Física de 5º y 6º*. Acaso es el texto más delicado; pero *todos* los presentes hicieron tales elogios de la *claridad* del P. Rivas, y de su adaptabilidad a los alumnos, que por *unanimidad* le encomendamos a V. este texto”. Seguramente moita desta loada “claridade” súa proviría da súa mestría na investigación e da súa intensa práctica de laboratorio.*

El aparato viene provisto de dispositivos eléctricos para espectros de emisión y absorción, por chispa, arco intermitente y arco continuo. Tiene en realidad todas las posibilidades, pues incluso he hecho que nos envíen, en cantidad, carbones especiales para la aplicación de su método de V.

No creo necesario insistir en cuanto le ofrecí con ocasión de su grata visita a nuestro laboratorio; es decir, que, partiendo del principio de que por tratarse de un laboratorio industrial el trabajo que pudiéramos llamar auxiliar para la fabricación ha de tener la preferencia, siempre nos quedará tiempo para el estudio y la investigación, que, cuando se cuenta con un aparato como éste, casi parece obligado hacerlo; para ello tendrá V. mi más cordial colaboración. Este pensamiento, no del todo desprovisto de egoísmo, he de confesarlo, me impulsa a dirigirme a V., en la esperanza de que tendré el gusto de verlo en fecha próxima”.

Con esta carta remato xa estas liñas sobre a peripecia vital dun sobresaínte estradense de Sabucedo, que se non acadou pór en funcionamento en España o seu ideado laboratorio, tería méritos abondos polo menos para que o Concello da Estrada se honrase a si mesmo honrando a un dos seus sobranceiros fillos bautizando co seu nome calquera humilde rúa futura do seu concello natal... Porque teño ademais constancia, por cartas que lle dirixían a el compañeiros e amigos do seu Laboratorio muniqué, despois de deixar o estradense definitivamente a capital bávara, de que a Arturo lle compracía entoar alí cancións da súa terra: “As túas belas cancións hai tempo que se extinguiron nos laboratorios do Instituto” (escríbelle Adolf Schöntag: 17. IX. 1937); “Agora, dende a túa marcha, no ámbito do Instituto non resoa xa tantas veces coma cando estabas aquí a ledicia das cancións populares españolas e alemanas. Gardo ben aínda na lembranza as túas lindas cancións españolas” (carta de Fritz Katheder: 25. I. 1938). E coido que non é moito supoñer que entre as que os seus amigos chaman sen máis “españolas” puidesen figurar cancións populares galegas, que Arturo seguramente aprendería de mozo e rapaz na súa parroquia natal de Sabucedo antes de ingresar, con dezasete anos, na Compañía de Xesús en 1915; pois eran tempos, a comezos do século XX, nos que a canción popular era aínda, felizmente, verdadeiramente “popular”.



A rapa das bestas de Sabucedo. As súas denominacións e outros datos de interese

Luís Manuel Ferro Pego
leonvenera@hotmail.es

Resumo. Precísase neste artigo que pasos se deron e cando para que a Festa da Rapa das Bestas de Sabucedo fose declarada Festa de Interese Turístico e Festa de Interese Turístico Internacional, así como cando foi inaugurado o novo curro, cando se ampliaron os días de festa e se fundou a Gala Rapa das Bestas de Sabucedo, que se celebra en honra dos aloitadores e de persoas destacadas no ensalzamento da festa. Acompáñase de documentación pertinente, carteis da Rapa e imaxe dos portais do curro.

Abstract. This article is about the steps taken in order to Festa da Rapa das Bestas de Sabucedo be declared Festival of Tourist Interest and Festival of International Tourist Interest, as well as when the new yard was inaugurated, when the celebration days were extended and the Gala Rapa das Bestas de Sabucedo was founded, a celebration in honour of 'fighters' and distinguished people. The article includes relevant documentation, festival posters and pictures of the yard gates.

Non pretende este artigo desenvolver un labor de investigación sobre a celebración deste singular acontecemento. Para iso basta recorrer á publicación titulada “*A Rapa das Bestas de Sabucedo, Historia e Antropoloxía dunha tradición*”, escrita polo padre xesuíta, teólogo e filósofo don Manuel Cabada Castro, que por desgraza hoxe se atopa esgotada. Preténdese máis ben facer un recorrido diacrónico sobre as distintas denominacións desta festa e dar as datas correctas sobre a súa declaración como Festa de Interese Turístico e Festa de Interese Turístico Internacional.

En efecto observamos como nalgúns traballos publicados sobre A Rapa das Bestas de Sabucedo aparecen recollidas datas erróneas, polo que este traballo de investigación busca un maior rigor ao extraer os datos publicados no Boletín Oficial do Estado, libros de actas do Excelentísimo Concello de A Estrada, ou calquera outro documento que bote luz ou aporte coñecementos en relación ao tema.

Comezamos pola publicación no nº 251 do Boletín Oficial do Estado (19/10/1964) da Orde de 30 de setembro de 1964 do

Grandes Fiestas en SABUCEDO (La Estrada)

los días 16, 17 y 18 de Mayo del corriente año de 1948
con motivo de las operaciones de beneficiación
de la Yeguada de San Lorenzo, conocidas vulgarmente por la
“RAPA das BESTAS”



que, como en años anteriores, se practican esos días
en dicha parroquia, con arreglo al programa que sigue:

DIA 16

5 de la mañana.—Misa del Espíritu Santo, que con religioso fervor oírán todos los llamados a las operaciones del día.

7 de la mañana.—Partida de la expedición hacia Montouto, superficie de monte de unos 50 kilómetros donde la Yeguada se halla diseminada en manadas, procediendo a la búsqueda, captura y concentración de la misma.

4 de la tarde.—Bajada de la Yeguada a Sabucedo y entrada de la misma en el cerco o encierro donde ha de pasar la noche bajo la vigilancia de la guardia nocturna.

8 de la noche.—Balle de salón donde hacen su presentación las mejores orquestas de la provincia.

DIA 17

6 de la mañana.—Recuento, reconocimiento y selección del ganado y admisión de Sres. propietarios particulares forasteros, que deseen separar sus reses del cuerpo general de la Yeguada.

11 de la mañana.—Entrada de la Yeguada en la plaza o "curro" y exhibición de los típicos "AGARRADORES" por procedimientos del

siglo XVI, al propio tiempo que se otorga a parte de comiezo la feria o subasta del ganado excedente y de la cerda producido de la "rapa".

2 de la tarde.—Paso del ganado al encierro, procediéndose seguidamente al "yantar" para lo cual, la gran afluencia de romeros contará con excelentes casas de comidas y tiendas ambulantes.

4 de la tarde.—Comienzo de la fiesta campestre, amenizada por una renombrada banda de música del país.

8 de la noche.—Balle de salón y lunch de trabajadoras.

DIA 18

8 de la mañana.—Terminación de las operaciones del encierro y señalamiento o marcado del ganado nuevo.

12 de la mañana.—Devolución de la Yeguada a los montes de procedencia por medio de la libertad.

4 de la tarde.—Balle, convite y rondon al

Patronato
 Sabucedo, Mayo de 1948.

Cartel de 1948.

Ministerio de Información e Turismo, pola que se crea a denominación de “Festa de Interese Turístico”:

Artigo 1.º Créase a denominación honorífica de “Festa de Interese Turístico” para aquelas festas ou acontecementos que se celebren en España, calquera que sexa a índole dos mesmos, e que ofrezan unha importancia real desde o punto de vista turístico.

Art. 2.º A denominación a que se refire o número anterior será solicitada previo acordo da Corporación polo concello do lugar correspondente, mediante instancia elevada ao Ministerio de Información e Turismo, na que se fará constar aquel extremo e á que acompañará a documentación que considere oportuna en apoio da súa solicitude expresándose preceptivamente os seguintes datos: a) Data ou época da orixe da festa ou acontecemento. b) Historia resumida da súa institución e desenrolo. c) Descrición dos actos que compoñen a festa ou acontecemento na época actual. d) Datas de celebración. e) Fotografías, carteis, programas, folletos, libros e en xeral canta información gráfica se refira á festa ou acontecemento en cuestión.

Esta Orde Ministerial componse de sete artigos e asínaa o ministro Fraga Iribarne.

Con motivo da creación de *festa de interese turístico*, os organizadores de “A Rapa das Bestas de Sabucedo” pónense mans á obra e comezan a realizar xestións para que esta importante tradición popular cargada de valores culturais e coas súas considerables características etnolóxicas que aportan un gran atractivo turístico, sexa denominada Festa de Interese Turístico. Este equipo humano reúne co alcalde do concello que daquela era o avogado estradense don Mario Blanco Fuentes, gran admirador desta festa, quen sen dubidalo apoia de forma decidida esta petición. Mostra diso é a sesión ordinaria do Pleno que celebra a corporación municipal o 27 de outubro de 1964: *Orde do día, punto 7.º Petición de declaración como “Festa de Interese Turístico” de acordo coa Orde de 30 de setembro último, da coñecida como “A Rapa das Bestas” na parroquia de Sabucedo deste Municipio. O Señor Alcalde-Presidente comunica ao pleno que o Boletín Oficial do Estado data 19 de outubro inserta a orde do Ministerio de Información e Turismo de 30 de setembro último, creando a denominación honorífica de “Festa de Interese Turístico” para aquelas que merezan tal cualificación expoñendo os puntos máis esenciais da citada disposición legal e a súa crenza de que a nosa coñecida festa “A Rapa das Bestas”, que se celebra anualmente na parroquia de Sabucedo desde tempos inmemoriais, pola súa categoría como espectáculo viril e vistoso ao que, aínda que pouco coñecido, acoden moitas xentes, mesmo estranxeiros, e pola súa raizame antiqüísima e parroquial, debe merecer sen dúbida algunha aquela declaración, xa que, circunscrita actualmente a un ámbito puramente local, é susceptible dun maior desenrolo e o seu*

7.ª Petición de declaración como "Fiesta de Interese Turístico" de acuerdo con la orden de 30 de Septiembre último, de la conocida como "A Rapa das Bestas" en la parroquia de Sabucedo, de este Municipio.

El Sr. Alcalde-Presidente comunica al Pleno el Boletín Oficial del Estado fecha 19 de los cuarenta y siete Orden de Ministerio de Información y Turismo de 30 de Septiembre último, acerca de la denominación turística de "Fiesta de Interese Turístico" para aquellas que reúnan las condiciones expuestas los puntos más esenciales de la citada disposición legal y se acuerda si que merita o merece festejo "A Rapa das Bestas" que se celebra anualmente en la parroquia de Sabucedo, dada también inmemorial por su categoría como espectáculo vivo y vivo, al que siempre por consiguiente, venden muchos gentes, incluso extranjeros y por su riqueza de antiquísima y paraguais debe merecer sin duda alguna, aquella declaración ya que en consecuencia activamente a un ámbito provincial, local o municipal de gran atracción turística, si se ayuda convenientemente de manera que permita a la vez que estos no lleguen a ser farrasos o mani-

festación de nuestros antiquísimos costumbres, darle un mayor auge hasta convertirlo en un verdadero espectáculo que es la lucha de hombre en los caballos salvajes para su doma.

Concedido los Votos del Pleno de festejo y el amparo de la disposición legal que se comenta, se acuerda por unanimidad solicitar del Ministerio de Información y Turismo sea declarada como Fiesta de Interese Turístico la conocida como "A Rapa das Bestas" que se celebra actualmente en la parroquia de San Lorenzo de Sabucedo, de este Municipio, facultando al Sr. Alcalde para que acompañe a la instancia solicitando el cumplimiento de este acuerdo los documentos a que se refiere el artículo 2º de la mencionada Orden Ministerial de 30 de Septiembre último.


Acto do Pleno do 27.10.1964.

espectáculo de gran atracción turística se se axuda economicamente de maneira que permita, á par que evitar non chegase a desaparecer tan fermosa manifestación dos nosos antiquísimos costumes, darlle un maior auxe ata convertelo no verdadeiro espectáculo que é a loita do home cos cabalos salvaxes para a súa doma.

Coñecendo os señores do Pleno tal festa e ao amparo da disposición legal que se comenta, acórdase por unanimidade solicitar do Ministerio de Información e Turismo sexa declarada como Festa de Interese Turístico a coñecida "Rapa das Bestas" que se celebra actualmente na parroquia de San Lourenzo de Sabucedo, deste municipio, facultando ao Señor Alcalde para que acompañe á instancia, solicitando e cumprindo este acordo, os documentos a que se refire o artigo 2º da mencionada Orde Ministerial de 30 de setembro último.

O alcalde don Mario púxose en contacto mediante correspondencia co Subsecretario de Información e Turismo, cuxo cargo recaía en don Pío Cabanillas, así que remitiulle unha carta con data 9 de novembro, sendo contestada polo señor Cabanillas con data 10 de decembro de 1964, quen lle brindaba o seu apoio para que "A Rapa das Bestas" fose declarada Festa de Interese Turístico.


Na sesión ordinaria do Pleno da corporación municipal celebrada o 27 de febreiro de 1965, o punto 6 da Orde do día di: Dar



Carta de don Pío Cabanillas, Subsecretario de Información e Turismo, a don Mario Blanco Fuentes.

conta da declaración de Interese Turístico da Festa "A rapa das Bestas" da parroquia de Sabucedo.

A Corporación Municipal en Pleno quedou informada do contido do escrito do Excmo. Sr. Subsecretario de Turismo, polo que, en virtude do art. 5º da Orde Ministerial de 30 de setembro de 1964, á proposta da Comisión creada ao efecto, e por resolución da indicada data, tivo a ben conceder o título honorífico de Festa de Interese Turístico á denominada "A Rapa das Bestas" na parroquia de Sabucedo neste concello, accedendo



Pleno da Corporación Municipal do 27.2.1965.

así ao interesado por esta Corporación en sesión celebrada o día 27 de outubro pasado.

O Alcalde informou á Corporación da boa nova, vendo así recompensados os seus esforzos ao ser publicado no B.O.E. nº 55 de 5 de marzo de 1965, xunto con outras festas de renome: "Mouros e Cristiáns" de Alcoi na provincia de Alacante ou a famosa "Semana Santa" e a "Feira de abril" de Sevilla. "RESOLUCIÓN da Subsecretaría de Turismo pola que se concede a denominación de Festa de Interese Turístico ás festas españolas que se sinalan.

En virtude do artigo quinto da Orde ministerial de 30 de setembro de 1964, na que se instituíu a denominación honorífica de Festa de Interese Turístico, e á proposta da Comisión creada ao efecto, esta Subsecretaría tivo a ben conceder o título honorífico de Festa de Interese Turístico ás seguintes festas españolas:

"A Rapa das Bestas," de San Lourenzo de Sabucedo-A Estrada (Pontevedra) [...] O que se fai público a todos os efectos. Madrid, 20 de febreiro de 1965. O Subsecretario, García Rodríguez-Acosta.

A Orde do 30 de setembro de 1964 é modificada pola Lei de 1 de marzo de 1968, 30 de outubro de 1971 e 29 de marzo de 1973.

No B.O.E. nº 37 de 12 de febreiro de 1979 a Orde de 29 de xaneiro de 1979 regula a normativa para a concesión do título

3392

5 marzo 1965

B. O. del E.—Núm. 55

Fecha de vigencia

Art. 1.º. La presente disposición empezará a regir desde la fecha de su publicación en el Boletín Oficial del Estado, siendo su vigencia hasta el 31 de enero de 1966.

Madrid, 18 de febrero de 1965.—El Comisario general, Enrique Fontana Codina.

Para superior conocimiento: Excmos. Sres. Ministros de Comercio y de Agricultura.

Para conocimiento y cumplimiento: Excmos. Sres. Gobernadores civiles, Delegados provinciales de Abastecimientos y Transportes.

MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO

ORDEN de 12 de febrero de 1965 por la que se crea la Junta de normalización de impresos y papel para documentos del Departamento y se determinan sus competencias.

Ilustrísimos señores:

La Ley de Régimen Jurídico de la Administración del Estado, en su artículo 15, y la de Procedimiento Administrativo, en sus artículos 30 al 32, señalan como competencia de las Secretarías Generales Técnicas de los Ministerios civiles las de proponer las normas generales sobre adquisición de material y cuantas disposiciones afecten al funcionamiento de los Servicios, así como los estudios y trabajos necesarios conducentes a la normalización de impresos y papel de documentos.

En virtud de lo expuesto, Este Ministerio ha tenido a bien disponer:

Primero.—Se crea en la Secretaría General Técnica del Departamento la Junta de normalización de impresos y papel de documentos.

Segundo.—Dicha Junta quedará constituida de la siguiente forma:

Presidente: El Secretario general técnico.
Vicepresidente: El Subsecretario general técnico.
Vocales: Un representante designado por la Oficialía Mayor del Departamento.
Los Jefes de los Servicios de Publicaciones y de Delegaciones de la Subsecretaría del Ministerio.
El Jefe del Servicio Ordenador de la Subsecretaría de Turismo.

Los Jefes de las Secciones Administrativas de las Direcciones Generales de Prensa e Información.
El Jefe de la Sección Económico-administrativa de la Dirección General de Radiodifusión y Televisión.
El Jefe de la Sección de Asuntos Generales de la Dirección General de Cinematografía y Teatro; y
Vocal-Secretario: El Jefe de la Sección Administrativa de la Secretaría General Técnica.

Tercero.—Será competencia de la Junta los estudios y proyectos destinados a:

- 1. Coordinar los impresos que se utilicen en el Departamento, así como sus correspondientes procesos.
2. Reducir gastos innecesarios.
3. Evitar duplicaciones innecesarias.
4. Normalizar el tamaño y otros aspectos de los impresos.
5. Analizar su necesidad.
6. Mejorar su aspecto y eficacia funcional.

Cuarto.—La Junta, a través de su Presidente, podrá recabar de los Organismos del Ministerio los impresos o papel de documentos que actualmente se utilizan, a fin de proceder a su estudio y posterior normalización.

Quinto.—Los acuerdos de la Junta serán ejecutivos una vez conformados por el Subsecretario del Departamento.

Sexto.—Como trámite previo para su edición, todo nuevo impreso deberá ser sometido a informe de la Junta que por esta Orden se crea, sin cuyo requisito no podrá autorizarse la impresión del mismo ni su suministro.

Séptimo.—La Sección de Adquisiciones a través de la Oficialía Mayor, y el Servicio de Publicaciones deberán recabar cuando se realicen pedidos de nuevos impresos el informe a que se refiere el punto anterior, sin cuyo requisito no podrán autorizar ni el suministro ni la edición solicitadas.

Lo que comunico a VV. II. para su conocimiento y efectos. Dios guarde a VV. II. muchos años. Madrid, 12 de febrero de 1965.

FRAGA IRIBARNE

Ilmos. Sres. Subsecretario del Departamento, Subsecretario de Turismo, Directores generales y Secretario general técnico.

RESOLUCION de la Subsecretaría de Turismo por la que se concede la denominación de Fiesta de Interés Turístico a las fiestas españolas que se señalan.

En virtud del artículo quinto de la Orden ministerial de 30 de septiembre de 1964, que instituyó la denominación honorífica de Fiesta de Interés Turístico, y a propuesta de la Comisión creada al efecto, esta Subsecretaría ha tenido a bien conceder el título honorífico de Fiesta de Interés Turístico a las siguientes fiestas españolas:

- Corpus Christi, de Sitges (Barcelona).
s/El Perco-Palao, de Villanueva de la Vera (Cáceres).
s/ La Rapa das Bestas, de San Lorenzo de Sabucedo-La Estrada (Pontevedra).
Fiesta del Pastor, de Cangas de Onís (Asturias).
Fiesta de San Ginés, de Arrecife de Lanzarote (Las Palmas de Gran Canaria).
s/Danzantes y Pecadores, de Camuñas (Toledo).
s/More y Cristianos, de Alcoy (Alicante).
s/La Follas, de San Vicente de la Barquera (Santander).
Semana Santa y Ferias de abril, de Sevilla.

Lo que se hace público a todos los efectos. Madrid, 20 de febrero de 1965.—El Subsecretario, García Rodríguez-Acosta.

II. Autoridades y Personal

NOMBRAMIENTOS, SITUACIONES E INCIDENCIAS

PRESIDENCIA DEL GOBIERNO

ORDEN de 3 de marzo de 1965 por la que se nombra Presidente de la Comisión de Industrias de la Alimentación del Plan de Desarrollo Económico y Social a don Enrique Fontana Codina.

Ilmo. Sr.: En virtud de lo establecido en los artículos cuarto y quinto del Decreto 94/1962, de 1.º de febrero.

Esta Presidencia del Gobierno ha tenido a bien disponer el nombramiento de Presidente de la Comisión de Industrias de la Alimentación del Plan de Desarrollo Económico y Social a don Enrique Fontana Codina. Lo que digo a V. I. para su conocimiento y efectos. Dios guarde a V. I. muchos años. Madrid, 3 de marzo de 1965.

CARRERO

Ilmo. Sr. Comisario del Plan de Desarrollo Económico y Social.

BOE do 5.3.1965 declarando a Rapa Festa de Interesse Turístico.

honorífico de "Festa de Interesse Turístico". O interesante desta Orde vénnos dado nos seus artigos primeiro e segundo.

Artigo 1º. A denominación honorífica de "Festa de Interesse Turístico" outorgase a aquelas festas ou acontecementos que se celebren en España, que ofrecen unha importancia real desde o punto de vista turístico.

Artigo 2º. A denominación xenérica á que se refire o artigo anterior estará dividida en tres categorías: “Festa de Interese Turístico Internacional” “Festa de Interese Turístico Nacional” e “Festa de Interese Turístico” segundo o seu grado de importancia.

No B.O.E. nº 257 de 27 de outubro de 1987 o Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacions, publica a Orde de 29 de setembro de 1987 pola que se regulan as declaracións de interese turístico nacional e internacional. *Artigo 1.º As declaracións honoríficas de interese turístico a que a Orde se refire serán as seguintes: a) Declaración de “Festa de Interese Turístico Nacional” ou “Internacional.”*

Aínda teremos novas regulacións no B.O.E. nº 135 de 7 de xuño de 2006, Orde ITC/1763/2006, de 3 de maio, na que se regula a declaración de festa de interese turístico nacional e internacional. Será ao amparo desta Orde cando “*A Rapa das Bestas de Sabucedo*” sexa declarada Festa de Interese Turístico Internacional, publicada no Boletín Oficial do Estado nº 176 de 24 de xullo de 2007.

“RESOLUCIÓN de 21 de xuño de 2007 da Secretaría Xeral de Turismo, pola que se concede o título de “Festa de Interese Turístico Internacional” á Rapa das bestas de Sabucedo de A Estrada (Pontevedra).

De conformidade co disposto no apartado 6º, da Orde Ministerial de 3 de maio de 2006 (BOE de 7 de xuño), esta Secretaría Xeral de Turismo tivo a ben conceder o título de “Festa de Interese Turístico Internacional” á seguinte festa:

“A rapa das bestas de Sabucedo” de A Estrada (Pontevedra).

O que se fai público a todos os efectos. Madrid, 21 de xuño de 2007. A Secretaría Xeral de Turismo, Amparo Fernández González.

Con data de 24 de novembro do ano de 1991 ten lugar a constitución da *Asociación Rapa das Bestas Sabucedo*, que no seu libro de actas dise así: “*Sabucedo 24-XI- 91. En S. Lourenzo de Sabucedo, parroquia do Concello de A Estrada, a día 24 de novembro de 1991, acordan reunirse como Comisión Xestora un grupo de persoas coa finalidade de constituír a “Asociación RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO”.* Acórdase así mesmo aprobar os estatutos e nomear a xunta directiva desta nova asociación. E a asemblea xeral extraordinaria da devandita asociación, celebrada o día 16 de maio de 2004, acordou a modificación dos seus estatutos pra a súa adaptación á lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación.

32198

Martes 24 julio 2007

BOE núm. 176

14205 RESOLUCIÓN de 21 de junio de 2007, de la Secretaría General de Turismo, por la que se concede el título de «Fiesta de Interés Turístico Internacional a Rapa das Bestas de Sabucedo, de A Estrada (Pontevedra)».

De conformidad con lo dispuesto en el apartado 6.º, de la Orden Ministerial de 3 de mayo de 2006 (BOE de 7 de junio), esta Secretaría General de Turismo ha tenido a bien conceder el título de «Fiesta de Interés Turístico Internacional», a la siguiente fiesta:

«A Rapa das Bestas de Sabucedo» de A Estrada (Pontevedra).

Lo que se hace público a todos los efectos.
Madrid, 21 de junio de 2007.—La Secretaría General de Turismo, Amparo Fernández González.

14206 RESOLUCIÓN de 12 de junio de 2007, de la Secretaría General de Energía, por la que se certifica un captador solar de tubos de vacío, modelo TZ-58/1800-25R, fabricado por Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd.

Recibida en la Secretaría General de Energía la solicitud presentada por Ingeniería Solar Innova, S. L., con domicilio social en paseo de los Molinos, 12, bajo, 03060 Novelda (Alicante), para la certificación de un captador solar de tubos de vacío perteneciente a una familia de captadores solares, fabricado por Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd., en su instalación industrial ubicada en China.

Resultando que por el interesado se ha presentado el dictamen técnico emitido por el laboratorio Fraunhofer Institut Solare Energiesysteme, con clave IKT 2007-07-en. Siendo el modelo TZ-58/1800-25R, para el que se emite la presente certificación de tamaño intermedio de la familia, compuesta por los modelos siguientes: TZ 58/1800-10R, TZ 58/1800-12R, TZ 58/1800-14R, TZ 58/1800-15R, TZ 58/1800-16R, TZ 58/1800-18R, TZ 58/1800-20R, TZ 58/1800-22R, TZ 58/1800-23R, TZ 58/1800-25R y TZ 58/1800-30R.

Habiendo presentado certificado en el que la entidad China Management Systems Certification Center confirma que Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd. cumple los requisitos de calidad exigibles en la Orden ITC/71/2007, de 28 de enero, sobre exigencias técnicas de paneles solares. Por todo lo anterior se ha hecho constar que el tipo o modelo presentado cumple todas las especificaciones actualmente establecidas por la Orden citada.

Esta Secretaría General, de acuerdo con lo establecido en la referida disposición ha resultado certificar el citado producto, con la contraseña de certificación NPS-10007, y con fecha de caducidad el día 12 de junio de 2010.

La identificación, características técnicas, especificaciones generales y datos resumen del informe del ensayo del modelo o tipo certificado son las que se indican a continuación.

Esta certificación se efectúa en relación con la disposición que se cita y por tanto el producto deberá cumplir cualquier otro Reglamento o disposición que le sea aplicable.

El incumplimiento de cualquiera de las condiciones fundamentales en las que se basa la concesión de esta certificación dará lugar a la suspensión cautelar automática de la misma, independientemente de su posterior audición, en su caso, y sin perjuicio de las responsabilidades legales que de ello pudieran derivarse.

Contra esta Resolución, que pone fin a la vía administrativa, cabe interponer, potestativamente, el recurso de reposición en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de notificación de esta Resolución, ante el Secretario General de Energía, previo al contencioso-administrativo, conforme a lo previsto en el artículo 116.1 de la Ley 4/1999 de 14 de enero, que modifica la Ley 30/1992 de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Identificación:

Fabricante: Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd.
Familia: TZ 58/1800-10R, TZ 58/1800-12R, TZ 58/1800-14R, TZ 58/1800-15R, TZ 58/1800-16R, TZ 58/1800-18R, TZ 58/1800-20R, TZ 58/1800-22R, TZ 58/1800-23R, TZ 58/1800-25R y TZ 58/1800-30R.

Nombre comercial: TZ-58/1800-25R.
Tipo de captador: tubos de vacío.

Año de producción: 2006.

Dimensiones:

Longitud: 2.010 mm.
Ancho: 2.288 mm.
Altura: 189 mm.

Área total: 4.550 m².
Área de apertura: 2.605 m².
Área de absorbidor: 2.250 m².
Área total: 4.550 m².

Especificaciones generales:

Peso: 162,2 kg.
Presión de funcionamiento: 600 KPa.

Resultados de ensayo: para un modelo de menor tamaño de la familia:
Modelo: TZ 58/1800-10R.
Familia: TZ 58/1800-10R, TZ 58/1800-12R, TZ 58/1800-14R, TZ 58/1800-15R, TZ 58/1800-16R, TZ 58/1800-18R, TZ 58/1800-20R, TZ 58/1800-22R, TZ 58/1800-23R, TZ 58/1800-25R y TZ 58/1800-30R.

Rendimiento técnico:

η_o	0,734	
a_1	1,529	W/m ² K
a_2	0,0166	W/m ² K ²
Nota: Referente al área de apertura		

Potencia extraída por unidad de captador (W):

$T_m - T_a$, en K	400 W/m ²	700 W/m ²	1.000 W/m ²
10	259	465	671
30	216	424	630
50	164	371	577

Resultados de ensayo: para el modelo de mayor tamaño de la familia:

Modelo: TZ 58/1800-30R.
Familia: TZ 58/1800-10R, TZ 58/1800-12R, TZ 58/1800-14R, TZ 58/1800-15R, TZ 58/1800-16R, TZ 58/1800-18R, TZ 58/1800-20R, TZ 58/1800-22R, TZ 58/1800-23R, TZ 58/1800-25R y TZ 58/1800-30R.

Rendimiento técnico:

η_o	0,734	
a_1	1,529	W/m ² K
a_2	0,0166	W/m ² K ²
Nota: Referente al área de apertura		

Potencia extraída por unidad de captador (W):

$T_m - T_a$, en K	400 W/m ²	700 W/m ²	1.000 W/m ²
10	772	1.387	2.001
30	650	1.264	1.879
50	490	1.105	1.719

Temperatura de estancamiento (a 1.000 W/m² y 30 °C): 200,3 °C.

Madrid, 12 de junio de 2007.—El Secretario General de Energía, Iñaki Nieto Magaldi.

14207 RESOLUCIÓN de 12 de junio de 2007, de la Secretaría General de Energía, por la que se certifica un captador solar de tubos de vacío, modelo TZ 58/1800-10R, fabricado por Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd.

Recibida en la Secretaría General de Energía la solicitud presentada por Ingeniería Solar Innova, S. L., con domicilio social en paseo de los Molinos, 12, bajo, 03060 Novelda (Alicante), para la certificación de un captador solar de tubos de vacío perteneciente a una familia de captadores solares, fabricado por Jiangsu Sunrain Solar Energy Co. Ltd., en su instalación industrial ubicada en China.

Resultando que por el interesado se ha presentado el dictamen técnico emitido por el laboratorio Fraunhofer Institut Solare Energiesysteme, con clave IKT 2007-07-en. Siendo el modelo TZ 58/1800-10R, para el que se emite la presente certificación de menor tamaño de la familia.

BOE do 24-7-2007 declarando a Rapa das Bestas Festa de Interese Turístico Internacional.

Outro importante acontecemento foi a inauguración do novo curro, o día 5 de xullo de 1997. A este acto acudiron as autoridades locais e autonómicas. Deixa de estar a carón da igrexa parroquial e pasa a acubillarse no Campo do Medio, preto da antiga estrada. Os seus primeiros portais atópanse hoxe colgadas da fachada principal do curro e mostran dous gravados en bronce feito polo escultor Xoán Xosé Oliveira con escenas da baixa e da rapa. Na parte baixa un portal leva a inscrición:

A rapa das bestas de Sabucedo. As súas denominacións e outros datos de interese



Os antigos portalóns con relevos de Xosé Oliveira.

Mario Blanco Fuentes
ABOGADO

Saluda con agrado

a D. o seu bñ e lembrado amigo Manuel Cabada Castro e
pra xuntar os outros papeis que xa ten nun bñ feixe,
mándoll' dous mais e tamén un pra completar a hestoria
da "Rapa das Bestas" de Sabucedo pra que algún día se sa-
pa quén tivo intrés en esas fests declaradas "Fests de Inter-
rés Turístico", de que todos están moi orgullosos, pra que
todos ignoren que traballou pra conseguilo.

Con unha aperta,

A Estrada, ? de maio de 1998.

Despacho: Calvo Sotelo, 40-42-3ª - Teléfono 57 01 14
Domicilio particular: Ayda de Bemto Vigo - 1ª - Teléfono 57 01 09

Carta do alcalde Mario Blanco Fuentes a Manuel Cabada Castro.

C/ Derrubi-Arriba-Sabucedo, 6-1º andar
36103 PONTEVEDRA
Tel. 986 89 02 97 - Fax: 986 89 02 99

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XURISDICCION
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
Delegación Provincial de Pontevedra

DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA
Calle de Sabucedo, 6-1º andar
36103 PONTEVEDRA
Data: 21 XUN. 2005
Nº Expediente: 3813
SAIDA

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ASOCIACIÓN "RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO" inscrita co nº 1991.002459-1 (PO) do Rexistro de Asociacións e tódoo en conta os seguintes:

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 16-05-2004, acordou a modificación dos seus Estatutos para súa adaptación a lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade cos Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións en relación co Real Decreto 1630/1996, do 5 de xuño, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concierne os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Tercero: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLUCIÓN

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e víaa-los novos, dós seus efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á da notificación desta resolución; ou calquera outro recurso que estime oportuno o seu dereito.

Pontevedra, 20 de xuño de 2005
O/A DELEGADO/A PROVINCIAL
Sonia Lorenzana
Audo: Sonia Lorenzana

Modificación dos Estatutos da Asociación "Rapa das Bestas de Sabucedo".

“INAGUROUSE ESTE NOVO CURRO DE SABUCEDO NA ESTRADA O 5 DE XULLO DE 1997” e no segundo portal lese: “SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO. XUNTA DE GALICIA. MANUEL FRANGA IRIBARNE PRESIDENTE”.

Co paso dos anos os costumes tenden a variar e o mesmo sucede con *A Rapa das Bestas de Sabucedo*. No seu libro de actas dise:

“Sabucedo a 15 de agosto de 2010. Reunidos os socios da Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 14 e 15 de agosto de 2010 cun único punto na orde do día. Proceder á votación polos socios da proposta realizada de ampliar as datas nas que se realiza a actividade coñecida como “A Baixa,” para que en vez de se realizar en exclusiva durante a mañá do sábado no que se celebra a Rapa das Bestas de Sabucedo, se comece a levar a cabo a mesma mañá do venres inmediatamente anterior ao citado sábado. E que o dito troco se aplique xa dende a vindeira edición da Rapa das Bestas de Sabucedo (ano 2011). Despois dun debate onde por parte de varios socios se argumentou sobre os pro e os contras da anterior medida, e debido a importancia do dito troco, decidiuse que, para acadar a maior participación posíbel na toma da citada decisión, a votación sobre a mesma se realizaría mediante o sis-

SABUCEDO A 15 DE AGOSTO DE 2010

REUNIDOS OS SOCIOS DA ASOCIACIÓN RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO EN ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 14 E 15 DE AGOSTO DE 2010 CUN ÚNICO PUNTO NA ORDE DO DÍA:

- Proceder á votación polos socios da proposta realizada de ampliar as datas nas que se realiza a actividade coñecida como “A Baixa,” para que en vez de se realizar en exclusiva durante a mañá do sábado no que se celebra a Rapa das Bestas de Sabucedo, se comece a levar a cabo a mesma mañá do venres inmediatamente anterior ao citado sábado. E que o dito troco se aplique xa dende a vindeira edición da Rapa das Bestas de Sabucedo (ano 2011).

Despois dun debate onde por parte de varios socios se argumentou sobre os pros e os contras da anterior medida, e debido a importancia do dito troco, decidiuse que, para acadar a maior participación posíbel na toma da citada decisión, a votación sobre a mesma se realizaría mediante o sistema de voto secreto en unha durante o domingo 15 de agosto de 2010 quedando pechada o prazo para votar ás 20:00 horas da referida xornada.

Realizado o anterior proceso, e producido ao respecto dos votos emitidos, escrutinio efectuado na presenza de varios membros da Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo que non forman parte da Xunta Directiva da Asociación e que actuaron como testemuños, o resultado foi o

En S. Lourenzo de Sabucedo, parroquia de Candeleda da Estrada, a día 26 de novembro de 1994, acordou reunirse como Comisión Xeral un grupo de persoas coa finalidade de constituir a “Asociación PARA AS BESTAS DE SABUCEDO”.

Estas persoas form as que a seguinte se refieren:

José Félix Pareiro.
José Carramón Rosados.
Juan Carlos Nebra Obelleiro.
Tatiana Félix Arcañ.
Milagros Obelleiro Rivas.
Jaime Carbal Villar.
Cecilia Carbal Rivas.
Miguel Ángel Touriño Moreira.
Sylvia Chantebourg.

Acordouse, así mesmo, aproba los estatutos e nomear á Xunta Directiva desta Asociación as persoas seguintes:

Presidente: Juan Manuel Touriño Moreira.
Vicepresidente: Juan Manuel Rodríguez Malvarre.
Secretario: Miguel Ángel Touriño Moreira.
Vicesecretario: Paul Carramón Rosados.
Tesoureiro: Francisco Bastián Magariños.
Contador: Milagros Obelleiro Rivas.
Vocais: Juan Carlos Montenegro Bugallo.
Cecilia Carbal Rivas.
- Ana Julia Carramón Rosados.
Sylvia Chantebourg.
Ana Luis Magariños Obelleiro.

A Asociación “Rapa das Bestas de Sabucedo” decide ampliar as datas da Baixa.

tema de voto secreto en urna durante o domingo 15 de agosto de 2010, quedando pechado o prazo para votar ás 20:00 horas da referida xornada.”

A data de celebración modificouse e desde o ano 2011 comeza o primeiro venres do mes de xullo cunha duración de catro días, de venres a luns. Outra interesante introdución é a *Gala Rapa das Bestas de Sabucedo*, que se celebra o xoves en honra e enalzamento dos *aloitadores* e en recoñecemento a persoas que dalgún xeito teñen destacado na historia da festa, sendo premiados con “*pau de moca*”.

No ano 2012 ampliábase o curro pasando a ter una capacidade de unhas 2.000 persoas.

Este artigo publícase pola perseveranza de Iván Sanmartín Eirín, o respaldo de Manuel Cabada Castro e o incansable labor de apoio de Francisco Regueiro Rivas. Sirva tamén para destacar e recordar a todos aqueles que dunha maneira ou outra contribuíron a que “*A Rapa das Bestas*” de Sabucedo, sexa esa gran festa, ese gran acontecemento que a todos admira. Aos veciños de Sabucedo quero animalos a continuar con esa loita entre o nobre animal e o home destas terras que leva implícito ese deber centenario, ese orgullo que como pobo de Sabucedo herdán dos seus devanceiros.



Grupos familiares no rural galego do século XVIII. A parroquia de Ouzande, A Estrada (Pontevedra)

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Ofrécese nesta monografía un estudo das familias establecidas na parroquia de Ouzande (A Estrada-Pontevedra) contra a metade do século XVIII, partindo da información facilitada polo Catastro de Ensenada e complementada con protocolos notariais e os libros parroquiais de bautizados, casamentos e defuncións daquela localidade. Analízase os compoñentes demográficos fundamentais, natalidade, nupcialidade e mortalidade así como algunhas outras circunstancias de índole laboral. Ao final inclúese un apéndice coa composición de cada unha das familias obxecto deste traballo.

Abstract. This monograph offers a study of families established in the parish of Ouzande (A Estrada-Pontevedra) halfway through the 18th century, based on information provided by the Cadaster of Ensenada and supplemented with notarial protocols and parish books of baptisms, marriages and deaths from this town. Key demographic components as birth, marriage rate and mortality rate are analyzed, as well as some other work-related factors. At the end it includes an appendix with the composition of each of the families this work dealt with.

I. Introducción

A familia, a máis vella das estruturas humanas organizadas, demostrou ao longo de milenios a súa eficacia na protección e supervivencia dos seus compoñentes en circunstancias, a veces, moi difíciles. No seo da familia dirimíanse a meirande parte das cuestións máis trascendentais dos seres humanos: a reproductiva, a económica, a protección e mutua defensa, a afectiva, a de previsión e planificación do futuro e incluso a relixiosa.

No rural galego da decimooitava centuria os grupos familiares constituían o derradeiro chanzo da organización social, precedida pola parroquia, estrutura superior que gozaba, xa dende a alta Idade Media, de unánime aceptación e enorme prestixio. A inmensa maioría das persoas daquela época completaban o seu itinerario vital no seo destas dúas e veteranas institucións.

Aínda hoxe, mediante a análise das fontes históricas, podemos albisar os dilemas e tensións aos que de cote era sometida a familia;

circunstancias hostís, forzas centrífugas, escaseza de alimentos, decisións arriscadas, dispersión da terra e da forza de traballo, epidemias, morte, foron algúns dos perigos que ameazaban as familias. Mais aqueles difíciles trances podían ser evitados ou mitigados, facendo uso dos recursos que as leis do momento permitían, das normas e costumes sociais, e como non, da sabiduría e prudencia dos compoñentes da familia, e moi especialmente do *pater familias*, patrón ou petrucio en quen recaían a meirande parte das decisións transcendentales da súa casa. Decidir que cantidade de gran se destinaba a satisfacer as obrigacións tributarias e canto á manutención da familia sabendo que cumpría deixar semente abondo que garantise a do ano seguinte non debía ser unha decisión fácil. Nin tampouco o era establecer as alianzas matrimoniais dos fillos, nin manter a sona e prestixio da casa. Tratábase, en fin, de dosificar os recursos, diversificar os medios de subsistencia e minimizar os riscos ou, dito de outra forma, explotar o sistema co mínimo desgaste para a familia e, de ser posible, medrar e prosperar.

Propoñémonos nesta breve monografía ofrecer unha visión diacrónica da estrutura e dinámica interna das familias consignadas na parroquia de Ouzande, A Estrada (Pontevedra) conforme á información proporcionada polo Catastro de Ensenada, coa inclusión daquelas outras unidades familiares constituídas con posterioridade á realización do Catastro –case sempre fillos casados–, que comparthen a vivenda co cabeza de casa.

II. As fontes

No Catastro de Ensenada consígnanse datos de índole económica e social así como información abondo para iniciar un estudo sincrónico das familias establecidas naquela parroquia a mediados do século XVIII. Na mesma fonte os párrocos inclúen unha relación de persoas suxeitas ao deber de confesar e comulgar, ou o que é o mesmo, das persoas maiores de sete anos que conviven en cada fogar. Trátase dunha información moi fiable, aínda que incompleta pois non se citan os membros máis xoves da familia.

Mais estas fontes non son suficientes para determinar a evolución das familias, dos cambios que estas experimentan a través do

tempo, dende a súa constitución, no momento do matrimonio, deica o falecemento de ambos os dous cónxuxes. Precísase, daquela, recurrir ás fontes eclesiásticas, os rexistros de bautizados, casados e difuntos. Deste xeito podemos acadar a información complementaria que nos permite completar o estudo, ademais doutra información —de índole socioeconómica—, que adoita encontrarse, fundamentalmente, nas actas de defunción.

Aínda que ambas as dúas fontes, o Catastro e os rexistros parroquiais, ofrecen información fiable —e complementaria—, cómpre consignar algunhas limitacións de cada unha delas. A principal eiva do catastro deriva do seu carácter fiscal polo que se omiten datos demográficos imprescindibles para acometer un estudo da estrutura familiar.

As actas de bautismos presentan un evidente subrexistro de nenas perceptible na taxa de masculinidade ao nacer (110,7) e na porcentaxe de fillos recuperados con posterioridade no que as mulleres, nun 65%, sobrepasan amplamente aos varóns. Así mesmo consignamos a imposibilidade de consultar algúns dos rexistros nupciais de parellas que casan fóra da parroquia, circunstancia que nos impide coñecer a data exacta dos matrimonios; para estes casos optamos por situar o matrimonio dous anos antes do primeiro nacemento.


E complétase o repertorio heurístico coa inestimable información procedente das fontes notariais que se consignan ocasionalmente nas partidas de defunción. Os escribáns actuantes foron: Domingo Antonio Rodríguez da Fraga, de A Somoza; José Vilariño Rodríguez, de Guimarei; Juan Antonio Calvelo Núñez, de Santeles; José Picáns, de Callobre; Proto Antonio Carbón; Manuel Vázquez, de Callobre; Baltasar Gómez de Castro, de Tabeirós e Valentín Sisa y Andrade, de Santiago.

III. O matrimonio

Na época en que se sitúa este traballo todas as persoas, coa excepción dos destinados á vida relixiosa e pouco máis, consideraban o matrimonio o estado ideal das persoas. O casamento, ademais dun importante éxito social, viña sendo o acontecemento máis trascen-

1

Añón y melero las de la vaca y para que
 le libere y faga más de lo que acatamos en esta y en quince y para
 que se libere en mi casa y habitación que me sea en la fe
 de San Juan de Callosa donde soy vecino de esta villa y en la
 de el mes de Diciembre año de mil ochocientos y once = 5




Testimonio de fe
Manuel Vázquez

2

Y así luego lo carcan con cargo de lo que me sea que lo son fe
 cio Juan de Loraño; Así mismo y de banca de la vecindad de
 Estrada fe y de cargo de lo que me sea y de lo que me sea y de lo
 que me sea y de lo que me sea = 5

Antonio Ferrás oncoorio ferrás



Antonio Ferrás oncoorio ferrás

3

Y así luego lo carcan con cargo de lo que me sea que lo son fe
 cio Juan de Loraño; Así mismo y de banca de la vecindad de
 Estrada fe y de cargo de lo que me sea y de lo que me sea y de lo
 que me sea y de lo que me sea = 5

Juan Antonio Picás Torres
 José Antonio Picás Torres



Juan Antonio Picás Torres
José Antonio Picás Torres

Signos notariales de Manuel Vázquez (1); Proto Antonio Carbón (2) e José Antonio Picás Torres (3).

dental das súas vidas. Pero se casar era importante, “casar ben” supoñía un plus de excelencia que aseguraba unha vida sen demasiadas dificultades e amparo na vellez. A institución matrimonial, pola súa trascendencia, estaba sometida a un estricto control por parte da Igrexa, da familia e incluso da sociedade. Frecuentemente a vontade dos homes e mulleres casadeiros, as súas querencias, atraccións e amores supeditábanse aos altos intereses da familia, que o patrón ou petrucio se encargaba de administrar. A idade ás primeiras nupcias sitúase nos 25’5 anos de media para as mulleres e un ano máis, 26’6, para os varóns. Unhas idades relativamente altas que denotan unha demografía con tendencia á contención.

As mulleres de Ouzande vivían vivían máis anos cós homes: no ámbito cronolóxico desta monografía constatamos unha taxa de viuvez feminina próxima ao 60%, sen que ningunha daquelas mulleres optase ás segundas nupcias. A situación de viuvez asociábase, en ausencia de fillos que mitigasen o desamparo de súa nai, a situacións de soedade e pobreza que acada ás veces extremos dramáticos, chegando en ocasións á necesidade de depender da caridade pública, o que nas actas parroquiais se fai constar coas expresións “pobre”, “pobre de solemnidade” ou pobre *hostiatim* (que anda a pedir esmola polas portas das casas).

O recurso a posteriores nupcias, segundas e incluso terceiras, que acada neste traballo a non despreziable taxa do 9’78 %, buscaba a reconstrución de familias quebradas pola temperá morte dun dos cónxuxes, case sempre a muller. A nova esposa accede a coidar a prole habida anteriormente polo seu marido e a aportar á unidade familiar novos fillos, mitigando deste xeito os estragos dunha mortalidade infantil moi elevada. Os matrimonios concertados, a troco, consanguíneos e a endogamia en xeral pretendían evitar a fragmentación do patrimonio familiar, preservando a viabilidade das facendas e a supervivencia da familia. Descoñecemos cales matrimonios foron negociados polas respectivas familias, debemos pensar que a maioría, pero as correspondentes actas matrimoniais deixan constancia dos matrimonios celebrados na modalidade de troco. Esta modalidade matrimonial, que acada a nada despreziable frecuencia do 8’7 % no ámbito cronolóxico desta monografía, consistía en casar

irmáns e irmás de dúas familias, case sempre na mesma data e ordinariamente con persoas da mesma parroquia, aínda que tamén se observan casos de exogamia parroquial e “matrimonios a troco diferido”, posiblemente á espera de que algún dos noivos acadase a idade propicia para as nupcias. Ocasionalmente, e coa finalidade de economizar, celebrábase na mesma data un matrimonio ordinario. No caso de Ouzande rexistráronse os seguintes:

1. Antonio Blanco Rebolo e María Riba Ferro (ficha 7), 6.4.1748.
Manuel Blanco Rebolo e Josefa Riba Ferro (ficha 8), 26.9.1735.
Antonio Riba Ferro e Josefa Blanco Rebolo (ficha 58), 26.9.1735.
2. Agustín Carballo Castro e Ventura González Rodríguez (ficha 10), 25.12.1741.
Julián Carballo Castro e María González Rodríguez, 25.12.1741.
3. Juan Castro Carbón e Antonia Coto Novás (ficha 12), 28.1.1722.
Manuel Coto Novás e Antonia Castro Carbón, 28.1.1722.
4. José Durán Pinto e Bernarda Couto Constenla (ficha 18), 20.5.1755.
Benito Durán Pinto e María Couto Constenla, 20.5.1755.
5. Martín Graña Tosar e Luísa Vales Hermida (ficha 34), 24.1.1742.
Roque Vales Hermida e Mariana Graña Tosar (ficha 81), 24.1.1742.
Domingo Graña Tosar e Manuela Ribeira Riba (ficha 31), 24.1.1742.
6. Francisco Marque Riba e Tomasa Tosar Ribeira (ficha 35), 4.4.1727.
Domingo Tosar Ribeira e Mariana Marque Riba (ficha 36), 31.12.1726.
7. Domingo Vicente Tato e Josefa Barcala Carboa (ficha 83), 1.1.1742.
Juan Antonio Vicente Tato e Juana Barcala Carboa, 1.1.1742.
8. Ángel Durán Balado e Jacinta Pinto Ameijeiras (ficha 78), 19.4.1717.
Juan Pinto Ameijeiras e Paula Durán Balado, 19.4.1717.

9. Antonio Barcala Ponte e Ángela Carboa Blanco (ficha 1),
26.3.1704.
Juan Barcala Ponte e Jacinta Carboa Blanco, 26.3.1704.

IV. A dimensión da familia. Os fillos

A inmensa maioría dos fillos nacen do seo da familia; consígnase nesta época na parroquia de Ouzande unha baixa taxa de fecundidade ilexítima. Sen cuantificar as concepcións prenupciais nin os fillos habidos antes de contraer nupcias, podemos cifrar aquela nun 4%.

Cada matrimonio incorpora unha media de 5 fillos ao efectivo humano da parroquia, cantidade considerablemente alta se a comparamos con outras zonas próximas. Cómpre matizar este cómputo no sentido de que advertimos un lixeiro subrexistro de nados (particularmente nenas) e constatando, por outra parte, que esta optimista taxa de natalidade vai ser inexorablemente sometida á acción dunha mortalidade de párvulos (0-7 anos) bastante considerable. Débese engadir tamén que se inclúe a descendencia total de posteriores nupcias. Os nove casos rexistrados revelan, como é natural, un ascenso considerable do número de fillos por familia (7'3), circunstancia que pode incrementar, aínda que moi levemente, o cómputo final. Constátase, así mesmo, a existencia de 3 matrimonios sen descendencia.

As mulleres de Ouzande parían o seu derredeiro fillo aos 40'03 anos como media; sabendo que casaban a unha idade de 25'5 anos, podemos calcular o período fértil daquelas familias, que se sitúa en torno aos 14'53 anos. Esta etapa de aproveitamento matrimonial incrementábase notablemente cando o varón accedía a un segundo matrimonio, como xa quedou dito. A fecundidade matrimonial estaba sometida a unha serie de variables non controlables voluntariamente, mais que, na longa duración, podían determinar sustancialmente a evolución demográfica dunha zona: a idade ao matrimonio da muller, a duración do intervalo protoxenésico e os sucesivos interxenésicos, os casos de esterilidade natural, os períodos de separación matrimonial resultado, por exemplo, da emigración; os períodos de abundancia e as crises de subsistencia, fundamentalmente.



Ábsida de Ouzande, que coñeceron todas e cada unha das persoas citadas neste traballo.

V. Buscándose a vida. O traballo

É este un aspecto ao que o Catastro presta unha especial atención, mencionando puntualmente aquelas ocupacións que produzan “utilidades” ou, dito de outra maneira, aqueles traballos que xeren ingresos sobre os que aplicar a carga fiscal. As cifras son concluíntes: un 71´42 % dos veciños cabeza de casa de Ouzande complementaban os traballos da agricultura e gandería con ocupacións –en ocasións máis de unha– que lles reportaban uns ingresos suplementarios. Esta diversificación laboral suxire un certo grado de prosperidade e desafogo económico.

A meirande parte dos oficios exercidos polos varóns (45 %) están relacionados coa industria téxtil: traficantes en lás e tecedores; en segundo lugar aparecen os canteiros, e logo rendeiros, medieiros, carpinteiros, arrieiros, zapateiros, xastres, ferradores, ferreiros, siseiros e un taberneiro. Consígnanse só catro mulleres exercendo oficios: dúas costureiras, unha taberneira e unha panadeira. Enténdese que a práctica destes oficios é compatible cos traballos agrícolas (cereais e liño, fundamentalmente) e unha pouco importante gandería ovina, bovina e porcina.

VI. O inexorable trance da morte

Os rexistros de defuntos dos libros parroquiais ofrecen interesante información de cada un dos falecidos. Constatase o nome –aínda que non sempre a idade–, xunto co nome do cónxuxe supervivinte se fose o caso. Inclúense tamén datos de índole socioeconómica moi relevantes: se a persoa era considerada pobre, canto paga pola sepultura, número de sacerdotes que ofician o funeral, as misas que se ofrecen en sufraxio pola súa alma, fundacións que dota, se recibiu ou non os sacramentos, se testou, o nome do escribán...

Especialmente dramático resulta o falecemento de meniños que, na meirande parte dos casos non se transcriben no libro de difuntos; o seu pasamento rexístrase, aínda que non sempre, lamentablemente, no libro de bautizados. En Ouzande naquela época, contra a metade do século XVIII, unha cuarta parte dos bautizados non chegaba aos 8 anos: 23'19 % según as familias reconstruídas neste traballo e 26'40 % do total dos bautizados entre 1730 e 1770.

Fichas de familia. Ouzande

Nº 1	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Barcala Ponte	Nome. Ángela Carbón Blanco
Nacemento.	Nacemento. 4.12.1672
Defunción. 2.2.1759	Defunción. 9.1.1749
Testamento. Domingo A. Rodríguez da Fraga	Testamento. Domingo A. Rodríguez da Fraga
Domicilio. O Castro	
Matrimonio. 26.3.1704	
Fillos habidos:	
1. Caterina, 19.2.1705	4. Josefa, 17.4.1712
2. Alonso, 30.1.1706	5. Juana, 12.10.1716
3. Francisco Antonio, 1.4.1708	

Nº 2	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Baptista Bergueiro Sangiao	Nome. María Paramá Balado
Nacemento.	Nacemento. 5.10.1682
Defunción. 6.1.1755	Defunción. 6.1.1755
Testamento. Domingo A. Rodríguez da Fraga	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 12.4.1711	
Fillos habidos:	
1 – María Rosa, 23.5.1714	3 – Mauro, 7.6.1719
2 – José, + 23.2.1717	4 – Catalina, 5.11.17238
Outras consideracións: Convive na mesma casa a neta Josefa Bergueiro	

Nº 3	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Bergueiro Bermúdez, o vello	Nome. Felipa Pereira Carbia
Nacemento.	Nacemento. 1.5.1702
Defunción. 31.8.1758	Defunción. 28.7.1769
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 10.8.1725	
Fillos habidos:	
1 – María, 10.2.1727	4 – Jacobo Ángel, 12.5.1735
2 – Pedro Antonio, 25.4.1730	5 – María Rosa, 12.9.1739
3 – Alonso, Antonio, Gregorio, + 9.5.1733	6 – Ángela, 26.3.1744
Outras consideracións: No Catastro, califícase ao pai "Cuasi pobre de solemnidad"	

Nº 4	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Bergueiro Coto, o mozo	Nome. Antonia Durán Picallo
Nacemento. 11.7.1717	Nacemento. 15.5.1718
Defunción. 21.4.1796	Defunción. 13.2.1749
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Post. Nupcias. María Pazo Bermúdez, 8.6.1750. Defunción, 11.12.1810	
Fillos habidos:	
1 – Benito Manuel, 24.4.1744	5 – Manuel Antonio, 28.8.1757
2 – Manuela, 17.10.1746	6 – Gregorio, 23.7.1760
3 – Gregorio Antonio, 17.6.1751	7 – Domingo Antonio, 26.5.1764
4 – María Francisca, 9.9.1753	8 – Rosalía Gregoria, 6.9.1765
Outras consideracións: Convive con este matrimonio Jacinta Coto	

Nº 5	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Francisco Pazo Graña	Nome. Antonia Bermúdez Fernández
Nacemento. 6.7.1689	Nacemento.
Defunción. 7.8.1740	Defunción. 11.10.1755
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 8.2.1719	
Fillos habidos:	
1 – Domingo Antonio, 4.8.1720	6 – Luís Antonio, 11.5.1733
2 – Gregorio Pascual, 24.10.1721	7 – Ventura María Antonia, 15.7.1735
3 – María Francisca, 18.4.1724	8 – Fernando Domingo, + 30.3.1738
4 – Lorenzo, 24.12.1725	9 – Manuel (recuperado)
5 – Domingo Antonio, 9.3.1729	10 – Benita (recuperada)
Outras consideracións:	

Nº 6	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Ignacio Bermúdez Piso	Nome. María Sotelo Sangiao
Nacemento.	Nacemento. 23.11.1692
Defunción. 29.11.1768	Defunción. 20.11.1749
Profesión. Arrendatario e medeiro	Profesión.
Testamento. José Vilaríño	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 8.2.1719	
Fillos habidos:	
1 – Domingo Antonio, 17.4.1721	4 – Pedro Manuel, 25.6.1732
2 – Simón, + 4.3.1725	5 – Ignacio Antonio Rafael, 10.5.1734, + 1735
3 – Francisco, 3.5.1726	6 – Pedro Ant. Jacobo Manuel, + 25.7. 1736
Outras consideracións: Con esta familia convive o matrimonio Francisco Bermúdez Sotelo (+ 18.3.1769) e María Diéguez (+ 14.11.1792).	
Fillos habidos:	
1 – Domingo Antonio, 23.3.1747	3 – Manuel Ignacio, 25.12.1755
2 – Ignacio, 9.2.1750	

Nº 7	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Blanco Rebolo	Nome. María Riba Ferro
Nacemento. 5.5.1715	Nacemento.
Defunción. 26.11.1762	Defunción. 16.12.1789
Profesión. Carpinteiro	Profesión.
Domicilio. O Castro	
Matrimonio. 6.4.1748	
Fillos habidos:	
1 – Josefa, 27.10.1748	3 – Juana, 5.9.1754
2 – Francisco Antonio, 16.6.1750	4 – María Benita, 13.5.1759

Nº 8	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Manuel Blanco Rebolo	Nome. Josefa Riba Ferro
Nacemento. 19.5.1709	Nacemento.
Defunción. 4.11.1785	Defunción. 4.10.1769
Profesión. Tecedor	Profesión.
Domicilio. O Castro	
Matrimonio. 26.9.1735	
Fillos habidos: 1 – Josefa Anta. Lorenza, 19.7.1736, + 1738 5 – María Josefa, 23.4.1747 2 – Antonia María, 2.6.1738, + 1741 6 – Antonio Francisco, 30.6.1749 3 – María Juana Antonia, 8.11.1742 7 – Manuela Antonia, 17.6.1751 4 – Jacinto Antonio, + 22.4.1746	
Outras consideracións: Con esta familia convive José Blanco (irmán do pai), viudo.	

Nº 9	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. José Campo Cortizo	Nome. Josefa Durán Picallo
Nacemento. 22.7.1702	Nacemento. 12.10.1710
Defunción. 19.11.1754	Defunción. 17.2.1785
Profesión. Arrieiro	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 5.1.1733	
Fillos habidos: 1 – María Antonia Josefa, + 4.10.1733 5 – José Benito, + 19.3.1745 2 – Manuel Alberte, 5.2.1736 6 – José Antonio, 4.4.1747 3 – Jorge Antonio, 14.5.1739 7 – María Benita, 2.6.1749 4 – Benito, 30.10.1741 8 – Francisco, +11.11.1751	

Nº 10	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Agustín Carballo Castro	Nome. Ventura González Rodríguez
Nacemento. 28.3.1722	Nacemento. 26.9.1721
Defunción. 28.5.1764	Defunción. 29.4.1782
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 25.12.1741	
Fillos habidos: 1 – Antonio Gregorio, 13.3.1749 4 – Julián Benito, 11.3.1757 2 – María Josefa, 20.3.1752 5 – Jacobo Antonio Caetano, 15.2.1761 3 – Bernardo Antonio, 18.5.1755	

Nº 11	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Bernardo Castrelo Varela	Nome. Lorenza Tosar Ribeira
Nacemento. 12.4.1712	Nacemento.
Defunción. 10.8.1762	Defunción. 9.11.1772
Profesión. Zapateiro	Profesión.
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 2.2.1737	
Fillos habidos: 1 – Francisca Antonia, 14.9.1738 2 – Vicente Ferrer, 2.11.1744	
3 – José Antonio, 30.10.1748 4 – Domingo (recuperado)	

Nº 12	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Juan Castro Carbón	Nome. Antonia Coto
Defunción. 22.4.1759	Defunción. 22.8.1758
Testamento. Juan Antonio Calvelo, Santeles Testamento.	
Domicilio. O Castro	
Matrimonio. 28.1.1722	
Fillos habidos: 1 – Francisco, 22.10.1722 2 – José, 15.7.1725 3 – Pascua, 28.3.1728	
4 – Manuel Antonio, 29.7.1733 5 – Domingo Antonio, 7.10.1738	

Nº 13	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Juan Couto González	Nome. Inés Constenla Tosar
Defunción. 13.4.1741	Defunción. 3.4.1765
Testamento.	Testamento. Domingo Ant. Rodríguez da Fraga
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 9.7.1708	
Fillos habidos: 1 – María Josefa, + 19.3.1710 2 – María Lucía, 11.12.1712, + 1719 3 – Antonio, 29.5.1714 4 – Ignacia Antonia, 20.12.1716 5 – Francisco, 18.3.1719	
6 – María Bernarda, 20.5.1721 7 – Gregorio, 27.1.1724 8 – María Juana, 13.1.1726 9 – Dominga Antonia, 9.1.1728	

Nº 14	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Coto Outeiro	Nome. Manuela Ribeira Nogueira
Nacemento.	Nacemento. 17.4.1714
Defunción. 6.12.1786	Defunción. 18.4.1776
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 10.8.1739	
Fillos habidos: 1 – María Manuela, 10.10.1740 3 – Ángela Antonia, 21.6.1751 2 – Domingo Antonio, 7.4.1748, + 1750 4 – Juana, 25.5.1757	
Outras consideracións: Convive con esta familia María Marque, solteira.	

Nº 15	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pascual Cuñarro Ribeira	Nome. Margarita Riba Durán
Nacemento. 12.12.1709	Nacemento. 3.10.1699
Defunción. 9.7.1769	Defunción. 17.2.1741
Profesión. Traf. en las; arrendat. e medieiro	Profesión.
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 11.2.1725	
Post. Nupcias. María Touceda Castro, 11.4.1741 (+ 1752); Rafaela González (+ 1769)	
Fillos habidos: 1 – Catalina Pascuala, 17.11.1728 6 – Andrea, 1.5.1748 2 – Francisco Antonio, 30.9.1734 7 – María Benita, 17.5.1750 3 – María Antonia, 2.6.1738 8 – Antonio Ramón, 2.10.1754 4 – Alberto Antonio Pascual, 29.4.1743 9 – Francisca, 18.11.1757 5 – Juan, 25.3.1745	

Nº 16	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Antonio Durán Ruza	Nome. Pascua Núñez Porta
Defunción. 2.2.1766	Defunción. 2.11.1769
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 10.8.1744	
Fillos habidos: 1 – María Juana, 22.6.1749 3 – Francisca Antonia, 16.8.1756, + 1769 2 – Manuel, 19.2.1753, + 1754	

Nº 17	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Francisco Durán	Nome. Rosa Bermúdez
Defunción. 14.5.1770	Defunción. 2.12.1759
Profesión. Carpinteiro	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1731 ca.	
Fillos habidos: 1 – Franc. Alonso Antonio, 29.2.1732, + 1733 2 – Alonso Antonio Francisco, 14.3.1735	

Nº 18	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. José Durán	Nome. Bernarda Couto
Defunción.	Defunción. 8.3.1762
Profesión. Canteiro	Profesión.
Testamento.	Testamento. José Picáns (Callobre)
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 1742 ca.	
Post. Nupcias. Francisca Porto Durán, 17.8.1763	
Fillos habidos: 1 – Juan Manuel, + 27.12.1744 2 – Josefa, 3.4.1748 3 – María Benita, + 28.6.1750 4 – Pascual, 4.5.1754 5 – María Bernarda, 16.5.1757 6 – Pedro Antonio, + 2.1.1762 7 – Juana Antonia, 10.8.1763 8 – Rosa, 27.2.1766 9 – M ^a Ign ^a Josefa Benita, 30.12.1768, + 1774 10 – Ignacio, 15.9.1772 11 – Eleuterio Antonio, 28.3.1778	

Nº 19	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Juan Durán	Nome. Ana Meilán
Defunción. 27.11.1764	Defunción. 18.3.1744
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Testamento. José Vilaríño	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1724 ca.	
Post. Nupcias. Ana Rodríguez, 1747 ca.	
Fillos habidos: 1 – María Josefa, 20.10.1726, + 1747 2 – Alberta Rosalía, 6.9.1730 3 – Pablo, 30.6.1736 4 – Domingo Antonio, 9.3.1749 5 – María Dominga, 12.11.1755, + 1756	

Nº 20	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pascual Durán Pinto	Nome. Antonia Bixín Porta
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 12.2.1752	
Fillos habidos:	
1 – María Josefa, + 5.3.1752	4 – Domingo Antonio, 4.1.1759
2 – Juan, + 27.8.1756	5 – Benito, 17.7.1760
3 – María Benita, 19.8.1757, + 1766	

Nº 21	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Santiago Eira Sangiao	Nome. Pascua Porta Pazo
Defunción. 22.10.1768	Defunción. 19.5.1746
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 6.1.1710	
Fillos habidos:	
1 – María Antonia, 18.3.1713, + 1715	4 – Juana, 17.3.1720
2 – Josefa, + 23.2.1715	5 – Manuel Antonio, 2.5.1723, + 1739
3 – Manuel Jacinto, 11.5.1717	6 – Pedro, 20.7.1726
Outras consideracións: Na mesma casa vive o matrimonio formado por Pedro Eira Porta (+29.2.1802); Test. Proto Antº Carbón, e Josefa Matalobos (16.11.1795). Fillos habidos;	
1. María Ángela, 20.11.1746	8. María Josefa, 29.12.1757
2. Pascua Antonia, 11.4.1748	9. Manuel Antonio, 10.2.1759
3. María Ángela, 26.12.1749	10. José, + 10.2.1759
4. Domíngua Antonia, 8.4.1751	11. Rosalía, 2.4.1761
5. Rosalía, 17.1.1753	12. José Antonio, 13.1.1764, + 1766
6. José Antonio, 20.10.1754	13. Josefa Benita Justa, + 28.5.1769
7. María Ángela, 20.10.1755, + 1757	

Nº 22	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Gregorio Espiño	Nome.
Domicilio. Alemparte	

Nº 23	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pedro Outeiro	Nome. Catalina Fernández
Defunción. 9.11.1736	Defunción. 18.12.1754
Testamento.	Testamento. Domingo Antonio da Fraga
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1714 ca.	
Fillos habidos:	
1 – Santiago, 18.6.1716, + 1718	4 – Rosendo, 22.11.1722, + 1724
2 – María Benita, 14.10.1718	5 – Pedro, 5.5.1725
3 – María Francisca, 29.9.1720	6 – Feliciano, 24.3.1728

Nº 24	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Fernández	Nome. María Antonia Iglesia
Defunción. 29.7.1769	Defunción. 5.7.1775
Profesión. Canteiro, traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1750 ca.	
Fillos habidos:	
1 – Bernardo, 15.8.1752	5 – Domingo Antonio, 20.10.1761, + 1774
2 – Jacobo, 20.4.1755	6 – Manuela Francisca, 18.8.1764
3 – José Antonio Manuel, 17.4.1758	7 – José Antonio, 3.12.1766, + 1769
4 – Manuel, 12.5.1759	

Nº 25	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Lorenzo Fernández Villaverde	Nome. Francisca Souto Ribeira
Defunción. 15.8.1769	Defunción. 13.10.1795
Profesión. Arrendatario e medeiro	Profesión.
Testamento.	Testamento. Proto Antonio Carbón
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 21.3.1736	
Fillos habidos:	
1 – Luis Antonio, 25.3.1737	5 – María Manuela, 2.8.1752
2 – Manuela, 17.6.1745	6 – Luis (recuperado)
3 – Josefa, 28.8.1749	7 – Jacobo (recuperado)
4 – Benito, 26.2.1751	

Nº 26	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Martín Fernández Paramá	Nome. Manuela Tato Blanco
Defunción. 14.11.1795	Defunción. 3.10.1769
Profesión. Tecedor	Profesión.
Domicilio. O Castro	
Matrimonio. 9.11.1749	
Fillos habidos:	
1 – José Antonio, 12.1.1751	3 – María Antonia Jacinta, 7.1.1759
2 – Caetana Antonia, 7.3.1756	4 – María Josefa, 22.2.1761, + 1769

Nº 27	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pedro Fernández Castro	Nome. Ignacia Graña Tosar
Defunción. 28.9.1763	Defunción. 7.5.1755
Profesión. Tecedor; arrendatario e medeiro.	
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 23.4.1731	
Post. Nupcias. Catalina Cuñarro Riba, 1.3.1756	
Fillos habidos:	
1 – Manuel Justo Alexos, 17.7.1733	3 – Pascual, 22.4.1759
2 – Lorenza Josefa, 12.2.1735, + 1739	

Nº 28	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Felipe Fernández Pereira	Nome. María Antonia Pena
Defunción. 19.12.1754	Defunción. 13.2.1764
Testamento. Traficante en las	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1728 ca.	
Fillos habidos:	
1 - Francisco Caetano, + 26.7.1730	4 - Baltasara Fca. Lorenza, 8.5.1739, + 1740
2 - Caetano Francisco Antonio, 30.7.1732	5 - Baltasara Francisca, 8.3.1743
3 - Fernando Alonso Lorenzo, 30.5.1736	6 - Francisca, 5.4.1747

Nº 29	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Isidro Fonte Galán	Nome. Juana Touceda Castro
Profesión. Tecedor	Profesión.
Domicilio. Lugar de Abaixo	
Matrimonio. 8.5.1737	
Fillos habidos:	
1 - Pablo, 26.2.1738	3 - Antonia (recuperada), sf.
2 - José Raimundo, 5.2.1748	4 - Josefa (recuperada), sf.
Outras consideracións: Convive con esta familia María Castro, nai da esposa.	

Nº 30	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Francisco Terceiro	Nome. Alberta Graña
Defunción.	Defunción. 24.1.1755
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1719 ca.	
Fillos habidos:	
1 - María Josefa, 17.5.1721	
Outras consideracións: califícase á esposa como "pobre de solemnidad"	

Nº 31	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Graña Tosar	Nome. Manuela Ribeira Riba
Defunción. 23.1.1778	Defunción. 8.3.1765
Profesión. Canteiro	Profesión.
Domicilio. Lugar de Abaixo	
Matrimonio. 24.1.1742	
Fillos habidos: 1 – Alberto Francisco, 12.10.1742 3 – Francisca Antonia, 9.5.1752 2 – Hipólito José Antonio, 14.8.1748	

Nº 32	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Lorenzo Graña Louzao	Nome. Inés Sotelo Sangiao
Defunción. 27.5.1769	Defunción. 11.1.1764
Testamento.	Testamento. José Vilarinho Rodríguez
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 8.2.1719	
Fillos habidos: 1 – Juan, 12.2.1720 4 – José Antonio, 4.9.1730 2 – Francisco, 12.11.1721 5 – Domingo Antonio, 21.3.1735 3 – Feliciana, 15.3.1725 6 – Gabriel Antonio, 12.3.1740	

Nº 33	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Antonio Graña	Nome.
Nacemento.	Nacemento. Francisca González
Defunción. 3.3.1766	Defunción. 1.1.1770
Testamento. José Vilarinho (A Somoza)	Testamento.
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 1737 ca.	
Fillos habidos: 1 – María Ignacia, 30.4.1739 3 – Francisco Antonio, 4.11.1746 2 – Benito Ignacio, 20.11.1742 4 – Francisca, 12.9.1749	

Nº 34	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Martín Graña Tosar	Nome. Luisa Vales Hermida
Nacemento. 18.11.1718	Nacemento.
Defunción. 13.10.1800	Defunción. 19.9.1769
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 24.1.1742	
Fillos habidos:	
1 – Francisca, 17.10.1742, + 1743	4 – Ángel, 17.5.1751
2 – Jacinto Roque, 28.10.1743	5 – Antonio, 10.2.1757
3 – Juana, 9.8.1748	

Nº 35	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Francisco Marque Riba	Nome. Tomasa Tosar Ribeira
Defunción. 14.3.1755	Defunción. 1.1.1778
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 4.4.1727	
Fillos habidos:	
1 – Felipa Manuela + 23.8.1731	3 – María Benita, 9.3.1739
2 – María, 26.10.1733	

Nº 36	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Tosar Ribeira (o mozo)	Nome. María Manuela Marque Riba
Defunción. 8.3.1778	Defunción. 9.2.1762
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 31.12.1726	
Fillos habidos:	
1 – Ana Benita, 25.9.1727	5 – Santiago (Jacobo), 16.3.1741
2 – Tomasa, 28.10.1730, + 1740	6 – Josefa Manuela, 16.6.1745
3 – Lorenzo Francisco, 4.4.1734	7 – Bernarda (recuperada)
4 – Josefa Benita, 7.5.1737	

Nº 37	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Andrés Outeiro Coto	Nome. Francisca Constenla Fernández
Defunción.	Defunción. 18.11.1765
Profesión. Arrendatario e medeiro	Profesión.
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 11.9.1734	
Fillos habidos: 1 – Juan Alonso Antonio, 23.6.1736 6 – Baltasar Antonio, 7.1.1753 2 – María Josefa, 3.7.1744 7 – Francisco, 19.5.1755 3 – María Inés, 22.1.1747 8 – José, 24.8.1757 4 – Domingo, 12.1.1748 9 – María Antonia, 18.12.1759 5 – Juan Antonio, 19.5.1750, + 1767	
Outras consideracións: convive con esta familia Antonia Fernández, nai da esposa.	

Nº 38	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Blas Fernández Pereira	Nome. Catalina Paramá Prado
Defunción.	Defunción. 26.1.1771
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1.9.1720	
Fillos habidos: 1 – Jacob, + 25.7.1722 5 – María Lucía Antonia, 22.5.1730 2 – Martín, 10.9.1723 6 – Manuela, 16.9.1731, + 1734 3 – Domingo Antonio, 22.11.1725 7 – María Pascua, 31.3.1734 4 – Jacob, 11.7.1728 8 – Isabel Dominga Mariana, 2.7.1736	

Nº 39	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Juan Pazo Porta	Nome. María Tato Vicente
Profesión. Sastre	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 2.2.1729	
Fillos habidos: 1 – Andrea Antonia, 30.11.1729, +1733 3 – Juan Antonio Lorenzo, 1.3.1735 2 – Francisca María Antonia, 26.6.1732 4 – María Josefa, 15.9.1737	

Nº 40	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pedro Ribeira Graña	Nome. Ángela Pazo Porta
Defunción. 2.7.1724	Defunción. 4.10.1756
Profesión. Carpinteiro; soldado algúns anos.	
Testamento.	Testamento. José Vilariño
Domicilio. Aldea de Abaixo	
Matrimonio. 25.6.1714	
Fillos habidos:	
1 – Florentina, 11.10.1715	4 – María Francisca, 2.3.1722
2 – Francisca, + 21.9.1718	5 – Juan Antonio, 15.10.1724
3 – Roque, 27.11.1719	
Outras consideracións: Conviven con Ángela, o matrimonio formado por Bernardo Villaverde e María Ribeira Pazo.	
1. María Antonia, 10.9.1753	
2. María Dominga, 4.8.1756	
3. Josefa Antonia, 9.5.1758	
4. Pedro, 13.5.1764	

Nº 41	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Gregorio Pazo Bermúdez	Nome. Antonia González Rodríguez
Defunción. 2.10.1797	Defunción. 18.9.1750
Profesión. Herrador	Profesión.
Testamento. Manuel Vázquez (Calobre)	Testamento.
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 9.5.1746	
Post. Nupcias. Rosalía Porto Durán, 12.11.1750, + 1775. Test. José Vilariño.	
Fillos habidos:	
1 – Manuela, + 14.3.1748	5 – Francisco Antonio, 13.11.1761
2 – María Benita, 30.3.1749	6 – Luís, 31.1.1765
3 – Juan, 24.6.1753	7 – Benito Andrés, 29.11.1768
4 – María Ventura Antonia, 20.2.1755	

Nº 42	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Juan Paz Pena	Nome. Agustina Castro
Profesión. Canteiro	Profesión.
Domicilio. Penarada	
Matrimonio. 1747 ca.	
Fillos habidos: 1 – Josefa María, 9.12.1749 3 – Juana María Francisca, 21.6.1756 2 – Pascual Andrés, 9.3.1754 4 – Rafael, 24.2.1759	
Outras consideracións: Con esta familia convive Francisca da Pena, tía do esposo.	

Nº 43	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Pazo	Nome. Ángela Durán
Defunción. 10.4.1773	Defunción. 19.1.1769
Profesión. Traficante en lans	Profesión.
Testamento. Domingo A. Rodríguez da Fraga	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1727 ca.	
Fillos habidos: 1 – Pedro Antonio, 12.2.1729 3 - Juan Antonio, 25.4.1734 2 – María Antonia, 2.5.1731 4 – Benita María, 16.9.1737	

Nº 44	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. José Pereira	Nome. María Pazo
Defunción. 17.11.1747	Defunción. 18.6.1766
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1725 ca.	
Fillos habidos: 1 – Francisco Antonio, 26.11.1727 2 – Alonso Antonio, 7.6.1731	
Outras consideracións: Con esta familia convive Florentina Ribeira, sobriña do esposo.	

Nº 46	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Gregorio Pereira Rendo	Nome. Mariana Rodríguez Tato
Defunción. 29.3.1793	Defunción. 4.5.1793
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Testamento.	Testamento. Proto Antonio Carbón
Domicilio. O redondo	
Matrimonio. 8.10.1749	
Fillos habidos: 1 – Francisco, 13.1.1753 2 – Dominga + 11.7.1754	
3 – Domingo Antonio, 6.2.1757 4 – Benito, 23.3.1759	
Outras consideracións: Convive con esta familia Domingo Rodríguez, irmán da esposa.	

Nº 47	
ESPOSO	ESPOSA
Nome.	Nome. María Pereira (a moza)
Defunción.	Defunción. 16.12.1765
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. Solteira	

Nº 48	
ESPOSO	ESPOSA
Nome.	Nome. María Pereira (a vella)
Defunción.	Defunción. 1.8.1759
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. Solteira	

Nº 49	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Matías Pereira Carbia	Nome. Antonia Picallo Nogueira
Defunción. 18.3.1755	Defunción. 13.8.1776
Testamento.	Testamento. José Vilariño
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 24.7.1729	
Fillos habidos: 1 – Josefa Rosa, 30.8.1732, + 1736 2 – Lorenza Manuela, 11.8.1737 3 – Domingo Antonio, 23.2.1741	
4 – Benito, 12.7.1745, + 1746 5 – Josefa, 7.4.1749	

Nº 50	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Domingo Picallo Deira	Nome. Mariana Riba Durán
Defunción. 3.11.1755	Defunción. 1.10.1755
Profesión. Arrendatario e medeiro	Profesión.
Testamento.	Testamento. Domingo Ant. Da Fraga
Domicilio. O Redondo	
Matrimonio. 5.3.1725	
Fillos habidos: 1 – María Magdalena, 25.4.1726 2 – Dominga Francisca, 23.10.1729	

Nº 51	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Ángel Piso Graña	Nome. Dominga Rama
Defunción. 23.11.1754	Defunción.
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	

Nº 52	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Bernabé Piso Graña	Nome. Ana Rey Piñeiro
Defunción. 6.8.1767	Defunción.
Testamento. José Vilariño	Testamento.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 2.2.1730	
Fillos habidos: 1 – María Benita Ambrosia, 7.12.1733 3 – Josefa, (recuperada) 2 – Benito Lorenzo, 10.12.1736, + 1739	

Nº 53	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Jacinto González Moure	Nome. Francisca Ponte Carbón
Defunción. 10.9.1747	Defunción. 1.12.1770
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 12.2.1719	
Fillos habidos: 1 – Michael Domingo, 2.6.1720 4 – José Francisco Antonio, 30.3.1728, + 1731 2 – Lorenzo, 2.2.1723 5 – María Josefa, 24.6.1733 3 – Patricio, 28.2.1725, + 1747 6 – Francisca, 1.1.1737	

Nº 54	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Luis Ponte Carbón	Nome. Micaela Pazo Graña
Defunción. 30.9.1784	Defunción. 23.12.1781
Profesión. Traficante en las	Profesión.
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 2.2.1729	
Fillos habidos:	
1 – Manuela Josefa Lorenza, 20.6.1734	4 – Luis (recuperado)
2 – Manuel Antonio, 22.7.1737	5 – Francisca (recuperada)
3 – José, 23.5.1741	6 – Ana (recuperada)

Nº 55	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. Pedro Núñez Bugallo	Nome. Ángela Porta
Defunción. 30.10.1747	Defunción. 16.12.1754
Testamento.	Testamento. Domingo A. Rodríguez da Fraga
Domicilio. Alemparte	
Matrimonio. 1708 ca.	
Fillos habidos:	
1 – María Bernarda, + 15.6.1710	5 – Jacob, 5.9.1724
2 – Francisco, + 14.12.1716	6 – Francisco, 17.7.1727, + 1730
3 – María pascua, 13.1.1719	7 – Juan Andrés, 13.10.1730, + 1734
4 – Manoel, 7.11.1721	8 – María Antonia, 14.1.1735
Outras consideracións: Con esta familia convive o matrimonio Manuel Núñez Porto e María Tato Blanco	
1. Domingo Antonio, + 6.11.1750	3. Benita, 30.12.1755
2. María Ángela, 21.12.1751	4. María Josefa sf.

Nº 56	
ESPOSO	ESPOSA
Nome. José Porto Cajarville	Nome. María Durán Balado
Defunción. 7.10.1767	Defunción. 20.11.1769
Profesión. Zapateiro	Profesión.
Testamento. José Vilaríño	Testamento. José Vilaríño
Domicilio. A Estrada	
Matrimonio. 23.12.1723	
Fillos habidos:	
haxiónimo san Martiño debe ser moi antigo, en consonancia co fermoso templo románico ao que dá nome, o camiño de peregrinos do Sudeste ou prolongación galega da Vía da Prata, asfaltado nesta parte do seu percorrido, pasa polo lugar chamado O Portiño, onda o palco da música e abandona a devandita parroquia de Dornelas, para volverse internar no concello da Estrada, pasando a rentes do lugar de Penaporrín, no extremo norte da parroquia estradense de Santa María de Loimil. Despois deste lugar e a carón da N-525 o actual trazado do Camiño do Sudeste volve ser de terra e atravesa un gran traxecto de sombra, percorrendo, case na fronteira da parroquia estradense de Loimil co limítrofe concello de Silleda, zonas arboradas principalmente de carballos para chegar ao lugar da Carballeira, aldea estradense que xa pertence á parroquia de San Miguel de Castro. Neste punto o actual trazado do camiño de peregrinos cruza a estrada CP-2017, que une a localidade da Estrada coa de Ponte Ledesma. Dende A Carballeira, cuxo topónimo aínda fai cumprida referencia aos moitos carballos que alegran esta parte do camiño, este volve ser de asfalto –condición que non abandonará ata a saída da Ponte Ulla– e axiña chega ao lugar chamado O Seixo, aldea na que, por iniciativa da Asociación de Mulleres Rurais de Castro, os peregrinos poden selar as súas credenciais xacobeas; documento que levan os romeiros que fan o camiño a pé, da cabalo ou en bicicleta, para xustificar o seu percorrido co fin de obter, ao chegaren á catedral de Santiago, a chamada Compostela; especie de diploma que se

entrega na Oficina do Peregrino, se o portador da devandita credencial xustifica, mediante os selados pertinentes conseguidos ao longo de varios etapas do camiño, ter feito polo menos os 100 últimos quilómetros do Camiño en caso dos peregrinos que se desprazaron a pé e da cabalo; sendo requiridos 200 quilómetros para os peregrinos que chegan a Santiago en bicicleta. Operación de selado que se pode facer nunha taberna do lugar do Seixo. A carón deste establecemento érguese a Capela das Angustias, que foi trasladada pedra a pedra no ano 1880 dende o contiguo lugar da Alberguería; emprazamento onde, segundo tradicións orais que puidermos recoller, durmían os antigos peregrinos do Camiño do Sudeste,



A Capela das Angustias, antes de Santiago, está hoxe emprazada no lugar estradense do Seixo.

antes do traslado da devandita capela, que entón estaba baixo a advocación de Santiago, para o lugar do Seixo; ermida xacobeica que cambiou a súa advocación de Santiago pola actual das Angustias cremos que desacertadamente, pois, co cambio de advocacións, desnaturalizouse o carácter xacobeico do Camiño do Sudeste neste punto da parroquia estradense de San Miguel de Castro; carácter que se podería recuperar restituíndo o orixinal e xenuíno título de Santiago –frecuentísimo nos camiños de peregrinos por razóns obvias– para a citada ermida, que volvería a ser a Capela de Santiago.

Despois do lugar do Seixo e a súa ermida das Angustias, que foi de Santiago cando estaba no contiguo lugar da Alberguería, topónimo tamén moi frecuente nos camiños xacobeos por razóns igualmente evidentes, pasamos polo Cotiño e Castro, lugar onde hai, á beira esquerda do camiño, un manancial, chamado A Fonte dos Carballiños; acuífero recentemente recuperado que serve e/ou servi-



A Fonte dos Carballiños do lugar estradense de Castro está ao pé do actual trazado do Camiño do Sudeste.

ría en antigo tempo como lugar de augada e refresco para os peregrinos e descendemos cara ao río Ulla, abandonando a parroquia estradense de San Miguel de Castro para entrar na parroquia da Ponte Ulla e pasar polo lugar de Noveledo, xa no concello coruñés de Vedra. Un pouco máis adiante o actual trazado do Camiño do

Sudeste deixa á dereita e ás costas a ermida e a fonte de Nosa señora de Gundían, situada, como o devandito lugar de Noveledo, nunha pequena cuña territorial do concello coruñés de Vedra, emprazada, contra toda lóxica territorial, na ribeira sur do río Ulla.

A relación da ermida de Gundían co camiño de peregrinos despréndese do feito de pertencer nas súas orixes este pequeno santuario mariano ao desaparecido mosteiro de San Xoán da Cova, o cal, situado na ourela oposta do Ulla e destruído por unha grande enchente do río no ano 1571, debeu servir, xunto co tamén desaparecido de San Sebastián, no Pico Sacro, como albergue de peregrinos, segundo comentaremos tamén cando pasemos pola contigua localidade da Ponte Ulla. Sobre a devandita pertenza da ermida ao mosteiro de San Xoán da Cova recolleemos do profesor Juan Fernández Casal que: “Durante a vida activa deste mosteiro os monxes construíron na outra banda do río unha capeliña dedicada á Virxe coa advocación de “Virxe de Gundían”. Atendían a capela a través dunha ponte feita con vigas de catorce metros de largo e construída precisamente no mesmo lugar que agora ocupa a ponte do tren [trátase da xa “antiga” ponte construída nos anos 50 do século pasado]” (Fernández Casal, 2003: 127).

Un pouco despois da ermida Gundían, estamos no extremo norte da parroquia estradense de Arnois e aprestámonos a cruzar a ponte vella da Ponte Ulla para chegármonos á localidade do mesmo nome e volver entrar no concello coruñés de Vedra, mais, antes de cruzar o

río Ulla reparamos, cos pés aínda no concello da Estrada, no topónimo A Calzada, pertencente á devandita parroquia de San Xiao de Arnois, o cal, aínda que hoxe dá nome a unha soa casa, é un claro e evidente nome de lugar viario e xacobeo moi frecuente e repetido nos camiños de peregrinos a Santiago, o cal, aínda que pode referirse a outro camiño ou calzada antiga, tamén podería sinalarnos un trazado alternativo e desaparecido, distinto do actual, do Camiño do Sudeste que, dende a zona do devandito lugar de Noveledo ou dende outra, saltase en forma de calzada empedrada ao da Calzada para atravesar despois o río Ulla, talvez por un antigo paso de barcas situado algo augas abaixo da actual ponte vella da Ponte Ulla. Así, son equiparables e poden servir de exemplos paralelos ao da Calzada da parroquia estradense de Arnois outros topónimos idénticos situados de maneira máis clara e definitiva noutros camiños de peregrinos; caso dun lugar chamado así mesmo A Calzada, situado na aldea do Canizo, da parroquia de Santa María do Canizo, no concello ourensán da Gudiña, tamén no Camiño do Sudeste. No Camiño Francés temos, entre outros moitos que sería tedioso enumerar, o nome da coñecida localidade de Santo Domingo de la Calzada, situada na Rioja. Na mesma e principal ruta de peregrinos temos igualmente A Calzada, nome dunha aldea da parroquia de Burres, no concello coruñés de Arzúa (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

En canto a San Xiao de Arnois, o nome da parroquia estradense á que pertence o devandito lugar da Calzada, amosa unha advocación de certo moi xacobeo cal é a de san Xiao ou san Xulián, un dos santos, xunto co devandito san Martiño de Tours, viario e avogoso por excelencia de peregrinos e camiñantes. Así, segundo a tradición relixiosa, san Xulián, que semella, como moi ben di Flaubert, ser a versión cristiá de Edipo, despois do seu involuntario e fatal parricidio, instálase para facer penitencia á beira dun río onde constrúe un pequeno hospital, poñéndose ao servizo dos peregrinos aos que axuda a atravesar a corrente fluvial, polo que se converte na figura de San Xillao ou Xulián hospitaleiro, avogoso de peregrinos e albergueiros (lembramos o topónimo A Alberguería da parroquia de San Miguel do Castro), sendo, co citado San Martiño de Tours (lembramos a parroquia de San Martiño de Dornelas) un santo cuxa presenza e culto é para moitos



A parroquia estradense de San Xiao de Arnois ten, en san Xiao, unha advocación inequivocamente xacobeas que se repite adoito noutros camiños de peregrinos.



A ponte vella da Ponte Ulla, por onde transitan os peregrinos, divide os concellos da Estrada e mais Vedra.

estudiosos e historiadores, entre os que nos incluímos, indicio da existencia de camiños medievais (Ferro et alii, 1992: 545), como puido suceder con relación á parroquia estradense de Arnois, cuxa advocación de san Xiao podería referirse a un antigo paso de barcas ou a un vao para atravesar o río Ulla, pertencente a unha variante do Camiño do Sudeste ou ao trazado orixinal desta ruta de peregrinos. Un caso similar podería ser, na chamada Vereas Vellas, tramo alternativo do Camiño do Sudeste, o dun lugar chamado así mesmo San Xillao (variante dialectal do san Xiao estradense) da parroquia ourensá de Xunqueira de Ambía, situado a carón do leito do río Arnoia, emprazamento que polas súas características semella sinalar tamén a presenza neste lugar da figura xacobeas de san Xillao ou Xiao hospitaleiro, advocación que puido ter na beira do río Arnoia (e na do río Ulla na parroquia estradense de San Xiao) un hospital e/ou unha capela a carón do río para controlar un estratéxico e frecuentado vao ou un paso de barcas de peregrinos sobre este punto da Vereas Vellas, varian-

te do Camiño do Sudeste (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*). A este respecto, un pouco río arriba da ponte por onde pasan actualmente os peregrinos da Verea Vella estivo, segundo recollemos do profesor E. Rivas, o chamado Porto Vello, desusado dende que no século XIX se fixo a ponte un pouco máis abaixo. Este hidrónimo viario de Porto Vello, que sinala un antigo vao, porto mollado ou paso acuático, está a uns escasos 200 metros do devandito monte e lugar de San Xillao, circunstancia que tamén fai considerar a E. Rivas a posibilidade de que este topónimo San Xillao se refira á figura de San Xillao ou Xiao hospitaleiro (el prefere chamalo san Xulián o Peregrino) relacionada neste caso co antigo paso fluvial chamado Porto Vello sobre o río Arnoia. O texto sobre o citado lugar chamado San Xillao e o seu contiguo Porto Vello reza así: “Bo testemuño do paso no río Arnoia, xa romano, é o nome de Porto Vello, desusado desde que no século XIX se fai a ponte máis abaixo. Habería que pescudar o por qué de se chamar, a 200 metros, sobre o monte, Sansillau ou San Xillao o lugariño. Acaso San Xulián o Peregrino, polo vao ou porto no río, cuxo paso protexía?” (Rivas, 2008: 68).

Á parte do San Xillao sobre o río Arnoia e do San Xiao estradense sobre o Ulla, temos outro santo desta titularidade emprazado á beira doutro río na Vía da Prata. Referímonos a un lugar, situado á beira do Esla (Zamora), chamado San Julián onde os peregrinos cruzaban esta corrente fluvial a carón dun hospital. Ao respecto, unha lenda di que san Julián e a súa esposa Basilisa, fundadores neste lugar da igrexa altomedieval de San Pedro de la Nave, hoxe cambiada do seu emprazamento orixinal por mor da construción dun encoro, recibiron como penitencia atender, cunha barca e o citado hospital, os peregrinos que cruzaban o río Esla neste lugar (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

O mesmo santo tamén aparece na advocación do mosteiro de San Xián ou San Xulián de Samos, importante e significativo punto do Camiño Francés, o que constitúe, ao noso entender, outro exemplo de que o culto a este santo, demostrado polo seu topónimo haxiográfico, é un sinal inequívoco da existencia de camiños de peregrinos, que verían en San Xulián hospitaleiro unha advocación protectora nas súas viaxes relixiosas.

Outro san Xulián emprazado así mesmo á beira dun camiño de peregrinos a Santiago é o de San Xulián do Camiño, topónimo situado no Camiño Francés, despois da localidade luguesa de Palas de Rei. No mesmo camiño de peregrinos, pero fóra de Galicia, temos, referido a un antigo hospital de peregrinos hoxe desaparecido, o topónimo San Julián, situado antes de chegarmos á localidade navarra de Viana, poboación na que houbo outro hospital de peregrinos baixo a advocación de san Julián.

No Camiño Portugués cabe citar a aldea chamada San Xulián da parroquia de San Xulián de Requeixo, hoxe San Xulián de Pontecesures (Pontevedra), coa súa igrexa románica de San Xulián a carón do río Ulla, lugar no que, aínda que a tradición oral non o evoca, puido haber tamén un antigo paso de barcas para peregrinos baixo a advocación de san Xulián, a non ser —é outra posibilidade— que esta advocación estivese relacionada coa antiga e actual ponte sobre o Ulla de fundamentos moi antigos. Sexa como for, o citado Camiño Portugués pasa, un pouco antes de chegar ao río, xusto ao pé da igrexa e do cemiterio de San Xulián, que ten a poucos metros a devandita ponte que, unindo as provincias de Pontevedra e A Coruña, sufriu varias remodelacións ao longo da súa historia, unha das cales, a do século XII, se lle atribúe ao mestre Mateo.

Cos devanditos exemplos e outros que temos documentados (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*) vemos que a advocación de san Xulián, Xián, Xillao ou Xiao ten unha presenza o suficientemente abundante nos camiños de peregrinos a Santiago para non ser considerada como mero produto da casualidade o que concorda, como indicamos antes, coa opinión de diversos historiadores, os cales, e agora citamos o parágrafo de maneira textual: “consideran a presenza de culto de San Xián como indicio de camiño medieval” (Ferro et alii, 1992: 545), aínda que, segundo pensamos, sería mellor matizar e completar que o culto e a atención dispensados a este santo presente na toponimia son indicio, non só da existencia de camiños medievais, senón de camiños medievais de peregrinos a Santiago, preferentemente en lugares en que estes atravesan ríos, o que está de acordo coa parroquia estradense de San Xiao de Arnois, emprazada na área de influencia do camiño de peregrinos do Sudeste nunha

zona da ribeira do río Ulla na que aínda hoxe a tradición oral recorda a desaparecida existencia de barcas fluviais no río Grande, apelativo co que os veciños desta contorna se refiren ao río Ulla, sen dúbida un río caudaloso, fermosísimo e grande.

Deixamos a parroquia de San Xiao de Arnois e abandonamos definitivamente o concello da Estrada para, seguindo o trazado do Camiño do Sudeste, cruzarmos, agora si, a próxima ponte que nos introduce no lugar da Ponte Ulla, do concello coruñés de Vedra. Nesta poboación é digna de resaltar a súa igrexa románica de Santa María Madalena, advocación, como as de san Martiño de Tours e san Xiao, moi ligada ao mundo xacobeo : “Su iglesia parroquial [a da A Ponte Ulla], de factura románica, está bajo la advocación de Santa María Magdalena, muy ligada al mundo jacobeo” (Rocamonde Iglesias, 2010, G. E. C. S, voz *Vedra*, t. 18: 58). Así, sen estendérmonos demasiado, e obviando outros exemplos, que temos documentados, atopamos, tamén no Camiño do Sudeste, mais na súa variante ourensá chamada Vereá Vella, a parroquia de Santa María Madalena de Paradiña; En canto ao seu correspondente haxiónimo simple Madalena ou A Madalena, dá nome nos camiños de peregrinos a Santiago a fundacións relixiosas das que dependían hospitais para peregrinos e antigas leprosarías, preferentemente para mulleres; caso, no Camiño Francés, da capela da Madalena da vila coruñesa de Arzúa, que tivo un hospital para peregrinos, ou, na mesma ruta xacobeá, do convento da Madalena da vila luguesa de Sarria, fundado no século XIII, tamén como hospital de peregrinos (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

Na Vía da Prata existe así mesmo o haxiónimo María Magdalena referido a templos dedicados a esta santa, caso da igrexa de Santa María Magdalena da cidade de Zamora, de finais do século XII e comezos do XIII; a cal, segundo algúns investigadores, foi construída por iniciativa da Orde dos Templarios ou polos seus sucesores históricos e cronolóxicos, a Orde dos Hospitalarios de Malta, tamén chamada de San Xoán de Xerusalén; orde relixiosa e militar de cabaleiros monxes, que tiña a misión de protexer, como A Orde dos Templarios, os peregrinos dos camiños de Santiago (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).



Santa María Madalena ou Madanela da Ponte Ulla é outra, como a de san Xiao de Arnois, advocación xenuinamente xacobeas.

No tocante a antigas leprosarías baixo a advocación da santa María Madalena, no Camiño Francés, a carón la localidade navarra de Lakuntza, a documentación histórica cita a desaparecida ermida de Santa María Madalena, a cal, ao parecer, se utilizou como leprosaría, e que, segundo a devandita documentación,

existía no ano 1563. No chamado Camino de Castilla, que ía de Bayona a Burgos, pasando por Tolosa e moi frecuentado por peregrinos, houbo, na devandita localidade de Tolosa, unha leprosaría coa súa correspondente capela de Santa María Magdalena. No Camiño do Norte, nos arrabaldes da cidade de Gijón, está a igrexa de Santa María Magdalena de fundamentos románicos, onde, segundo diversos indicios e fontes, existiu, no ano 1331, unha leprosaría da que moi probablemente o citado templo, hoxe moi desfigurado, formaba parte. No Camiño Portugués existe un lugar chamado A Madalena na parroquia de Ribadelouro, do concello pontevedrés de Tui. No mesmo camiño de peregrinación, pero chegando a Santiago, está a capela de Santa María Madalena no Milladoiro, situada nun emprazamento, hoxe rodeado de edificios modernos, preto do cal puido estar o milladoiro, amilladoiro ou morea de pedras formado polos peregrinos ao que alude o topónimo O Milladoiro; exemplos, e existen moitos máis (*Cabeza Quiles, A toponimia e a haxionimia...*), que poden ser paralelos e comparables, segundo pensamos, ao de Santa María Madalena da Ponte Ulla, no Camiño do Sudeste.

Ao final da localidade da Ponte Ulla e sobre o camiño, hoxe convertido en estrada asfaltada, existe unha artística fonte que ten ao seu carón un cruceiro, sendo ambos os dous elementos dignos de resaltar por se atopar moitas veces asociados e formando parte de camiños de peregrinos.



O cruceiro da Ponte Ulla sinala e baliza o paso do Camiño do Sudeste e forma parte deste.



O capitel románico da Ponte Ulla amosa a figura mitrada e con báculo de san Nicolás de Bari e tres nenos por el resucitados dentro dunha especie de barreño.

A escasos metros da fonte e do cruceiro da Ponte Ulla atopamos outra pegada xacobeá, situada tamén á beira do camiño, cal é un fermoso capitel románico, incrustado nunha casa, que representa un milagre de san Nicolás de Bari co santo resucitando tres nenos que xacían mortos nunha especie de recipiente ou barreño; advocación relixiosa que tampouco é gratuíta e inocente, posto que san Nicolás de Bari, seguramente traído nun principio por peregrinos italianos ao Camiño Francés, debeu espallarse despois a outras rutas xacobeas, como moi ben pode ser o caso da súa citada iconografía no Camiño do Sudeste na Ponte Ulla. Así, e entre outros, no Camiño Francés, temos a igrexa de San Nicolás de Bari da cidade de Burgos, belido exemplar do románico tardío, situado ao pé do camiño e enfronte da catedral. No mesmo camiño de peregrinos, nas inmediacións da ponte de Ponte Fitero, entre as provincias de Burgos e Palencia, existiu tamén unha ermida dedicada a san Nicolás de Bari,

hoxe rehabilitada como albergue de peregrinos. Así mesmo no Camiño Francés temos o san Nicolás de Bari patrón da igrexa de Molinaseca, localidade próxima á cidade de Ponferrada. Tamén no Bierzo leonés, pero un pouco máis preto de Galicia, a igrexa de Trabadelo, dedicada a este santo, nado na actual Turquía e trasladado *post mortem* á localidade italiana de Bari, amosa, segundo pensamos, a gran vinculación de san Nicolás cos camiños de peregrinos; indubidable, para nós, advocación xacobeas que mesmo, segundo nos conta o capítulo IX do Libro Quinto do Códice Calixtino, tiña un altar na catedral de Santiago: “Los altares de esta iglesia se encuentran en este orden. En primer término, junto a la puerta Francesa que se halla al lado izquierdo, está el altar de san Nicolás” (Liber Sancti Jacobi, “Codex Calixtinus”, lib. V, cap. IX: 563-564).

Volvendo á Ponte Ulla, pensamos que é importante destacar que o devandito capitel románico coa figura de San Nicolás de Bari proviría, segundo a tradición oral, do contiguo e desaparecido mosteiro de San Xoán da Cova, as pedras do cal, moito antes de seren sepultadas baixos os entullos da construción da devandita ponte do tren, foron reutilizadas na construción de moitas casas antigas e algún pazo da Ponte Ulla e arredores; edificacións entre as cales podería estar a actual casa portadora do capitel que nos ocupa, sendo perfectamente posible e verosímil, segundo pensamos, que esta peza formase, efectivamente, parte do mosteiro de San Xoán da Cova, que dada a súa antigüidade –está documentado xa no século IX– e a súa proximidade e inmediatez ao Camiño do Sudeste, puido servir, como comentamos antes, como lugar de albergue de peregrinos e formar parte da antiga infraestrutura hospitalaria deste camiño xacobeo, como ocorre, de certo, con outros moitos mosteiros situados á beira ou preto de antigas rutas de peregrinación; teríamos así, coa reubicación ideal do capitel no seu posible e verosímil contexto orixinal, formando parte do mosteiro de San Xoán da Cova, a figura de san Nicolás de Bari perfectamente incardinada no Camiño do Sudeste. En canto á antigüidade e avoengo do mosteiro, este xa aparece nun documento do ano 883 publicado por López Ferreiro: “monasterium sancti Ioannis in eremo quod est fundatum in ripa fluuii Vlie in cauerna [cova no sentido de gran depresión de terreo]



O sinal toponímico que indica o lugar chamado A Retorta, onde o antigo Camiño do Sudeste describiría unha gran curva ou retorta.

O Camiño do sudeste conserva a súa antiga pátina na Ponte Ulla converténdose neste fermosísimo camiño empedrado.

montis quam dicunt Montem sacrum” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 27).

Volvendo á Ponte Ulla, a partir da casa que hoxe amosa o capitel, o Camiño do Sudeste, que durante todo o noso percorrido non nos amosou tramo ningún do seu aspecto orixinal ou case orixinal, recobra esa fasquía e durante uns poucos metros costa arriba temos, por fin, ocasión de camiñar por un fermoso camiño empedrado, o cal, aínda que non sexa o primeiro ou o orixinal, semella moi antigo, desaparecendo o seu piso de pedra moi preto dun sinal toponímico que conduce a un lugar contiguo chamado A Retorta, topónimo viario que fai alusión á antiga curva ou retorta dun camiño antigo, que debeu ser o Camiño do Sudeste, pois o nome de lugar A Retorta aparece noutros camiños de peregrinos; caso da parroquia de Santa María de Retorta, con cruceiro e templo góticos, situada á beira do antigo e actual itinerario de peregrinos que une a localidade portuguesa de Chaves coa ourensá de Laza (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*); xa que o devandito lugar chamado A Retorta, que pertence á parroquia da Ponte Ulla, está a uns 200



Un Santiago Peregrino dunha casa particular, situada sobre o actual trazado do Camiño do Sudeste, observa o paso dos romeiros preto do devandito lugar da Retorta.



O lugar chamado O Francés, antes con toda probabilidade *O (Camiño) Francés, alude ao antigo Camiño do Sudeste; obsérvase, ao fondo, o cume do Pico Sacro.

metros do trazado do actual camiño de peregrinos, pensamos que en antigo tempo este debeu pasar polo citado lugar, onde describiría a curva ou retorta que hoxe denuncia o topónimo,

Un pouco despois abeiramos a estrada N-525 e as súas proximidades, como fixemos noutros lugares dende que comezamos o noso tramo do Camiño do Sudeste na localidade estradense de Besteiros, e chegamos ao lugar de Eiravedra, da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla do concello de Vedra. Dende esta aldea o trazado actual por onde camiñan os peregrinos chega ao próximo lugar do Outeiro sen pasar, aínda que si preto, polo lugar chamado O Francés da parroquia de San Pedro de Vilanova, cando, segundo pensamos, debería facelo por razóns históricas, pois O Francés é un topónimo viario e xacobeo, que debeu ser antes *O (Camiño) Francés, en clara alusión ao Camiño do Sudeste neste punto, moi probablemente, por non dicir seguro, chamado O Francés ou *O (Camiño) Francés por analogía e comparación co verdadeiro Camiño Francés, o cal ao ser o principal e máis representativo de todos os camiños de peregrinos a Santiago, emprestoulle o seu prestixioso e afamado nome a outros camiños xacobeos, como debeu suceder no lugar O Francés do concello de Vedra, nun principio, con toda probabilidade, chamado, antes da elipse ou desaparición da palabra “camiño”, *O (Camiño)

Francés; topónimo que non se refire, xa que logo, ao Camiño Francés propiamente dito, senón ao Camiño do Sudeste neste punto; sorte ou especie de metonimia que se repite con relación a outros camiños de peregrinos. Así, a Vereia Vella, o devandito camiño xacobeo alternativo ao Camiño do Sudeste na provincia de Ourense, tamén foi chamado O Francés ou O Camiño Francés, como debeu pasar co topónimo O Francés do concello de Vedra (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

Por se o anterior non abundase, o gran prestixio e fama que acadou o Camiño Francés de peregrinos en antigo tempo non só fixo que o seu nome lle fose aplicado a outros camiños xacobeos, pois tamén serviu para nomear calquera camiño máis ou menos importante, especialmente os antigos camiños reais. A este respecto, recollemos da profesora Elisa Ferreira Priegue, no seu devandito e magnífico libro *Los caminos medievales de Galicia: "Camiño Francés, Francés, Camiño dos Franceses. Camino a Santiago... aunque a veces venga de Portugal, de Zamora o de la costa [e non de Francia]. A partir del siglo XVI, sobre todo, el término se usa con mucha imprecisión [abofé], para designar un camino real* (Ferreira Priegue, 1988: 33). Afirmación da profesora Ferreira Priegue que se ve confirmada pola documentación antiga, así, entre outros, nun testemuño escrito do ano 1563 do Archivo Histórico Diocesano de Santiago, o camiño antigo que ía de Santiago a Carballo ao seu paso pola actual parroquia carballese de Ardaña é chamado "camiño real que va para Santiago y Coruña que más adelante se llama también "camino francés" (Ferreira Priegue, 1988: 134, n. 276). Todo o anterior sen descartar a posibilidade de que o actual Camiño do Sudeste no devandito lugar do Francés e proximidades fose nun principio unha vía romana, reutilizada despois, á parte de cómo vía xacobeo, como camiño real.

Pensamos, pois, polas razóns históricas e filolóxicas expostas, que debería restituírse o actual percorrido do Camiño do Sudeste que une a localidade de Eiravedra coa do Outeiro no concello de Vedra, facéndoo pasar polo lugar chamado O Francés, cuxo significado viario e xacobeo así o aconsella.

Dende o lugar do Francés (hoxe o fan dende as súas proximidades) os peregrinos históricos debían chegar ao contiguo e devandito



A capela do Santiaguíño do concello de Vedra, como a súa case tocaia de Santiago do Alberguería do da Estrada, acolleu antigamente peregrinos.



A belida fonte barroca do Santiaguíño.

lugar do Outeiro, outro fito importante do Camiño do Sudeste, que aínda amosa sobranceiras pegadas xacobeas, xa que alí atopamos a capela do Santiaguíño; flagrante advocación xacobeas, que se repite, como vimos, na trasladada capela estradense de Santiago do lugar da Alberguería; paralelismo que nos incita a pensar que a alberguería de peregrinos á que alude o topónimo A Alberguería da parroquia estradense de San Miguel de Castro, á cal nos referimos con anterioridade, fose a propia capela, toda vez que existe constancia documental de que a capela do Santiaguíño (e outras situadas nos camiños de peregrinaxe) do concello de Vedra, á parte de como lugar de culto, era utilizada como albergue ou refuxio de peregrinos, segundo consta na súa carta de fundación, que di (texto actualizado) que o seu “ermitaño ha de tener y tiene obligación de recoger en dicha casa [a capela, unha pequena construción pegada a ela ou un cuarto da propia capela] a los peregrinos que allí llegaren [supoñemos que



A atípica fiestra da capela estradense das Angustias, nun principio de Santiago, que puido pertencer ao posible cuarto ou estancia reservado para os peregrinos.

sería preferentemente de noite]” (Quintales, 2002: 190), co que queda o suficientemente clara a utilización deste pequeno santuario como alberguería ou refuxio xacobeo, realidade que podería ser extensible, xa que logo, á capela que houbo no lugar chamado A Alberguería do concello da Estrada, ante do seu traslado, no ano, 1880, para o contiguo lugar do Seixo.

Volvendo á aldea do Outeiro, a carón da capela do Santiaguíño existe unha fermosa fonte (trasladada dende un lugar próximo) que posúe unha inscrición relacionada co traslado do corpo de Santiago. Na fonte hai unha estatua de Santiago e outras dúas que poderían representar os seus discípulos Teodoro e Atanasio. Segundo algúns autores, as figuras procederían do coro románico da catedral de Santiago, construído baixo o mandato escultórico do mestre Mateo. Sexa como for, a poucos metros do interesante conxunto xacobeo do lugar do Outeiro atópase o último e derradeiro albergue moderno de peregrinos do Camiño do Sudeste ou prolongación da Vía da Prata antes de chegarmos á cidade da gran perdoanza.

ADDENDA: a posibilidade que formulamos de que a alberguería de peregrinos á que alude o topónimo estradense A Alberguería da parroquia de San Miguel de Castro fose, polo menos durante algún tempo, a Capela de Santiago queda definitivamente confirmada. Así, recollemos de Reimóndez Portela que: “podemos [no lugar da Carballeira] desviarnos en dirección A Estrada uns 500 metros para chegar ao lugar da Alberguería, que como o seu nome indica foi un lugar de albergue e os veciños recordan cómo os *peregrinos durmían alí na capela de Santiago* [o subliñado é noso], que en 1880 foi trasladada ao lugar do Seixo” (Reimóndez Portela, 2007: 129), aínda que, como indicamos antes con relación á capela do Santiaguíño do concello de Vedra, o albergue de peregrinos estradense podería ter sido a capela propiamente dita, unha pequena construción unida a ela ou un pequeno cuarto da mesma; conxectura que non podemos matizar ao non coñecermos o santuario por dentro, se ben dende o exterior puidemos ver, na parte de atrás do seu muro sur, unha ventá que polo seu aspecto e funcionalidade (parece a ventá dunha casa e non dun edificio relixioso) podería pertencer ao posible cuarto ou estancia reservado en antigo tempo aos peregrinos.

Bibliografía

- CAAMAÑO GESTO, X.M., 1984. *As vías romanas*, Cadernos do Museo do Pobo galego 3, Caixa Galicia, Santiago de Compostela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. “El caballo en las peregrinaciones a Compostela”, en *Galicia en Madrid*, núm. 3, julio-agosto de 1992
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2011. “As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)”, en *Miscelánea histórica e cultural*, núm. 14, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F., *A toponimia e a haxionimia galega dos camiños de peregrinos a Santiago*, en preparación.
- FERNÁNDEZ CASAL, J., 2003. “A virxe de Gundián”, en *Miscelánea histórica e cultural*, núm. 6, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.

- FERREIRA PRIEGUE, E., 1988. “Los caminos medievales de Galicia”, *Boletín Auriense*, anexo 9, Museo Arqueológico Provincial, Ourense.
- FERRO RUIBAL, X. et alii, 1992. *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo Edicións, Vigo.
- Liber Sancti Jacobi*. “Codex Calixtinus”, 1999. Traducción por los profesores A. Moralejo, C. Torres y J. Feo, Xunta de Galicia.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, ap. 1, Editorial Sálvora, Santiago de Compostela.
- POUSA, X. R., 1992. *El Camino de Santiago*, La Voz de Galicia.
- QUINTALES, L. A. M., 2002. *Ruta del Camino de Fonseca. De Salamanca a Santiago de Compostela*, Amarú Ediciones, Salamanca.
- REIMÓNDEZ PORTELA, M., 2007. *A Estrada rural*, Servizo de Publicacións Deputación de Pontevedra.
- RIVAS QUINTAS, E., 2008. *Historia arredor do Camiño Meridional de Santiago de Galicia*, Promocións Culturais Galegas S.A., A Nosa Terra.
- ROCAMONDE IGLESIAS, T., 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), voz Vedra, tomo 18. Ediciones Bolanda.
- RODRÍGUEZ, M. F., 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), voz Chapa, A, tomo 5. Ediciones Bolanda.
- VALIÑA, E., 1993. *EL Camino de Santiago. Guía del peregrino a Compostela*, Editorial Galaxia, Vigo.
- VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RÍUS., 1948. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, 3 tomos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Escuela de Estudios Medievales, Fondo de Publicaciones Gobierno de Navarra, Pamplona.
- VV. AA. 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), 18 tomos, Ediciones Bolanda.



Pazo da Mota

José Manuel Bértolo Ballesteros
joberba4@hotmail.com

Resumo. O morgado do pazo de A Mota, na parroquia de Riobó (A Estrada, Pontevedra), foi fundado por Xoán Otero (1716-1799). O seu bisneto, o maxistrado Manuel Otero Maqueira, vendeu case toda a súa herdanza en 1852 a Ramón Otero Estévez, natural de Boborás, que casara coa viúva de Eduardo Otero, irmán de Manuel. Ramón e a súa esposa Ramona Arén, sen fillos, nomearon como seus herdeiros aos fillos ilexítimos de Pío Otero, chamados Gumersindo e Blandina Concepción, que son os ascendentes dos actuais propietarios.

Abstract. The country house of A Mota, in the Riobó parish (A Estrada, Pontevedra) was founded by Xoán Otero (1716-1799). His great-grandson, the magistrate Manuel Otero Maqueira, sold most of his inheritance in 1852 to Ramón Otero Estévez, from Boborás, married to the widow of Eduardo Otero, Manuel's brother. Ramón and his wife Ramona Arén, with no children, named as their heirs Gumersindo and Blandina Concepción, illegitimate children of Pío Otero and ancestors of the current owners.

A *casa de A Mota ou dos Oteros* no lugar de A Mota na parroquia de San Martiño de Riobó forma parte do patrimonio cultural do concello de A Estrada no apartado de arquitectura civil (DOG 16 xullo 1991). E no mesmo DOG aparece citada a *casa dos Otero* e a *casa e capela de Cobián* na parroquia de Ribeira, que pertenceu á mesma familia que era dona da *casa de A Mota*.

A casa de A Mota, aínda que non ten a antigüidade doutras casas nobres nin ten escudo de seu, é considerada un pazo por ter algunhas das características propias do que se considera un pazo.

O pazo de A Mota atópase situado nun outeiro, desde onde se divisa a val do Ulla e, ao fondo, o orgulloso Pico Sacro, vixiante do camiño Xacobeo e sentinela destas fértiles terras. Ten unha superficie construída superior aos 900 metros cadrados. De planta en L e con dous pisos destaca nel a súa enorme galería, a solaina á que se accede por unhas escaleiras, antes de madeira e agora de pedra, unha adega con bóveda de pedra na que se fai viño, e na cociña unha campá de cheminea que se asenta dobre piares de pedra. O pazo



Retablo.



Pedra de armas.

conserva mobles centenarios en caoba e nogueira que enchen e adornan, entre outras cousas, os once dormitorios que curiosamente comunican entre si sen corredores.

Ten unha capela anexa ao lado sinistro da edificación con entrada interior e pola fachada principal con retablo neogótico. Diante da capela érguese un ben labrado cruceiro duns cinco metros de alto, cunha plataforma de tres chanzos de base cuadrangular con zócalo, fuste circular con diámetro que diminúe en altura, no que hai esculpida a imaxe de san Antonio, e sobre el un capitel circular rematado en cadrado con volutas nas esquinas e catro querubíns en cada cara. A súa cruz é latina, redonda e espiñosa co Cristo crucificado no anverso, con cabeza reclinada sobre a dereita. No reverso ten a imaxe da Inmaculada Concepción.

Ao pasar o portal e na parte posterior, sobre unha fonte, destaca unha pedra de armas, traída doutro lugar, de grandes proporcións cun escudo rematado en punta, cortado, primeiro cuartel; unha cadea posta en orla e no seu campo un xinete con lanza en riste, brochante de dúas cabezas de moro no extremo posterior e outra baixo as patas dianteiras do cabalo, armas da liñaxe GUNDÍN.



Pazo de A Mota.

Segundo cuartel; cinco paus recortados, orlados de oito caldeiras, armas da liñaxe TABOADA. Ao timbre helmo con grandes penachos que mira cara a destra, rodean o escudo unhas volutas e uns lambrequíns vexetais á altura do helmo. Un enorme hórreo de 10 claros, agora en desuso, faise notar nas proximidades do xardín.

Xenealoxía do Pazo de A Mota

Podémosnos remontar na xenealoxía deste pazo estradense ata:

SIMÓN ARMAS, casado con *Xoana de Castro*, veciños de Riobó.

En 1647 Xoán de Milmanda, procurador na Audiencia Arcebispal de Santiago, por unha renda anual de nove ferrados de centeo e un par de capóns (ACS)¹.

Simón Armas morreu o 30 de maio de 1673. Foron os pais de:

MARGARIDA ARMAS, veciña de Riobó, que celebrou os esposais con *Domingos Pesqueiras*, fillo de Amaro de Pesqueiras e de Dominga de Castro, veciños de San Félix de Lois (Ribadumia).

1 ACS=Arquivo Catedralicio de Santiago. E máis adiante, A.R.: =Arquivo da Real Audiencia de A Coruña.

Domingos era irmán de Xacobo Pesqueiras, cura e veciño de A Mota, que morreu 26 de maio de 1747. Margarida morreu o 5 de outubro de 1706. Xeraron a:

1. *Mariña Pesqueiras*, que casou o 4 de xuño de 1705 con *Domingo Montoiro*, fillo de Bieito e María Tata, veciños de Santa Baia de Pardemarín.
2. *Cristina Pesqueiras Armas*, (*que sigue*).

CRISTINA PESQUEIRAS ARMAS celebrou o seu enlace matrimonial en Riobó o 5 de febreiro de 1708 con *Domingos Otero García*, fillo de *Domingo Outeiro Dapena* e de *Catarina García*, natural de Arnois. Domingos otorgou testamento ante Bartolomeu Pesqueira, escribán de Santa Baia de Pardemarín e morreu o 31 de outubro de 1744. A súa descendencia:

1. *Roque Antón Otero Pesqueiras*, bautizado en Riobó o 5 de xullo de 1708, sendo o padriño Roque Douteiro. Morreu solteiro o 12 de outubro de 1720.
2. *Dominga Otero Pesqueiras*, bautizada o 28 de abril de 1710, casou o 7 de xaneiro de 1734 con *Andrés Dafonte Piñeiro*, fillo de Lourenzo e de Mariña, veciños de Barbude. Como veremos máis veces, casaron dous irmáns, Andrés e M^a Antonia Dafonte, con outros dous irmáns, Dominga e Xoán Otero Pesqueiras.

Dominga e Andrés tiveron varios fillos:

- *Xacobo*, que naceu en marzo de 1736, tendo por padriños a Xacobo e Cristina Pesqueiras, veciños de Riobó.
 - M^a *Antonia*, bautizada en Riobó o 26 de abril de 1739, tendo por padriños a Xoán Otero e a Xosefa da Silva, veciña de Paradela.
 - *Xosé*, nacido e bautizado en Riobó o 2 de xaneiro de 1744.
 - *Pío*, bautizado en Riobó o 30 de maio de 1747.
2. XOÁN OTERO PESQUEIRAS, (*que sigue*).

XOÁN OTERO PESQUEIRAS, foi bautizado o 13 de xaneiro de 1716, sendo o padriño Xacobo de Armas, estudante.

Foi o herdeiro do seu tío cura de Riobó don Xacobo Pesqueiras. Mordomo do marqués de Santa Cruz, en 1764 era procurador xeral da xurisdición de Tabeirós “*electo e aclamado polos seus vasallos*”, que

entre outros asuntos se ocupaba do sorteo de quintas, e como tal denunciou (R.A. 18783/51) ao xuíz D. Xosé Araújo e Pedrosa, natural de Tabeirós pero que vivía en Viveiro. A razón da denuncia foi que o xuíz nomeara como seu suplente a un tenente administrador chamado Gregorio Arias Mariño de Soutomaior, que actuaba “cega e atrapalladamente”, excedéndose nos cobros polos seus servizos sen axustarse aos aranceis estipulados.

Xoán, xunto co seu fillo Xacobo, mercou o 17 de maio de 1771 o “Prado dos Xaneiros” xunto con outros bens en Santa Mariña de Ribeira a D. Bernardo Cernadas e a D^a Bieita Sánchez a súa muller, filla de D. Alberte Sánchez procurador de Santiago. Ao empezar a traballalo con xornaleiros, foi denunciado polo cura da parroquia (R.A. 11173/74) de excederse non límites, pois o terreo non estaba limitado con chantos. Ao final déronlle a razón a Xoán, xa que había unha árbore que servía de canto. Neste preito menciónase que había feira en Codeseda o día 14 e en Rubín (Foxo Corvelle) o 15 de marzo no ano 1774.

Era “sisero” na taberna chamada da Pica en San Miguel de Moreira, onde tiña diversos bens. Disputou (R.A. 18827/85) contra os veciños de Moreira e os de Callobre, a causa da auga da fonte do Toxal de Moreiras, onde había un muro separando a fonte chamada de *Maceiras* e a de *Coruxas*, que os veciños querían xuntar.

Xoán outorgou testamento ante Xosé Barros, escribán e veciño de San Miguel de Arca fundando o *vínculo e morgado de A Mota*. Foi sepultado na capela maior da igrexa de Riobó o 15 de xullo de 1799.

Casou o 7 de novembro de 1734 en Barbude con M^a *Antonia Dafonte Piñeiro*, filla de Lourenzo e de Mariña, veciños de Barbude. Procrearon a:

1. *Xoán Otero Dafonte* (ás veces aparece como *De la Fuente*), bautizado en Riobó o 5 de decembro de 1735. Foi presbítero e en 1778 tivo un preito contra os veciños de San Miguel de Moreira, (R.A. 22047/2) a causa da paga duns réditos de censo, pois D. Xoán era o “capelán da capela e aniversario fundada en Santa M^a de Ribeira por D. Xoán Bermúdez de Castro. Este, natural de Santa Mariña de Ribeira e veciño de Madrid, mandou no seu testamento fundar un aniversario de



Lareira do pazo.

misas na parroquia, elixindo patróns e deixando cartos e bens para elo. Un dos patróns foi D^a Beatriz de Silveira, baronesa de San Quintín, viúva do barón Xurxo de Paz e Silveira, quen tomou a censo redimible a metade, (polo que preiteou o capelán Miguel de Soto Bermúdez), e deu poder a D. Fernando Bello e a Xosé Festa, capelán de Paradela, que executaron a redención. Os bens aforados, que pertencían ao arcebispado e ao mosteiro de Acibeiro, comprounos Xoán Otero.

2. XACOCO AGOSTIÑO OTERO DAFONTE, (*que sigue*).
3. *Dominga Otero Dafonte*, que foi bautizada o 11 de outubro de 1739 sendo os padriños o seu avó Domingos e a súa tía Dominga Otero. Casou en Riobó o 11 de agosto de 1762 con *Manuel Pazos Callobre*, fillo de Francisco e Mariña, veciños de Berres.

XACOCO AGOSTIÑO OTERO DAFONTE foi bautizado o 28 de agosto de 1737, sendo os padriños o cura de Riobó don Xacobo Pesqueiras e a súa tía Dominga Otero.

En 1760 deulle unha malleira ao escribán de Tabeirós don Baltasar Xacobo Gómez Flores, de S. Pedro de Parada (R.A. 21863/1). Xacoco ao parecer era un mozo brouco, dito en palabras da época “un

quimerista, fundado en que seu pai é rico e ninguén se atreve a litigar con el". Ademais xa tivera outras "quimeras", como a que tivo co cura de Ribeira, D. Bernardo Cuervo. Ao ser denunciado, seu pai tivo que saír de fiador, polo que lle embargaron bens por valor de 400 ducados, a saber, un par de bois, unha mula, un macho, catro porcos, cen fanegas de millo groso e algúns bens mobles.

A súa voda tivo lugar en Barbude o mesmo día que a súa irmá Dominga, o 11 de agosto de 1762, con *Mariña Pazos Callobre*, filla de Francisco e Mariña –casaron de novo dous irmás con outros dous irmás–. A súa prole:

1. VICENTE OTERO PAZOS, (*que sigue*).

Xacobo casou en segundas nupcias con *Antonia González Taboada*, natural de Carboeiro, quen outorgou testamento ante Caetano Nicolás Vidal e foi sepultada en Riobó o 26 de xaneiro de 1792. Fillos deste matrimonio foron:

2. *Xosé María Ramón Otero González*, nacido o 5 e bautizado 6 de xullo de 1775 en A Mota, tendo por padriños a Rosa Francisca González Taboada e a Antonio Sueiro de Andrade, veciños de Carboeiro.
3. *Xoán Antonio Andrés Otero González*, que naceu o 11 e foi bautizado o 21 de maio de 1780, tendo por padriño a seu avó Xoán Otero. Morreu solteiro o 28 de maio de 1858, outorgando testamento o 23 de marzo de 1852 ante Ildefonso Fernández e Ulloa a favor do seu sobriño Ramón María Cobián.
4. *María Antonia Otero González*, bautizada o 28 de abril de 1773 tendo por padriño a seu avó Xoán Otero.

Casou en Riobó o 10 de febreiro de 1800 con *Ventura Cobián Cueto*, fillo de Xoán Cobián e Manuela Cueto, veciños de Padrón. En 1801 o seu irmán Vicente pediulle tempo para pagarlle a lexítima que lle correspondía pola morte dos seus pais. Ventura (ou Buenaventura) era comerciante en Padrón e noutros lugares. Aparece en varios preitos, e nun deles por mor de vender ao fiado unha carga de liño. María morreu o 17 de marzo de 1851, estando viúva. Foron os pais de:

- *Xacobo Victorio Ramón*, que naceu o 18 de novembro de 1800 e foi bautizado dous días despois. Na partida de bautismo hai

unha nota que di: “*ausentouse para Portugal e ignórase o paradioiro 30 anos despois*”.

- *Ramón María Ventura Cobián*, que foi bautizado en Riobó o 5 de agosto de 1806, tendo por padriños a Manuel Fernández e Rita Cobián, veciños de Trove. Foi cabaleiro da Orde de Carlos III e administrador de Tabacos.

Ramón casou con *Xosefa Budiño Arias*, que fora mellorada cunha casa na rúa Pitelos (Santiago de Compostela), por seus pais, o licenciado Manuel Budiño Rodal, veciño de Callobre, e Xabiera Arias, veciña de Ribeira onde morreu o 20 de xuño de 1868 tras outorgar testamento ante Xosé Ribadavia.

Ramón Cobián tivo moitos negocios con Ramón Otero da casa de A Mota de quen se fala máis adiante. Así, por exemplo, o 17 de xaneiro de 1850 ante Francisco de Oca vendeulle uns bens por valor de 5.100 reais, que previamente comprara en venda xudicial.

Ramón Cobián morreu en Ribeira o 17 de xuño de 1890, tendo feito testamento en Santiago ante Ildefonso Fernández Ulloa o 10 de decembro de 1883. Cando morreu vivían os seus fillos *Albina* (nacida o 1 de xaneiro de 1861) e *Xosé Valentín Cobián Otero*, que –como veremos máis adiante– casou con Carme e Xesusa Otero García, do pazo de A Mota.

- M^a *Engracia Xoana*, nacida en Riobó e bautizada ao día seguinte, o 26 de novembro de 1811, tendo por padriños a Xoán Otero (o seu tío) e María Maquieira.

CRISTOVO VICENTE OTERO PAZOS, bautizado en Riobó o 16 de setembro de 1764, sendo os padriños Cristovo Pazos, veciño de Berres e residente en Loimil, e Dominga Otero a súa tía.

Vicente, como era coñecido, foi xuíz en Tabeirós. Casou con *María do Carme Maquieira Pazos*, filla de *Antonio Maquieira*, da parroquia de San Bartolomeu de Pontevedra, e de *Xosefa Pazos*, da parroquia de Sta. M^a Maior de Pontevedra.

Aparecen ás veces vivindo en Ribeira, sen dúbida na coñecida como “*casa dos Otero*”, e outras en A Mota.



Hórreo do pazo.

Vicente outorgou testamento ante Filipe Pena, escribán de Rubín e foi sepultado en Riobó o 15 de xuño de 1822 coa presenza de 44 sacerdotes. Ao parecer cando morreu pensaba en emigrar. Foron pais de:

- EDUARDO OTERO MAQUIEIRA, (*que sigue*).
- ESTEVO MANUEL OTERO MAQUIEIRA, (*que sigue*).
- *Ventura María Otero Maquieira*, bautizado o 3 de agosto de 1809 en Riobó.
- *Hipólito Otero Maquieira*, bautizado o 11 de febreiro de 1811 en Riobó ao día seguinte de nacer, foi alumno do Real Colexio de Medicina e Cirurxía de San Carlos, onde se fixo doutor.
- *Mariano Salvador Otero Maquieira*, nacido o 4 e bautizado o 5 de agosto de 1812, tendo por padriños Xoán e María Otero.
- *Xosé Bieito Otero Maquieira*, foi bautizado o 19 de agosto de 1814 en Riobó ao día seguinte de nacer, sendo o padriño Xosé Bieito Maquieira, cura de Trava (Bergantiños.). Alumno do Real Colexio de Medicina e Cirurxía de San Carlos, foi

médico en Valencia, para o que tivo que facer a proba de limpeza de sangue.

ESTEVO MANUEL OTERO MAQUIEIRA E MALVAR, pero coñecido como *Manuel Otero*, naceu e foi bautizado o 8 de maio de 1808 na igrexa de Riobó, sendo o padriño o cura de Ribeira chamado Estevo. Casou sobre 1858 con *Bieita Vinseiro Gamallo*, nacida en 1828, filla de Manuel Vinseiro Gómez, natural de Ribeira, e de María Gamallo, natural de San Mamede de Ribadulla.

Viviron en A Mota e, a partir de 1852, en Ribeira. Tivo por fillos a *Xenaro* e *Manuel* –que foron xuíces municipais en A Estrada—, *Vicente*, *Carme* e *Ramona Otero Vinseiro*.

A súa vida seguiu o mesmo curso que a política nacional, sendo apoiado ou defenestrado segundo estivesen no poder as forzas progresistas ou conservadoras.

Estudou para avogado obtendo o título o 12 de xuño de 1833. Neste mesmo ano foi nomeado alcalde (preconstitucional) de A Estrada e, ao comezo da guerra carlista, comandante da Milicia Urbana de Tabeirós, que xunto ao xuíz Cristovo Sánchez apresou a guerrilla carlista capitaneada por Gorostidi. “*Organizou a Garda Nacional de Tabeirós, uniformouna e pagou á súa costa aos espías para saber os movementos daquel infame, a cuxas determinacións foi vítima el con oito dos seus secuaces, e que de non ter sido isto teríase comprometido a sorte de Galicia*” (AHN).

En represalia o pazo de A Mota foi asaltado o 27 de xuño de 1835 pola facción mandada polo seu xefe López, proferindo insultos contra don Manuel. Ao non encontralo no seu domicilio por ter saído á festa do apóstolo en Santiago, saquearon o pazo levando diñeiro, alfaias, roupas e víveres, destruindo o mobiliario que non puideron levar. Calculáronse os danos en 24.000 reais.

Pero os carlistas regresaron ao pazo de A Mota o 7 de abril de 1836. “*Por estes e outros servizos granxeouse o odio e cruel saña dos inimigos do ben público e de S.M. polo que o xefe López saqueoulle a casa esnaquizándolle os mobles de consideración e interesante títulos de pertenza, chegando á tal ferocidade que xa que non puido coller ao expoñente, fíxoo cun irmán seu –Eduardo Otero– e un cuñado deste*

—Gonzalo Arén—, sendo arrancados da cama o 7 de abril de 1836 e conducidos ambas vítimas, descalzos e en camisa, ata o pobo de A Estrada, onde foron sacrificados con bárbaro furor, facendo presenciarse esta escena sanguenta á esposa do primeiro”.

“Consta por documentos as moitas saídas que o comandante fixo contra os facciosos, ... e de ter recibido tres balazos”. Como alcalde e comandante perseguiu a banda de facciosos que mataron a seu irmán, colléndoos en Soutelo de Montes. A causa das molladuras que soportou durante catro anos de persecución dos rebeldes carlistas, padecía do fígado, polo que consta que en 1869 acudiu aos baños en Cuntis para remedio dos súa enfermidade.

Logo participou no proceso xudicial contra os facciosos, buscando ao parecer testemuñas falsas polo que foi multado e amoestado. Neste proceso veuse incurso tamén Manuel Gómez, dono do pazo de Xerliz.

En 1840 foi elixido deputado en Cortes.

Ante o pronunciamento no que triunfou Narváez, Manuel reuniu na súa casa ao xuíz e fiscal de Tabeirós e convocou mediante os pedáneos unha concentración armada de “todos os nacionais licenciados” en A Estrada o 2 de novembro de 1843. Presentouse alí ese día Manuel “a cabalo con trabuco, sable e pistolas proclamando a Xunta Central e República”. Desde alí dirixiuse cos concentrados cara Soutelo de Montes, cometendo moitos asoballamentos, pero ante as noticias adversas os homes dispersáronse e entón collendo as armas levounas a Pontevedra poñéndoas a disposición da Autoridade competente, como se fose esa a súa intención. Sen embargo, foi acusado en 1844 de rebelión contra os conservadores, polo que foi multado e desterrado durante dous anos en Mallorca.

En recompensa polo seu labor contra os carlistas e como deputado a Cortes foi nomeado xuíz de 1ª instancia de Pontevedra o 18 de abril de 1856 e cesado moi pouco despois ante os informes que sobre del deu o Capitán Xeral de Pontevedra. En efecto, o 28 de xullo dese ano Manuel escribiu unha carta ao ministro explicándolle os abusos que cometía o gobernador militar, quen o destituíu como xuíz o 2 de agosto, alegando ser irmán de Hipólito Otero, deputado demócrata e segundo el por non estar capacitado para o cargo, e

porque “foi un dos corifeos da deputación, a cal os días 18, 19 e 20 apurou todos os medios de concitar ao desorde e á rebeldía”, “pois é inimigo do goberno de S.M.”. O gobernador militar tamén argumenta que de 27 deputados demócratas, 7 son da provincia de Pontevedra, de aí que interveña de inmediato. Por iso, se ben o 12 de agosto Manuel é repostado polo Capitán Xeral de Galicia, volve a ser suspendido o día 18 por mor dos informes recibidos do Capitán Xeral de Pontevedra, que tamén o acusaba de persoa ignorante, de pouca intelixencia, pero perigoso por ser arrichado.

Pero cos novos cambios políticos, e dicir, tralo derrocamento da raíña Sabela II, foi nomeado de novo xuíz o 4 de novembro de 1868 para Pontevedra, logo o 25 de maio do 70 en A Coruña, se ben por incompatibilidade é trasladado a Albacete onde toma posesión o 21 de xaneiro de 1871 e trasladándose a Oviedo, a petición súa, tres meses despois. Alí estivo ata o 8 de marzo de 1875, en que é declarado cesante.

Disputou pola escribanía que levaba Xosé María Paseiro con Ramón Otero Estévez (*que sigue*), casado coa viúva do seu irmán Eduardo, Ramona Arén, e que tiña o usufruto dos seus bens, polo que vivían tamén no pazo de A Mota. De aí que para evitar as discusións e preitos, Manuel vendeulle o pazo de A Mota e demais capital ante o escribán Francisco de Oca o 15 de novembro de 1852 por 60.000 reais, ademais doutros 4.000 por diferenzas sobre os contratos da compañía. “Que como Manuel é dono non só do vínculo fundado polo seu bisavó Xoán Otero que nos seus días posuía Eduardo o seu irmán, e polo que pode dispoñer da metade libremente, así como don Manuel é herdeiro da metade de toda a lexítima e herdanza de don Eduardo sen prexuízo do usufruto que deixou a viúva, para evitar disputas sobre as cobizas do usufruto, lindeiros e habitación da casa principal e outras vende a herdanza de seu irmán, tanto na casa principal de A Mota, as súas oficinas, currais, casas de caseiros, horta con todos os bens e rendas do lugar de A Mota, así como os de Berres, Remesar, San Pedro e Santo Tomé de Acorados, Arnois, San Xiao de Guimarei, San Xurxo de Codeseda, Agar, Rubín, sen outra excepción que a renda de 24 ferrados de centeo e 2 capóns que se cobran en Olives coa parte do Souto da Revolta, e vende con todos os dereitos de rega, servidumes, pensións e

demais gravames na cantidade de 60.000 reais". A cantidade debíase entregar en seis anos, pero se non pagaba a tempo, debíase facer cargo dun 6% de réditos. Por outra banda, recórdase a don Ramón que debe respectar o usufruto da súa esposa.

Anos máis tarde, en 1870, laiábase de malvender o pazo pois dicía que valía o dobre.

En outubro de 1880, como xa era maior, deu poder a seu fillo avogado Xenaro e que vivía con el, para levar a administración da casa.

Ramón outorgou testamento ante Filipe Pena Leira sobre o ano 1828 e outro ante Xosé Ribadavia, pero o último outorgouno ante Ricardo Luaces Miranda o 17 de febreiro de 1883. Morreu na súa casa de Ribeira aos 75 anos o 9 de xullo de 1883. No testamento despois da profesión de fe e dos actos eclesiásticos, pide que *"se de pan cocido a domicilio a persoas verdadeiramente necesitadas, canto é desgraciado costume de gastar en festíns improprios nos días de loito, prohibindo terminantemente toda comida extraordinaria nos mesmos sexa cal sexa o pretexto"*. Tamén reconece os seus cinco fillos, aclarando que se ben Xenaro foi procreado antes do matrimonio, cre que foi lexitimado ou se non o declara lexítimo. E di que Xenaro, avogado, ten 26 anos, Manuel, avogado, 24 anos, Vicente que estuda medicina ten 20 anos, Carme 18 e Ramona 14, todos solteiros.

As partillas da herdanza deixounas feitas xa no testamento, deixando a mellora ao primoxénito, sinalándoa sobre a casa amurallada en que vivían que daba ao norte coa vía pública da Barca de Sarandón. Ás fillas deixouulle 10.000 pts. a cada unha e aos outros fillos diversos bens (casas, leiras, montes...) no igrexario e en Berres.

EDUARDO OTERO MAQUIEIRA, que era o primoxénito e polo tanto dono do morgado, bautizado o 28 de decembro de 1806, sendo o padriño Xosé Bieito Maquieira, cura de Trava (Bergantiños). Casou con *Ramona Aren Seoane*, filla do escribán Gonzalo Arén Losada e de Ignacia Seoane, veciños de Santa María de Folgoso de Montes.

Eduardo testou o 6 de xuño de 1831, ante o escribán don Bieito Xosé Paseiro, escribán da xurisdición de Montes. Nomeou usufrutuaria dos bens libres á súa muller Ramona e deixou o vínculo a seu irmán Estevo Manuel e descendentes, sempre e cando non fose

contra o por el disposto, xa que en tal caso herdaría o seu outro irmán, Hipólito.

A Eduardo matárono, como xa vimos, en A Estrada o 7 de abril de 1836 e foi enterrado dous días despois no adro diante da porta principal da igrexa de Riobó.

Ramona Arén volveu casar logo en Riobó o 19 de decembro de 1841, cando xa tiña 44 anos con *Ramón Otero Estévez (que sigue)*, de 23 anos, sendo testemuña o licenciado don Manuel Otero. Ramona e Ramón fixeron testamento o 23 de abril de 1865 ante Manuel Santamarina notario da Estrada. Ramona morreu en Riobó o 25 de xaneiro de 1868 aos 71 anos.

RAMÓN TOMÉ OTERO ESTÉVEZ, foi bautizado ao día seguinte do seu nacemento na parroquia de Alvarellos (Boborás) o 19 de xaneiro de 1819, tendo como padriños ao seu avó Tomé Estévez e a súa tía Dores Santia. Era fillo de *Xosé Otero Santia* e *María Estévez Munín*, e neto por vía paterna de *Pedro* e *Xacinta*, e por vía materna de *Tomé* e *Teresa*.

Casou, como xa se dixo, en Riobó o 19 de decembro de 1841 con *Ramona Arén Seoane* que era a usufrutuaria dos bens libres do pazo de A Mota. “Cando casou, a súa muller deulle 3.000 ducados, é dicir, 33.000 reais, ante Antonio Montenegro veciño de Santa Cruz de Ribadulla”, segundo se di no seu testamento. E logo en 1842 ante o escribán Xoán Manuel Taboada, veciño de Santa Cruz de Ribadulla, e tamén o 15 de agosto de 1848 ante Bieito Xosé Paseiro, Ramona outorgou escrituras de doazón dos seus bens a favor do seu marido.

Ramón María aos poucos meses de casar mercou unha fábrica de papel, que estaba preto da torre de A Barreira². Deseguida fixo a súa aparición no mundo da política chegando a ser alcalde de A Estrada durante o ano 1842, logo en 1843 foi comandante do 2º batallón da Milicia Nacional do partido de A Estrada, en 1855-6 concelleiro e

2 Na beira do río Bó que da nome a esta parroquia e sobre unhas penas alzabase a mítica torre da Barreira, de gran importancia na xurisdición de Tabeirós, sendo testemuña muda das loitas entre o arcebispo de Santiago e os señores feudais, e que foi destruída polos Irmandiños a finais do século XV.

Sobre a fábrica de papel ver artigo de J.Fernández Casal, en *Miscelánea histórica e cultural*. A Estrada, 2007.

síndico do concello de A Estrada e en 1873 foi vocal do comité alfonsino de A Estrada.

A súa nai María Estévez, agora viúva do segundo marido Ignacio Orcullo, o 8 de febreiro de 1847 ante o escribán Francisco Andiñon deulle para sempre a Ramón, apartando aos seus outros fillos de todo dereito, os cartos que levara da casa e que gastara en mercar bens e casas.

A partir de primeiros de ano de 1852 exerceu como recadador das contribucións directas do distrito de A Estrada, para o que tivo que facer en garantía unha hipoteca o 12 de novembro de 1851 ante Francisco de Oca.

Como xa vimos, en 1852 mercoulle a Manuel Otero o pazo de A Mota xunto con todos os bens do morgado, pero seguiu tendo moitas máis relacións económicas con el. Así o 31 de decembro de 1861 comproulle por 10.400 reais unhas casas, leiras e rendas en Folgoso, que Manuel mercara dez días antes nunha puxa xudicial froito dun embargo.

Ramón en 1861 tamén aparece como dono dunha empresa de fundición e dunhas minas de estaño en Santa Eulalia de Losón (Lalín) chamadas “A filla ausente” e “San Antonio”.

Expresou as súas últimas vontades o 23 de abril de 1865 ante Manuel Santamarina e morreu aos case 84 anos en A Mota o 26 de novembro de 1903, sendo enterrado no adro de San Martín de Riobó dous días máis tarde, asistindo 40 sacerdotes.

O 17 de agosto de 1848 e ante o escribán Uxío Andrés Parcero fixo recaer os bens recibidos da súa muller Ramona Arén en 1842 “*nos dous fillos naturais de Xoana García Centeno, Gumersindo e M^a da Concepción, habidos de don Pío Otero, para sostén dos pupilos e sempre que estes o necesitasen e se fixesen acredores a elo polas súas boas calidades na súa vida pública e privada*”. Tamén fixo doazón dos seus bens presentes e futuros, facultando a Xoana para administrar os bens doados mentres ela siga solteira, pois en caso contrario pasaría aos fillos directamente. Estaba claro que Ramona estaba de acordo e que xa non esperaban ter fillos de seu, pois Ramona pasaba dos 50 anos.

Esta doazón foi referendada por Ramón Otero e a súa esposa Ramona Arén nas súas últimas disposicións de 1865, poñendo

Ramona a condición de que levasen primeiro o apelido Otero e que non herdasen os bens da súa nai, pois esta tiña outra filla natural chamada Carme. Non obstante esta última condición foi retirada por Ramona nun codicilo o 21 de xaneiro de 1868.

En efecto, **Xoana García Centeno**, veciña de Merza, –que tiña 14 anos cando quedou embarazada do primeiro fillo–, tivo dous fillos ilexítimos de *Pío Otero* e logo outra filla, Carme, de pai descoñecido. Xoana nacera en Breixa o 22 e bautizada o 25 de outubro de 1830, filla de Gonzalo García Centeno e de Francisca Portela, e neta de Antonio García e M^a Antía Centeno, naturais de Pazos de Arenteiro e residentes en Breixa, e por vía materna de Xosé Carlos Portela, de Breixa, e de Sabela Álvarez, natural de Merza.

Xoana foi a nai de:

1. GUMERSINDO OTERO GARCÍA, (*que sigue*).
2. *Blandina Concepción Otero García*, nacida en decembro de 1846 e bautizada ao día seguinte en Breixa, sendo a madriña a súa tía materna Dores. Uniuse en matrimonio con *Antonio Sanxurxo Badía*, industrial, quen fundou unha importante industria metalúrxica en Vigo, así como a primeira liña de autobuses entre Santiago e A Coruña. Tiveron cinco fillos: Antonio, Carme, Ramona, Manuel e Fernando.

GUMERSINDO OTERO GARCÍA, naceu en Breixa o 9 de decembro de 1845 e foi bautizado tres días máis tarde, sendo madriña a súa tía materna M^a das Dores. Casou en Riobó o 9 de abril de 1871 coa súa prima *Dolores García Espinosa*, natural de San Cosme de Cusanca, Irixo (Ourense), filla de Xosé García Centeno, avogado, natural de Santiago de Breixa, e de Xesusa Espinosa Salgado, natural de San Salvador de Escuadro (Silleda) e domiciliados en San Cosme de Cusanca. Na partida de casamento de Gumersindo dise que era “*fillo de Ramón Otero*”, seguramente por suposición do cura ao ter sido declarado herdeiro de Ramón Otero.

No ano 1880 encontrábase ao fronte da fábrica de papel de Riobó. A fábrica pasou despois a outras mans segundo consta en documento de venda de 23 de maio de 1940. Dentro do edificio da fábrica a comezos do século XX funcionaba “*un muíño de maquiá, un*



Interior do pazo.

taller de torneiro e unha centraliña hidroeléctrica”, segundo nos conta J. Fernández Casal.³

Seguindo os pasos do seu pai entrou no mundo da política sendo alcalde de A Estrada en dúas lexislaturas, desde o 1 de marzo de 1877 ao 1 xullo 1881, e de novo desde o 6 de setembro de 1886 ata o 25 de maio de 1887 cando, a petición propia e alegando achaques de saúde, cesou no cargo.

Continuou no mundo da política sendo deputado provincial en seis eleccións, 1888, 1892, 1896, 1901 e 1909. En 1902 foi elixido presidente da Deputación de Pontevedra. E tamén alcanzou o cargo de gobernador civil de Ourense.

Faleceron ambos esposos no seu pazo de A Mota, Gumersindo o 13 de novembro de 1914 e a súa esposa o 26 de setembro de 1936. Cando faleceu Dores tan só vivían seis fillos, Xosé, Xesusa, Gumersindo, Gonzalo, Martín e Purificación.

3 FERNANDEZ CASAL, J. Breve aproximación ós muíños da parroquia de Riobó. Miscelánea histórica e cultural de A Estrada nº 5. Ed. Fundación Cultural de A Estrada. Museo. M. R. Portela, 2002



Familia Otero en xullo de 1923.

Esta familia xunto cos seus primos descendentes de Concepción Otero e Antonio Sanxurxo Badía fixeron unha primeira peregrinación a Santiago no ano 1923, e que aínda agora seguen a facer os seus descendentes.

Gumersindo e Dores tiveron no pazo de A Mota unha numerosa descendencia:

1. *Ramona Otero García*, naceu el día 14 de abril de 1872 e faleceu célibe en A Mota o 15 de xaneiro de 1929.
2. *María da Purificación Xesusa Amalia*, naceu o 30 de marzo de 1873. Sen descendencia.
3. *Ramón Gonzalo Antonio*, naceu o 16 de febreiro de 1875. Faleceu aos poucos meses o 16 de decembro de 1876.
4. *Xosé Otero García*, casado con *María de Castro-Figueroa López*. Tivo tamén numerosa prole: Gumersindo, Xosé Manuel (pai do eminente médico neurocirurxián vigués Xosé Manuel Otero Vich), Celestino, María, Dores, Martín, Antonio, Gonzalo, Ramón e María Loisa. Tiña a súa residencia en Ponte-deume, no pazo do Piñeiro que en 1936 asaltaron os republicanos asasinando ao seu primoxénito e ao capelán do pazo. Anos despois os maquis queimaron o pazo.

5. *Pío Carlos Eliseo*, naceu o 26 de outubro de 1877 e, célibe e sen profesión, faleceu aos 46 anos no pazo de A Mota o 9 de setembro de 1924.
6. *María do Carme Xosefa*, naceu o 12 de setembro de 1879 e foi bautizada en Riobó ao día seguinte. Casou con *Valentín Xosé Cobián Budiño*, nacido o 27 de maio de 1865, licenciado en medicina e cirurxía, natural de Ribeira, fillo de Ramón María Cobián Otero e de Xosefa Budiño Arias.
Xosé Valentín morreu o 16 de xuño de 1917 aos 50 anos. Foron veciños de Ribeira onde naceron os seus fillos:
 - *Ramón Xosé Cobián Otero*, nacido o 14 de abril de 1899. Casou con *Herminia Varela Neira*, viviron en A Coruña, onde tiveron dezasete fillos. En 1951, ano en que morreu, asumiu a dirección do *Sanatorio Modelo*. No ano 1955 o seu fillo Ramón Cobián Varela, médico anestesista, ocupou a Dirección do centro e en 1995 produciuse o relevo xeracional, sucedendo Xurxo Cobián Casares como director, despois de corenta anos, a seu pai.
 - *M^a das Dores Gumersinda*, nacida o 26 de febreiro de 1901. Casou no oratorio de A Mota o 13 de maio de 1928 con Xacobo Harguindey e Salmonte, de 27 anos e natural de Santiago, fillo de Xosé e Rita.
 - *M^a Teresa Xesusa*, nacida o 21 de setembro de 1902.
 - *Mariña*, casada en Riobó o 18 de xullo de 1938 con Perfecto Paseiro Andión, natural de A Estrada e fillo de Domingo e Olivia.
 - *Gumersindo Xosé Laurentino* nacido o 1 de xullo de 1904 e casado con Ana M^a Salgado Peñarredonda, tiveron cinco fillos.
 - *María do Carme Gumersinda Sabela*, nacida o 8 de xullo de 1906, casou o 25 de marzo de 1936 co comandante de artillería retirado Fernando Botana Rose, neto por vía materna de cidadáns ingleses. Viviron en Pontevedra e foron pais de Xesús María, con descendencia.
Faleceu dona Carme en Riobó o 13 de agosto 1907 sen outorgar testamento e o seu esposo contraeu novas nupcias coa súa cuñada Xesusa Otero.

6. *Xesusa Otero*, nacida o 29 de novembro de 1880, casou na parroquia de San Miguel dos Agros (Santiago) o 5 de maio de 1909 co seu cuñado *Valentín Xosé Cobián Budiño*, viúvo de M^a do Carme. Vivían en Riobó onde tiveron seis fillos varóns:
- *Xosé Xerardo Ramón*, que naceu o 30 de xullo de 1910 e casado morreu en Riobó o 9 de xuño de 1978.
 - *Leopoldo*, casado con M^a Loisa Vázquez Campos, era veciño de Guitiriz.
 - *Gonzalo Xesús Estevo*, nacido o 26 de decembro de 1913 e casado no oratorio de A Mota o 24 de setembro de 1945 con M^a Amelia Llamas Saco, natural de A Coruña, filla de Xosé Llamas del Corral e de María Saco e Arce, veciña de León. Tiveron cinco fillos.
 - *Fernando*, nacido o 26 de outubro de 1915 e casado con M^a Rosa Valenzuela Ulloa. Tiveron cinco fillos. Aínda que veciño de Vigo, morreu en Riobó o 22 de decembro de 1967.
 - *Xesús e Ventura*. Foron xemelgos nacendo o 19 de xullo de 1917 e morrendo ámbolos dous de “gripe española” o 22 de outubro de 1918.
- Xesusa faleceu viúva en A Mota o 20 de xullo de 1960.
8. *Dolores*, nacida o 7 de decembro de 1882, casou con *Xerardo Valenzuela Ulloa*. Os seus fillos son Elvira, Alfonso, Margarita, Xosé Manuel, Ramón, Dolores, Antonio, Fernando e María Xesús. De Alfonso é neto o actual vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda Valenzuela.
9. *María*, naceu o 12 de febreiro de 1884 e faleceu célibe o 10 de abril de 1918.
10. *Gumersinda*, naceu o 18 de setembro de 1885 e casou con Ventura Villar Grangel. Foron pais de Mariña, Vicente, Ventura, Rita, Gumersindo, María Dolores, Xosé María, Domingo e Lois.
11. GONZALO XOÁN FAUSTINO, (*que sigue*).
12. *Ramón*, naceu o 3 de xaneiro de 1890, de profesión médico, estaba casado con *Carme Calderón Fernández*, natural e veciña de Santiago de Compostela. Tiveron por fillos a María Teresa e Ramón. Faleceu no pazo de A Mota o 16 de outubro de 1918.

13. *Martín Xavier Manuel*, naceu o 13 de xaneiro 1892. Casou con *María Fernández Otero*, sendo os pais de Martín, María Dolores, Elisa, Xosefa, Gumersindo, Ramón, Lita, Carmela, Xosé Antonio e Teresa.
14. *Purificación*, naceu o 25 de xullo de 1896. Casou con *Rafael Espinosa Cervela*, tendo dous fillos, Rafael e María Dolores.

GONZALO XOÁN FAUSTINO OTERO GARCÍA, naceu o 6 de outubro de 1886, avogado, e “de profesión propietario” segundo o Rexistro civil. Casou con *Mercedes Llamas del Corral*, natural de Lugo, onde naceu o 4 de maio de 1885, filla de Caio Llamas Bustamante e de Paulina del Corral Flores, naturais el de León e ela de Sahagún (León) e domiciliados na cidade de Santiago de Compostela.

Faleceu Gonzalo o 8 de setembro de 1954 e a súa esposa o 14 de setembro de 1977, óbitos que tiveron lugar no seu pazo de A Mota. Deste matrimonio quedou unha única filla:

MARÍA MERCEDES OTERO LLAMAS, naceu o día 5 de abril de 1922 en Santiago de Compostela, pois alí vivían os seus avós maternos, na rúa Pescadería Vella. Casou con *Saturio de la Calle Sáenz*, que naceu o 24 de maio de 1909, na Praza Principal de A Estrada, fillo de *Vicente de la Calle Íñigo*, natural de Ortigosa de Cameros (Logroño) e de *María do Carme Sáenz de Torres*, natural de A Estrada e ambos veciños desta Vila, onde eran propietarios dun comercio de telas, se ben Vicente chegou a ocupar o cargo de oficial do xulgado e xuíz de paz suplente. Os seus avós paternos foron Policarpo de la Calle Torres e Braulia Íñigo García, veciños de Ortigosa de Cameros, e os seus avós maternos foron Saturio Sáenz Torres e María Torres Pérez, igualmente veciños da referida vila.

D. Saturio foi licenciado en medicina e cirurxía e fundou, xunto a seu irmán Manuel, o *sanatorio Nosa Señora do Carme* que foi inaugurado o 16 de xullo de 1944. Faleceu don Saturio no pazo de A Mota o 20 de outubro de 1986 e a súa esposa en A Estrada o día 12 de febreiro de 2002, ambos enterrados no cemiterio de Riobó. Tiveron varios fillos:

1. *Gonzalo de la Calle Otero*, que naceu o 4 de xuño de 1942, que casou con M^a Vitoria Otero Álvarez, nacida o 6 de maio de 1945. Fillos: Loreto e M^a Victoria.
 2. *Saturio de la Calle Otero*, naceu o 5 de xaneiro de 1944. Casou o 12 de setembro de 1970 na capela do pazo de Oca con Carmela López Vilariño, nacida en Santiago o 1 de maio de 1945, filla de Ramón e de María. Fillos: Eva, Lucía e Ana
 3. *Xosé Ignacio de la Calle Otero*, naceu o 1 de febreiro de 1949. Contraeu nupcias en Ourense con Serafina Portela Fernández o 17 de xuño de 1973. Tiveron dous fillos nados en Santiago de Compostela, Ignacio o 17 de febreiro de 1979 e Marta o 25 de xaneiro de 1983.
 4. *María Mercedes Guadalupe do Rosario de la Calle Otero*, naceu o día 8 de maio 1951. Ten unha filla, Alba Sobrados de la Calle, que naceu en Santiago de Compostela o 1 de novembro de 1982.
 5. *Afonso de la Calle Otero*, naceu no Sanatorio Nosa Señora do Carme de A Estrada o 26 de maio de 1952. Casou en A Baña (A Coruña) o 2 de maio de 1981 con María Dolores Hortensia Reino Martínez. Sen sucesión.
 6. *María Uxía Lucía de la Calle Otero*, naceu no sanatorio Nosa Señora do Carme o 13 de decembro de 1956. Casou na capela do pazo de A Mota, (na igrexa parroquial, segundo o rexistro civil) o 29 marzo de 1981 con Xosé Freiría Rouco, nacido el 21 de xaneiro de 1956, fillo de Xosé e de Sara, natural de Conxo (Santiago) e de profesión empregado de banco. Tiveron por fillos nados en Santiago de Compostela a Xosé o 22 de setembro de 1981 e a Pablo.
- Con María das Mercedes Otero Llamas chegamos ao momento da variación do apelido *Otero*, polo apelido do seu esposo *de la Calle*, que desde agora entra a reforzar a estirpe do pazo de A Mota. Será desde este momento cando se celebren grandes acontecementos familiares da familia *de la Calle* na capela do pazo, como as vodas da súa filla menor María Uxía Lucía ou a da sobriña de don Saturio dona *Concepción de la Calle Blanco*, de profesión médico forense e filla de Manuel de

la Calle Sanz (30/3/1911) e de Carme Blanco, natural de Cuntis, que casou con *Anxo López Pereira* o 19 de xullo de 1986, e que posteriormente bautizou na mesma capela a seus fillos, *Anxo* en 1989 e *María* en 1992.

Fontes documentais e bibliografía

Arquivo Diocesano Santiago de Compostela.

Arquivo Diocesano de Lugo.

Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

Arquivo Universitario de Santiago de Compostela.

Arquivo Histórico Nacional.

Rexistro Civil de A Estrada, Santiago de Compostela e Lugo.

FERNÁNDEZ BASCUAS, M^a J., “Carlistas e liberais en terras estradenses”, *Miscelánea histórica e cultural de A Estrada*. Ed. Fundación Cultural de A Estrada. Museo M. R. Portela. 2006

FERNÁNDEZ BASCUAS, M^a J., “Alcaldes estradenses”, *Miscelánea histórica e cultural de A Estrada*. Ed. Fundación Cultural de A Estrada. Museo M. R. Portela. 2004

FERNÁNDEZ CASAL, J., “Fábrica de papel en Riobó”, *Miscelánea histórica e cultural de A Estrada*. Ed. Fundación Cultural de A Estrada. Museo M. R. Portela. 2004

FERNÁNDEZ CASAL, J., “Breve aproximación ós muíños da parroquia de Riobó”. *Miscelánea histórica e cultural de A Estrada*, Ed. F. C. A Estrada. Museo M. R. Portela. 2002

OTERO VICH, J.M. “Los Otero... y la llamada de la selva”, *Faro de Vigo*, 31/7/2010.



Xornadas Manuel Reimóndez Portela: *Un médico na aldea* 20 anos despois

Resumo. Entre o 21 de setembro e o 5 de outubro de 2012 celebráronse na Estrada unha serie de actos conmemorativos do vixésimo aniversario da publicación do libro *Un médico na aldea*. Nas mesas redondas celebradas o 21 e 28 de setembro participaron, respectivamente, María Jesusa Fernández, Juan Andrés Fernández, Olimpio Arca e José Carro; Ofelia Rey, Carlos Baliñas, Xesús Palmou e Emilio González. Ofrecemos de seguido unha versión resumida das ponencias presentadas.

Abstract. Some celebrations to commemorate the twentieth anniversary of the book publication took place in A Estrada between the 21st of September and the 5th of October. In the round tables held on the 21st and 28th of September participated María Jesús Fernández, Juan Andrés Fernández, Olimpio Arca and José Carro, Ofelia Rey, Carlos Baliñas, Xesús Palmou and Emilio González. A summarized version of the given papers is presented below.



Acto de presentación das Xornadas Manuel Reimóndez Portela, *Un médico na aldea*, o día 21 de setembro de 2012. De esquerda a dereita: Xosé Luna, María Jesusa Fernández, José López, Alcalde da Estrada; Gerardo Fernández Albor, ex-Presidente da Xunta de Galicia, Marcelino Agís e Alfonso Varela.



Autoridades e ponentes na xornada inaugural: Olimpio Arca, Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; José Carro, Gerardo Fernández Albor, José López, María Jesusa Fernández, Marcelino Agís, Alfonso Varela, Juan Andrés Fernández e Luís Reimóndez.

Manuel Reimóndez, o exemplo dunha vida

Juan Andrés Fernández Castro

Aínda que non é fácil calibrar a complexa pluralidade dun ser humano coma el, sobre Reimóndez Portela hai xa moito dito e ben dito. Aí está o Libro Homenaxe editado no 1996 no que colaboraron, entre outros persoeiros, un Xefe de Goberno (don Mariano Rajoy) e un Premio Nóbel de Literatura (don Camilo José Cela). E a biografía que elaborou Olimpio Arca, autor tamén de varios artigos sobre Reimóndez Portela editados en diversos diarios e revistas. Ambas as dúas referencias bibliográficas constitúen, hoxe en día, un imprescindible elemento de consulta para todos aqueles que desexen achegarse ao médico de San Miguel de Castro.

A súa proxección cultural no concello estradense foi extraordinaria. Gustaríame salientar dous dos seus logros máis sobranceiros: o Museo do Pobo Estradense que hoxe leva o seu nome e a iniciativa de crear unha revista cultural vencellada ao Museo, feita hoxe realidade co nome de *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, que publica este ano o seu décimo quinto volume. Lamentablemente Reimóndez Portela nunca chegou a ver materializados estes proxectos que a morte prematura lle arrebatou das mans. Aos que quedamos cóubonos a honra de converter en gozosa realidade aquela semente de esperanza que el plantara en terra fértil.

Don Manuel foi home cordial e próximo. Tamén ameno conversador que sabía escoitar e estaba en posesión de dúas das cualidades que caracterizan ás persoas intelixentes: o sentido do humor e a curiosidade. Coñecía el moi ben as propiedades terapéuticas do humor, eficaz ansiolítico que receitaba adoito pois carecía de contraindicacións e de efectos secundarios. Levábao sempre no seu maletín a carón do fonendo e do otoscopio e prescribíao nas súas diversas presentacións: chiste, anécdota oportuna ou conto ben traído porque lograba rebai-xar, por exemplo, a tensión do propio acto médico, onde resultaba indispensable acadar a confianza e colaboración do paciente. Sendo Presidente da coñecida como Comisión dos 16, a quen se encargara no ano 1979 a elaboración dun Proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, encontrou ocasións abondo para poñer a proba as súas dotes de diplomacia, concordia e avinza. Naqueles momentos de máxima tensión, que chegaron incluso a ameazar a propia continui-

dade da comisión, o noso médico trasmutado en político tomaba a palabra para matizar algún aspecto conflictivo, narraba unha anécdota ou dicía un chiste ao caso. “Nunca me fallou este recurso”, comentaba despois satisfeito. E engadía que todos os membros da comisión que, como é sabido, comprendía un amplo arco ideolóxico dende os comunistas ata os conservadores, pasando por socialistas, centristas e nacionalistas, recoñeceron que as atinadas intervencións do presidente evitaron máis dunha vez que a Comisión dos 16 saltase polos aires.

Reimóndez Portela foi un home dotado dunha eminente curiosidade intelectual. Poucas cousas había que non merecesen a súa atención, que non estimulasen a súa arela de competencia profesional, de perfeccionamento e de constante actualización pois sabía moi ben que o coñecemento da vida aínda está moi lonxe de cerrarse e que son infinitos os recantos do camiño onde a morte nos espera. Ao remate das consultas, despois de comer, alá polas tres ou catro da tarde, ou cando podía, entregábase aos libros de medicina ou poñíase á fala con algúns colegas e con eles comentaba os casos máis arrevesados. Era un finísimo observador, teimudo e paciente nas súas exploracións clínicas e acompañaba ao paciente na súa particular aventura patolóxica sen esquezener nunca que tralos signos clínicos de moitas doenzas ocultábase unha mágoa da alma e por iso mesmo o proceso de curación precisaba unha intervención simultánea no soma e na psique. A saúde, para Reimóndez, cifrábase no perfecto equilibrio entre aqueles dous indisolubles elementos da natureza humana.

Imos presentar, vinte anos despois, a reedición, debidamente corrixida e aumentada, do seu libro “Un médico na aldea”. Sentiu Reimóndez o engado da escritura, como moitos outros médicos humanistas de todos os tempos; sen embargo cómpre precisar que nunca se interesou pola creación literaria. A súa vocación de escritor derivaba, por unha parte, da certeza de que a escrita posúe a virtualidade de perpetuar as cousas narradas e, pola outra, da súa convicción de que aquel microcosmos rural no que lle tocou vivir encontrábase sumido nun proceso de rápida e inevitable desintegración. Por iso quixo el relatarnos, a modo de notario, a particular forma de exercer a medicina naqueles heroicos tempos de transición entre as sulfamidas e os antibióticos.

O doutor D. Manuel Reimóndez Portela, conferenciante

Olimpio Arca Caldas

En decembro de 1990 tiven a honra de presentar, a petición de D. Manuel, o seu documentado libro “A Estrada Rural”. Naquel entón, igual que hoxe, compartín disertación co entrañable doutor Carro Otero. Na miña exposición recordo que fixera un símil da fecunda traxectoria médica do doutor Reimóndez Portela cunha folla dun carballo onde, en tan diminuto laboratorio natural, se realiza o complexo proceso químico da fotosíntese.

Hoxe, anos despois de escribir a biografía de D. Manuel e serme, pois, máis coñecida a polifacética e densa actividade, en todos os eidos da medicina e da cultura, do médico de San Miguel de Castro, preciso trocar aquela sinxela folliña nunha árbore completa.

Un carballo de rexo tronco, enraizado na nosa terra, ha ser esa frondosa árbore. Ela, a árbore, proporciónanos madeira para as rodas dos carros labregos, travesas para os alicerces dos camiños de ferro, tanino destinado a curtir peles. Árbore de abundosa ramaxe ofrécenos céspede e sombra no verán; calor na lareira no inverno; osíxeno, zancos e estornelas para os picariños e un hábitat acolledor para berce dos paxaros.

O tronco desta árbore representa a dedicación total de D. Manuel á profesión médica, mentres a ampla ramaxe forma un tupido conxunto de pólas rexas de antropoloxía, de ramas vigorosas de turismo, de fermosas gallas de política, de delicados garbullos de escritor, de feitucos guizos de conferenciante...

Na sección do tronco deste carballo o mesmo que na traxectoria de D. Manuel, descubrimos tres partes: casca ou cortiza, sámago e cerna.

Casca ou cortiza, envoltura exterior procedente da metamorfose lenta do sámago. Representa ela o grao de doutor, título acadado por D. Manuel co traballo “Contribución al estudio vascular de la articulación de la muñeca”, no ano 1959.

Sámago, equivale á súa total dedicación á medicina. A permanente atención afectiva e intensiva a prol dos enfermos dunha ampla contorna, que ía máis alá dos lindes do noso concello. Hai no sámago importantes nós que recordan as distincións médicas acadadas por D. Manuel: Diplomado en medicina do Traballo; ingreso na Academia

Médico Cirúrxica de Santiago, Membro Fundador da Sociedade Galega de Patoloxía Dixestiva, Académico Correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Cerna. A zona máis entrañable de D. Manuel: MÉDICO NA ALDEA.

De todas esas pólas que formaban a abondosa ramada do carballo, analizarei os feitucos guizos de conferenciante de D. Manuel.

Fundamento a razón desta elección pola miña participación tamén, ben co grupo de Teatro Escolar de Couso, ou co tema “A Segunda Etapa no Ensino Xeral Básico” nas Semanas Culturais a desenrolar nos Teleclubes, convocadas, a nivel provincial, polo Ministerio de Información e Turismo.

D. Manuel, cofundador no ano 1974 e dous anos despois presidente do Centro de Iniciativas e Turismo, foi o animador continuo e organizador das Semanas Culturais celebradas nos teleclubes das parroquias do noso concello e dos lindeiros.

Dende a 1ª Semana Cultural celebrada no Teleclub da Somoza no ano 1974 ata a celebrada no centro de Pardemarín no 1978, D. Manuel participou en todas elas con temas relacionados coa medicina tales como “Primeiros auxilios e prevención de enfermidades”, “Fecundación del sexo, grupo sanguíneo y factor RH”. Así mesmo presentaba, xa noutro ámbito, fermosas diapositivas do Pazo de Oca elaboradas por el coa correspondente explicación da historia dos propietarios do pazo.

A conferencia de D. Manuel era a conferencia estrela de todo o repertorio. O aforo do local, sempre escaso, estaba coroadado por atentos asistentes de pé. A súa voz ben coñecida, próxima e pedagóxica, escoitábase case con devoción. No desenrolo dos temas seguía, coma un mestre experimentado, os postulados didácticos do médico e filólogo belga Nicole Decroly sobre os “Centros de interés”.

A disertación comezaba puntual ás 20:00h., xa noite, pero non tiña límite de tempo xa que o tema desenrolado ensarillábase con preguntas de actualidade que o público lle facía na certeza da súa atinada resposta. D. Manuel contestaba sempre con afecto e acerto.

Era a autoridade, non só médica, senón tamén en problemas imprevistos, amigo, confidente e conselleiro.



Xornada do día 21 de setembro. Juan Andrés Fernández, Olimpio Arca e José Carro. Preside M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A partires de 1979 os teleclubes, por mor da expansión dos receptores televisivos no ámbito familiar decaeron na súa actividade, e as semanas culturais perduraron en dous ou tres centros, pero a inesgotable inclinación do ensino de D. Manuel seguiu na vontade de propagar en actos escolares, nas aulas da terceira idade, nas clausuras de xornadas educativas, os seus eruditos coñecementos.

Na súa etapa de Alcalde da Estrada, 1983-87, acode nas mañás dos mércores ás instalacións de Radio Noroeste da nosa vila ao programa “Sin distancias”. Durante 39 semanas D. Manuel, despois do habitual saúdo “Bos días, amigos dos mércores. Cos nosos mellores desexos van estas verbas que se mesturan coas tarefas que cadaquén estades a facer”, comeza a debullar temas e lendas encol do concello estradense. Nas súas agarimosas alocucións mellora as actuacións do internacional “speaker” chileno Bobby Deglané. As ondas radiofónicas cabalgan no éter para levar aos emigrantes estradenses en Arxentina, óntes de radio Excelsior, a cultura, a historia, os monumentos, os fillos senlleiros, etc, do noso pobo.



Autoridades e público asistente á Xornada inaugural.

As emisións foron todo un éxito e fíxose preciso a grabación das mesmas para satisfacer as numerosas peticións dos radio escoitas de alén mar.

Ata aquí deixo, resumidos, os feitucos guizos da abondosa ramaxe que nos brindou, con agarimo e sapiencia, sempre de balde, o médico de San Miguel de Castro, Doutor D. Manuel Reimóndez Portela.

A paisaxe da Estrada

Carlos Baliñas Fernández

Literalmente Panurgo significa en grego “o que fai de todo”. Eu íalle aplicar o adxectivo ao noso inesquecible amigo Reimóndez Portela cando se me ocorreu buscar a palabra no prestixioso dicionario grego-inglés de Liddell-Scott. Teño deste libro un exemplar con fermoso *exlibris* dun tal Leonard Melling que sabe Deus quen era, mercado nun anticuario xa non me lembro onde e se teño que consultar unha palabra gústame facelo neste dicionario por mirar o *exlibris*. Consultado o tal dicionario co permiso implícito de Mister Melling, resulta que a palabra ten mal sentido; significa “capaz de calquera cousa”. E entón lembreime de que así é, desde logo, o Panurgo que sae na novela de Rabelais, *Gargantúa e Pantagruel*: un trangalleiro.

E, sen embargo, se se tomase a palabra no significado literal inxenuo, ao noso amigo acaeríalle o cualificativo porque dáballo xeito tanto a curar un doente na súa clínica de San Miguel de Castro como a gobernar o concello da Estrada ou a escribir libros sobre o patrimonio cultural e turística da zona.

Pensando qué tema seu podía eu comentar para esa xeira de conferencias con ocasión de reeditar o libro *Un médico na aldea*, acordeime dun libro seu titulado *Guía Turística de La Estrada* que me mandou cunha dedicatoria súa que di: “Como prometera mando a Guía... Un libriño máis. Con toda amizade”. A tarxeta leva data do 3-9-84. Van alá preto de trinta nos.

Eu pola comarca da Estrada pasara unha chea de veces desde neno indo e vindo entre a miña Terra de Montes e Santiago. Polo tanto algo vira da paisaxe entre Codeseda e Pontevea, pero non o vira coma paisaxe, porque a paisaxe é unha desas cousas que soamente as hai se coinciden unha realidade obxectiva e un xeito desinteresado de mirar, e eu, como calquera neno, ía pensando noutras cousas que non eran precisamente a paisaxe.

A primeira vez que o territorio desta zona se me volveu paisaxe foi con ocasión dunha excursión na compañía de don Antonio Liste e outros amigos e familiares. Natural de Riobó (A Estrada), don Antonio foi cura primeiro de Romai e despois de Cambados, no Salnés. Sen negarlle a bonitura á comarca de adopción, sempre que

lla louvaban moito, non deixaba de subliñar aí que tamén o val do Ulla era terra farturenta e fermosa. E un día invitounos a un grupo de persoas amigas a vir comprobalo. Foi se cadra o ano 1954 ou por aí. Nun coche de punto, como se lle chamaba daquela aos taxis, saímos de Ribadumia e recollemos en Romai a Don Antonio. A primeira parada foi no Pazo da Mota, en Riobó. Pouco antes o “señor” do pazo, pai de dona Mercedes Otero, esposa que foi de Don Saturio de la Calle, conveciños que serían meus na “casa da Estrada” ou casa de Valladares, na Rúa do Salvador, en Santiago, fixérase construír nunha esquina da casa unha solaina cuberta a catro augas da que estaba moi satisfeito. Despois de nos ensinar o interior do pazo levounos á tal terraza e pasando uns prismáticos de man en man cada un de nos puido disfrutar por uns intres da vista excepcional que desde alí se ten do val do Ulla. Cando a comitiva recorría a finca, eu achegueime a un xornaleiro que traballaba na horta e pedinlle a súa opinión sobre o mirador. Era corrosiva: acababa con todo o romanticismo e con toda estética. “Bueno oh bueno! Desde que fixo o mirador ese, o señor pásase o día vixiándonos. Xa un non pode estar tranquilo nin cando baixa os pantalóns entre o millo”. Evidentemente non estaba para paisaxes.

Unha foto recorda a presenza do grupo diante do pazo de Oca. Ao fondo vense uns enormes eucaliptos que despois cortaron. Os xardíns causáronme a natural sorpresa. ¡Aqueles estanques, aqueles buxos de varios metros de altura! De alí fomos visitar os xardíns do pazo de Rivadulla coa freixa, os fentos altos como árbores, a memoria da estancia de Jovellanos e, aquí e acolá, bancos de pedra ocelados de mofo e follas secas.

Na ida e na volta daquela excursión non deixei de reparar nese xogo de curutos e vales profundos que é esa terra do Ulla, que fai que calquera casa que estea nun cotarelo e teña na eira un camelio ou un ciprés, xa parece un pazo.

Foi comparando con esta parte do concello que dá cara ao río, a parte que eu xa coñecía, como me decatei de que o concello da Estrada suma dúas paisaxes distintas. A outra eran os vales altos de Tabeirós e Codeseda, fronteiros coa Terra de Montes, dunha beleza grave e serea. Aquel día por primeira vez o territorio volvérase para min paisaxe.



Xornada do día 28 de setembro. Carlos Baliñas facendo uso da palabra; Xesús Palmou e Emilio González. Preside Ofelia Rey Castelao.

Anos máis tarde, lendo o libro de Reimóndez toparía que distingue non menos de cinco paisaxes diversas: Ulla (Alta e Baixa), Vea (Alta e Baía), Tabeirós, Pardemarín e a zona que chama Montaña (Codeseda, Arca e Sabucedo). O médico e alcalde pateara cada recanto do concello e resulta que había moitas máis cousas notables das que un supoñía. Onde un, ao pasar, non vía máis ca casas e fincas e árbores, agora aparecían tamén pazos, cruceiros, castros e recantos fermosos. Un tiña agora noticia explicada da torre de Guimarei e do vistoso castro que hai entre Parada e a aldea de Marcenlos, en Codeseda, e da igrexa de Ouzande e de San Xoán da Coba onde o tren dá aquel pincho sobre o abismo.

Na relación afectiva do home co medio compre distinguir tres aspectos: a saudade da Terra Nai, o sentimento ecolóxico e a paisaxe propiamente dita. A saudade síntea cada quen da súa terra, malia a que a outros lle pareza fea ou indiferente. Sentimento ecolóxico chámolle a percibir se unha terra é sa e virxe ou se está moi luxada pola civilización e a técnica. En fin, a paisaxe resulta da converxencia de certa realidade física co noso estado anímico. É o mesmo ca o territorio, pero visto como ledo/grave, montañoso/chan, vizoso/estéril.

A paisaxe pode variar por acción do home ou por un proceso natural. Lembremos canto supuxo o abandono da agricultura. Por

todas partes inzou o prado e máis o mato. Do mato penso especialmente na mimosa. A pesar deses cambios, a paisaxe do concello da Estrada mantense fundamentalmente o mesmo ca aquel que eu vin, coa alma nos ollos, hai uns cincuenta anos.

A vila mesma, se se mira de lonxe, tamén é paisaxe. Un mirador mirado.

Malia ao tempo pasado desde que recibín o agasallo do libro, teño que confesar que aínda hai hoxe zonas do concello da Estrada que non coñezo. Pero prométoles aos amigos desta Terra visitalas se é que a vida aínda me da tempo, vagar e compañía. Coa Guía Turística de Reimóndez Portela na man. Naturalmente.

Manuel Reimóndez, vocación de servicio

Xesús Palmou Lorenzo

Foi para min unha honra e unha satisfacción participar nas Xornadas que analizaron a traxectoria de don Manuel Reimóndez nas súas distintas facetas de médico, intelectual, escritor, antropólogo e político. Facetas todas elas nas que D. Manuel amosou sempre unha especial vocación de servizo ós seus veciños, poñendo de manifesto o seu amor á súa profesión, á terra, á lingua e á cultura.

Coñecín a Don Manuel ós poucos días de chegar A Estrada como funcionario do Estado en setembro de 1978. Saía do meu despacho, cun forte dor abdominal e quentura, cando me atopei con Pepe Porto Matalobos que no seu coche me trasladou a San Miguel de Castro, á consulta do seu amigo Manuel Reimóndez. Recordo atoparme cun home extremadamente cordial, que despois do recoñecemento de rigor me diagnosticou unha gastroenterite, dicindo “Rapaz, se estivesemos en México diríache que te agarrou a vinganza de Moctezuma”, explicándonos que era frecuente este tipo de afeccións diarreicas nos turistas españois que visitaban México. Anos máis tarde padecino. Este foi o meu primeiro contacto con quen, andando o tempo, sería o meu admirado e querido amigo, compañeiro en lides políticas, don Manuel Reimóndez.

Nos primeiros días de 1983, facíalle unha nova visita a súa clínica, esta vez acompañando a meu pai. Ambos se decatan que tiñan compartido penurias e compañía nos difíciles anos da guerra civil e aquilo deu para un café e unha tarde de conversa na miña casa. Ó remate da mesma confesábame que Xosé Luís Barreiro Rivas lle pedira que fose o candidato da entón Alianza Popular á Alcaldía de A Estrada e que o estaba pensando. Mal podíamos imaxinarnos que, andando o tempo, compartiríamos inxedanzas, tarefas e militancia no eido político.

Pero esa non sería a primeira incursión de Don Manuel no mundo da política. En 1979, aprobada a Constitución, comezaba a súa andaina o Estado Autonómico e Galicia, igual que Cataluña e País Vasco, contaba cun órgano preautonómico, a Xunta, que debería redactar o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía. Desta tarefa, encárgase a chamada Comisión dos Dezaseis, integrada por

representantes de Unión de Centro Democrático, Alianza Popular, Partido Socialista Obrero Español, Partido Galeguista, Partido Comunista de Galicia, Partido Obrero Galego e Partido dos Traballadores de Galicia, coa ausencia do Bloque Nacional Popular Galego e do Partido Socialista Galego, integrados ambos na chamada Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG), que logo sería o BNG.

A tarefa dos dezaseis é ardua, máis ben semella imposible: elaborar un texto de Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia que conte co beneplácito de todos os integrantes. A primeira cuestión é elixir un presidente, e aí logo houbo acordo. Todas as propostas recaen en Manuel Reimóndez Portela, o menos político de todos, dende a óptica partidaria. É un médico, intelectual e humanista de recoñecida competencia e talante conciliador. Díciame hai días un dos integrantes, que foron esas virtudes do médico Reimóndez as que, en máis dunha ocasión, ante dificultades para chegar a acordos, sentara unha e outra vez aos comisionados ata acadar o consenso. O argumento último de Reimóndez, era sempre “témolo que conseguir por Galicia”. Conta Vázquez Portomeñe que nunha ocasión, cando debatían os artigos relativos á economía a discusión subiu de ton e o acordo parecía imposible. Reimóndez, tras varios intentos para reconducir a situación, rematou dicindo “filliño non te cabrees. Eu créoche que de economía tan só entenden os ricos e a señora Rosa de Lagartóns que con pouco dalle de comer todos os días a once larpeiros”. A discusión rematou cunha gargallada xeral pero o tempo parece darlle a razón a Reimóndez.

O texto, finalmente acadado por unanimidade, pasou logo por recortes que o deixaron inservible ata convertelo no bautizado como o “Estatuto da Aldraxa”. Finalmente rescatado, só en parte, tras o Pacto do Hostal de 1979, foi a base do texto vixente. Aínda así, desapareceu do seu articulado o deber xenérico de coñecemento da nosa lingua para todos os galegos, unha eiva que estivo no cerne do argumento do Tribunal Constitucional para ditar a Sentencia 84/1986 que declarou inconstitucional o artigo 2º da Lei de Normalización lingüística de Galicia de 1983. Cando días máis tarde lle informaba desta Sentencia na súa casa, Reimóndez laiouse, con

argumentos propios dun galeguista e fino xurista, do erro que supuxera a modificación do Estatuto nese aspecto.

Pero o compromiso de Don Manuel Reimóndez con Galicia, coa súa autonomía, coa súa lingua e a súa cultura, non exclúe o seu compromiso e o seu amor á profesión de médico rural, o seu compromiso e o seu amor á Estrada e as súas xentes. Todo o contrario. Da súa excepcional labor como médico rural, deixa constancia a súa publicación “Un médico na aldea”, e o unánime recoñecemento dos seus veciños.

A súa etapa de alcalde deste concello, novamente pon a proba o seu talante conciliador e negociador que lle permitiu gobernar en toda a lexislatura a pesar de estar en minoría. Desta etapa gardo o recordo do seu decidido impulso á Feira do Moble que unha comisión de mobleiros puxeron en marcha, aportando eu os labores de asesoramento xurídico e documental. Rematado o primeiro Salón, que Don Manuel inaugurou e que foi un éxito, os mobleiros decátanse das carencias do antigo Instituto da rúa Benito Vigo para albergar a feira con certa garantía de continuidade. O Alcalde, coñecedor da situación, instou o entón Vicepresidente da Xunta Xosé Luís Barreiro Rivas a visitar a vila, e no transcurso da cea que con el compartimos, ante os argumentos razoados e insistentes de Don Manuel, asumiu o compromiso de que a Xunta construíría un pavillón multiusos que albergara a exposición. Así foi, aínda que cando se inaugurou Don Manuel xa non era Alcalde.

Pero á vez que médico e político, nunca deixou de investigar e escribir na procura de divulgar e promover a nosa comarca. Nesta liña, cofunda e logo dirixe o Centro de Iniciativas e Turismo (CIT), como instrumento para dinamizar a comarca e achegar os seus atractivos monumentais, naturais e paisaxísticos ó resto de Galicia e de España. Na mesma liña, exerce unha incansable labor de conferenciante, na que destacan, ademais dos coñecementos, a amenidade das súas exposicións. Como investigador e escritor, publica “Guía da Estrada”, “A Estrada Rural”, “Cruceiros e Cruces no noroeste da provincia de Pontevedra” e “O Camiño de Santiago polo sudeste”, obras nas que transluce a súa vocación de servidor público e o seu interese pola Galicia rural e as terras da Estrada.



Acto de clausura das Xornadas e presentación da reedición de *Un médico na aldea*, de Manuel Reimóndez Portela, o día 5 de outubro de 2012. De esquerda a dereita, Pablo Vaamonde, Marcelino Agís, M^a Jesusa Fernández, Xosé Neira Vilas, José López, Valentín García, Luís Reimóndez e Xosé Luna.

E quero rematar incidindo precisamente na vocación de servizo de Don Manuel no ámbito político, que foi onde o tratei con máis intensidade. Síntome moi honrado de comezar a miña militancia no Partido Popular baixo a súa presidencia local e logo substituílo cando en 1987 decide afastarse da primeira liña e non recuncar como candidato a alcaldía de A Estrada. Hoxe que a clase política está tan deostada pola opinión pública, resulta moi gratificante analizar o perfil e os trazos de Don Manuel no ámbito público. O seu prestixio como médico, intelectual e humanista, e a súa flexibilidade e capacidade de diálogo e entendemento, son os principais reclamos para os que o chaman a unha actividade política que nada ten que ofrecerlle máis alá de materializar a súa vocación de servizo. Nin un ápice de ambición nin interese persoal estiveron nunca presentes nas súas accións e decisións, e a súa integridade está fora de toda dúbida. En resume, vocación, preparación, talante conciliador e integridade fan de don Manuel Reimóndez un servidor público exemplar.

Tropezóns dun médico na aldea

Emilio González Fernández

Cando D. Manolo inda andaba a cabalo visitando enfermos e “Casas” (daquela eran médicos da casa, non de persoas individuais), xa comezara eu na universidade. Chegar a tal era un privilexio. Como será dentro duns anos.

O que chamabamos “café” na miña aldea era un espazo social masculino. O mesmo que o adro da igrexa. Ocorría isto en Rubián, en terras do Val de Lemos. Unha noite, un emigrante, o Suso do Freireiro, que estaba de vacacións, contaba as súas fazañas polo Canadá. Traballo duro. Cortaban árbores na montaña.

Pasaban meses nun campamento e, de cando en vez, quedaban illados pola neve. Gabábase de que cando morría un compañeiro cavaban un foso e soterrábano sen máis. Don Xesús, o crego, que participaba nas parolas en galego, naquela ocasión interrogou en castelán:

– ¿Y el alma?...

– Alí bótanlle todo xunto.

Rápida e espontánea resposta do Suso. Tan rápida como as risas dos ilustrados que escoitabamos. Días, meses e anos seguimos lembrando a paifocada do Suso. Precisei case cincuenta anos para decartarme que os paifocos eramos nós, os que tiñamos estudos oficiais.

Vén isto a conto do libro de Reimóndez, *Un médico na aldea*, que acada a segunda edición. Coido que cando o escribiu non era quen de saber a transcendencia que ía ter. Narrativa. Contos curtos. Memorias. Autobiografía. Historia. Xeografía humana. Paradigma de investigación-acción e de observación participante. Todo isto e moito máis. Posibilidade de múltiples lecturas, como todas as obras mestras.

Para min, neste momento, é un magnífico exemplo de “Antropoloxía Aplicada á Saúde”. Sen querelo, Reimóndez pasa á Historia cun dignísimo lugar. Moito máis que pola súa curta e mesmo cuestionada experiencia política. Tamén moi por riba do seu traballo etnográfico. Chegou a hora de que seus herdeiros vaian pensando en “exportalo”, en traducilo ó castelán e logo xa veremos. Dixitalizar xa; para poder espallalo en redes diversas e sacarlle todo o zume que garda case intacto a pesar das novas introducións e comentarios que acompañan a esta segunda edición.

A cultura tradicional galega era monista. Tiña pouco que ver coa lóxica aristotélica e co dualismo. Corpo e espírito unidos. Por iso o atinado (para nós chocante) da resposta do meu veciño Suso do Ferreiro. O libriño de Reimóndez reflicte moi ben esa gran fenda entre a cultura popular galega e a cultura médica oficial.

Na dilatada vida profesional do autor, asiste ó comezo da “medicalización do agro”. Ata o ano 1975 non se implanta na Seguridade Social, o Réxime Especial Agrario. Os labregos galegos comezan a ter “cartilla” sanitaria que acabará sendo máis importante có D.N.I.

Importante avance na socialización da medicina, pero tamén no esnaquizamento da cultura sanitaria popular. A poderosa biomedicina axuda eficazmente a mudar a identidade colectiva e individual. Determinadas estratexias e destrezas do pasado van ser varridas ou subalternizadas polo “Modelo Médico Hexemónico”. Dalgún xeito pasamos do *Mitos* ó *Logos*. A Reimóndez non lle queda outro remedio que botar man das gramáticas míticas na relación médico-comunidade e médico-paciente. Todos os momentos históricos son polivalentes. Non defendo a canonización do pasado. Mellor recuperar saberes e mañas antigas que seguen tendo utilidade fronte a tanto “progreso”...

Cando, ao meu ver, asistimos pasivamente a unha tremenda desubstancialización identitaria do país, consola reler *Un médico na aldea*. Aмосa os tropezońs dun médico cando camińa polas corredeiras. Tropeza en cada pedra do camińo. Metáfora do seus tropezos cos saberes médicos profanos; hoxe saberes subalternos.

Neste outono de 2012 contemplo melancólico a proximidade dun inverno sanitario que non terá primavera. Asisto á descomposición sociosanitaria. Ó final do cativo estado de benestar do que gozabamos.

Mais, non vaian pensar que estes tropezońs, estes choques culturais que lle aconteceron a Manolo Reimóndez son cousas do pasado. Seguen aparecendo a cotío nos Centros de Saúde e nos Hospitais. Igual que cando chegamos a un hospital o primeiro que nos quitan e a nosa roupa, nos quitan a cultura e boa parte da nosa identidade.

Para terminar, comento superficialmente un dos “contos” máis curtos do libro: *As Aspirinas*. A maiores do que comenta Reimóndez e que tamén vale para os xornais (antigamente chamábanlle a todos



Xosé Neira Vilas, Marcelino Agís, José López, Luís Reimóndez cun exemplar do libro reeditado escrito por seu pai; Antonio Crespo, Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Juan Gestal, José Carro e Xosé Luna.

“un Faro”), para os cómics (dicíamos TBO), o artigo dá para moito.... O paisano galego rexeitaba, ata non hai moito, aprender o nome dos fármacos. Etimoloxicamente fármaco tamén é veneno. Pronunciar o nome pode ser perigoso.... En cambio, fan detalladas descrições da cor (importantísimo para saber os efectos), da forma (a relacionan con aparellos), da consistencia, etc. Por iso preguntan sempre: antes ou despois das comidas. Non son preguntas inocentes.

Tampouco podemos esquecer o ascenso de clase que describe o autor. O “poder” médico non é secundario nesa desigual relación co paciente. Retrátase xa na introdución (*Xustificación*) ó dicirnos : “*a aldea é inculta por definición*”. É unha das “sombras” no discurso de Reimóndez. O texto está inzado de elementos socioeconómicos e culturais.

Grazas Manolo pola obra que nos deixaches.



José López, Valentín García e Luís Reimóndez observan con curiosidade un exemplar do libro reeditado.

La memoria individual como fuente histórica. A propósito de la obra de Reimóndez Portela

Ofelia Rey Castelao

La trayectoria humana y profesional del “médico de aldea” Manuel Reimóndez Portela ha sido suficientemente analizada en diferentes ocasiones y por eso mismo renuncio a repetir lo que ya está valorado y dicho. Prefiero en esta ocasión, ya que estamos conmemorando la publicación de su obra más personal y significativa, *Un médico na aldea*, hacer una breve reflexión sobre este texto desde el punto de vista de la investigación histórica.

Considero que ese pequeño libro, cuya gestación pude compartir en algunos momentos, debe contextualizarse en una larga tradición de textos elaborados por médicos que ejercieron en el mundo rural. Por un lado, los destinados a combatir la ignorancia popular en materia médica y a reivindicar el valor de la medicina “académica” o “científica”; por otro, los cuentos y novelas que tomaron como tema esas experiencias, casi siempre teniendo como protagonistas a médicos urbanos que se enfrentaban a una sociedad que les resultaba ajena, y, finalmente, los relatos autobiográficos o biográficos de quienes ejercieron la medicina en el campo y quisieron dejar constancia de sus vivencias. Las tres variantes tienen como hilo común el contraste entre dos modos de ver y de entender la resolución de los problemas de la salud y entre dos formas de vivir, la rural y la urbana. No hay espacio aquí para extender esta reflexión, por lo que mencionaré algún ejemplo.

En cuanto a la primera variante, sin ir más atrás en el tiempo, citaré un tratadito publicado en Madrid en 1729, escrito por el doctor Alfonso Sánchez, médico que ejerció en varias ciudades y pueblos –Sierra de Segura, Andujar, Soria, Benavente y Puebla de Sanabria–¹. Se trata de un interesante texto médico de tipo instrumental destinado a informar a los aldeanos de las enfermedades peligrosas y a abrirles los ojos ante las prácticas de curación llevadas a cabo por hombres y, sobre todo por mujeres, carentes de prepara-

1 Alfonso Sánchez, *Despertador médico, con su botica de pobres. Curso tercero de la cátedra de desengaños médicos*, Madrid, impresor Domingo Fernández, 1729; es la continuación de sus dos obras anteriores, publicadas en 1727, tituladas genéricamente *Cathedra de desengaños médicos*, en defensa del ilustrado gallego fray Benito Feijóo y de varios médicos de ideas avanzadas.

ción, en especial, ancianas que en sus aldeas tenían fama de curar con sus remedios, aunque solo tuvieran la experiencia que les daba el uso –a veces eficaz–, de tratamientos naturales. La pretensión del texto era advertir a los aldeanos de que los remedios de las curanderas no eran adecuados y que podían ser peligrosos, pero no las atacaba de frente, sino que intentaba atraerlas pidiendo su colaboración para mejorar sus prácticas. Alfonso Sánchez era consciente de la escasez de médicos en el ámbito rural y de las extraordinarias dificultades económicas de los campesinos para pagar sus servicios, de modo que optaba por corregir y enmendar más que por condenar a quienes podían aportar una ayuda o un consuelo mínimo en un momento de urgencia.

La segunda variante es más prolífica y está nutrida de excelentes relatos, de los que el más conocido quizá sea *Le Médecin de campagne*, cuyo autor es nada menos que Honoré de Balzac. Esta obra se publicó un siglo después de la anterior, en un contexto bien diferente, la Francia de 1833, por lo cual no es de extrañar que el novelista aprovechara su narración para exponer sus preocupaciones por la religión, la organización social o el poder político en el mundo rural; el personaje central es el doctor Benassis, que expresa una especie de liberalismo e incluso de pensamiento socialista, pero ante todo, lo que refleja la obra es la alabanza a la naturaleza, la paz y la poesía de la vida campesina. Debe recordarse que los novelistas utilizaron con el mismo objetivo la figura del cura párroco rural o la del maestro, que, como el médico, servían de puente entre la “civilización” –confundida con la ciudad– y la “naturaleza” –identificada con la aldea–.

Finalmente, las experiencias biográficas. Como es sabido, este tipo de textos contienen valiosa información pero también un componente subjetivo –en especial los autobiográficos– que siempre ha generado enormes prevenciones por parte de la investigación histórica profesional. Sin embargo, la historia post-moderna los ha recuperado como reacción contra la historia impersonal que se impuso como práctica en casi toda Europa después de la Segunda Guerra Mundial y que, en lugar de los individuos, estudiaba a los grandes colectivos humanos y sus comportamientos. El boom de la biografía desde los años ochenta del siglo XX se puede considerar como un retorno del

individuo después de un largo eclipse motivado por el imperio del *homo economicus* y del *homo demographicus*², pero si en otras fases de moda de la biografía interesaban solo los individuos egregios y no se consideraba a los excluidos por definición de la biografía, se encontró una vía media en el estudio de casos, en ejemplos significativos situados a medio camino entre los grandes personajes de antes y las masas anónimas de después; en esta misma línea se pueden ver las “historias de vida”³ y, por supuesto, las autobiografías de profesionales de muy diversos campos que hablaban de sí mismos para dar testimonio de su formación, de las influencias recibidas, de su conciencia y de su percepción de la vida⁴. Sea cual sea su presentación, el resurgimiento de la biografía, al igual que en general el de las tendencias individualizadoras, hay que inscribirlo en un retorno hacia el ser humano rompiendo con la tradición asentada a lo largo del siglo XX de un modelación de las ciencias sociales a imagen de las “ciencias duras”.

En este contexto, se han escrito muchas biografías en las dos últimas décadas, pero también han proliferado las memorias y los relatos auto-biográficos y las editoriales comerciales e institucionales las han promovido porque, evidentemente, tienen un público amplio e interesado en su lectura. Personalmente, confieso que soy lectora de este tipo de narraciones, porque me sirven para liberarme de los excesos *científicos* de la investigación histórica y porque en muchos casos me aportan una visión diferente de problemas que surgen en esa investigación. En este sentido, como historiadora de la sociedad rural y de la cultura popular, las memorias de personajes que hayan vivido en el campo en los últimos siglos, me resultan especialmente útiles y por eso mismo tengo en tanto aprecio el libro de Reimóndez sobre sus experiencias como médico de aldea, más todavía porque el espacio rural en que se desarrollaron y el espacio social en el que se produjeron, constituyen mis referencias vitales y don Manuel era, además, mi médico.

2 *Problèmes et méthodes de la biographie*, número especial de *Sources, travaux historiques*, París, 1985; A. Morales, “Biografía y narración en la historiografía actual”, en M. Montanari (ed.), *Problemas actuales de Historia*. Salamanca, 1993, p. 229; T.C. Blanning y D. Cannadine (eds.), *History and biography*, Cambridge, 1996.

3 *Histoires de vies (Actes du Colloque de 1994 de l'Association des historiens modernistes)*, París, 1996.

4 P. Nora (edt.), *Essais d'Ego histoire*, París, 1987.

El libro de Reimóndez Portela tiene muchos puntos en común con los que ya he mencionado –salvadas las diferencias de tiempo histórico y de lugar–, en especial, la valoración de la sociedad rural y la comprensión de sus prácticas, sus códigos y sus valores. El origen de su autor, su vinculación constante con las gentes de su alrededor, su propia permanencia residencial en el campo y su integración en la existencia cotidiana de su comunidad, adquieren verdadero valor gracias a su capacidad de observación y, claro está, a sus lecturas literarias e históricas, que le permitieron hacer una narración sólida pero cálida que constituirá en el futuro una pieza de enorme valor para la reconstrucción histórica de las tierras del Ulla –y de Galicia– de la segunda mitad del siglo XX, un testimonio cualificado de un mundo en trance de transformación del que poco queda ya.

O sanatorio de San Miguel de Castro, A Estrada

Chus Fernández Bascuas

D. Manuel Reimóndez Portela, unha vez que decide exercer a medicina na súa aldea, instálase no lugar de Prado, na parroquia de San Miguel de Castro (A Estrada), para que os seus pacientes reciban unha asistencia o máis próxima e completa posible. A súa formación universitaria permitiulle utilizar as técnicas máis avanzadas e, por outra parte, sentíase con folgos abondo para emprender unha aventura arriscada: instalar un sanatorio en plena zona rural. Precisaba, sen embargo, un lugar próximo á súa consulta e residencia, polo que propuxo ao seu veciño José Couto a construción dun edificio destinado a sanatorio que o noso médico lle arrendaría. A obra iniciouse en 1950, e en 1953 xa estaba rematada; foi o 21 de xaneiro deste mesmo ano cando se realizou a primeira operación, unha apendicite a un mozo de Lamela (Silleda).

Nun principio o sanatorio contaba con catro camas e un quirófano na primeira planta, adicándose a baixa a cociña, almacén e dependencias auxiliares.

En 1961, realízase unha reforma do edificio ampliando a capacidade de aloxamento de catro a oito camas, e máis unha de apoio no baixo para casos urxentes ou cando as demais estaban ocupadas; trasladase tamén o quirófano á parte nova, mellorando deste modo en comodidade, espazo e dotación tecnolóxica.

Dona Benilde Couto, filla do propietario da casa, recibiu por parte de don Manuel Reimóndez a formación precisa para exercer as responsabilidades que se lle encomendaron: o coidado dos enfermos, organización, limpeza e comidas, dispensando tamén sinxelas atencións sanitarias sempre baixo as instrucións e tutela do médico.

Desde a nosa perspectiva actual de instalacións hospitalarias colosais, superespecialización, celeridade na atención e, en definitiva, acumulación de medios materiais e humanos, cabe preguntarse que tipo de intervencións se efectuaban naquel sinxelo sanatorio rural dotado dunha infraestrutura tan básica. Sorprende comprobar como Reimóndez Portela foi capaz de proporcionar –con moi poucos recursos– uns servizos sanitarios de altísima calidade, pois alí atendéronse traumatismos resultado de accidentes, partos dificultosos

(os demais resolvíanse na casa), apendicitis, extracción de amígdalas, fracturas ... etc.

Unha das razóns do éxito daquela arriscada iniciativa de Reimóndez Portela radicaba na situación xeográfica do sanatorio, na proximidade de Santiago de Compostela, circunstancia que propiciaba a colaboración de destacados especialistas compostelanos que se desprazaban a Castro cando eran requeridos polo noso doutor. Entre outros, podemos citar a D. Restituto Fernández Otero, toxicólogo; Ramón Alsina Gomez-Ulla, de cirurxía xeral e D. Alejandro Beiras Torrado, destacado especialista que colaborou con D. Manuel cando este iniciou a súa andaina profesional. Sen esquecer a D. Daniel Cajade Rey, otorrinolaringólogo e a D. Luís Cabo Rey, especialista de pulmón e corazón e outros moitos que, de maneira esporádica, habería que sumar á lista de ilustres especialistas que se desprazaron a este sanatorio de San Miguel de Castro.

En máis de vinte anos de atención ao público atendeu e deu resposta satisfactoria ás necesidades de moitas persoas por varias razóns:

En primeiro lugar debemos citar a súa ubicación, no centro dunha área rural densamente poboada e a carón mesmo dunha importante vía de comunicación, a estrada de Callobre a Ponteledesma, circunstancia que facilitaba o traslado dos enfermos. Unha cousa ben distinta era desprazar a un enfermo grave, a un politraumatizado ou a unha muller de parto dende unha aldea illada sen máis medio de comunicacións que aquelas congostras que tantas veces houbo percorrer don Manuel Reimóndez. Daquela había que valerse de sillas, escaleiras, ou mesmo o ladral dun carro, improvisados recursos que ben merecen a atención dalgún etnógrafo ou historiador.

Naquela época na que o seguro de enfermidade andaba aínda a dar os seus primeiros pasos, a atención sanitaria nos sanatorios de Santiago facíase especialmente gravosa para a meirande parte das persoas. Neste sentido o sanatorio de Castro ofrecía servizos de alta calidade a precios moito máis asequibles, co valor engadido, ademais, de que eran os propios familiares quen podían atender ao ingresado, circunstancia que hoxe en día se valora moito nos grandes hospitais de referencia de Galicia. A todo isto cabe engadir o feito de que a persoa que te trataba era o teu propio médico de cabe-

ceira, o da túa familia de toda a vida, que coñecía as doenzas, a maneira de pensar e os pormenores das persoas, que non saen nin nas análises nin nas radiografías.

D. Manuel, tiña unha capacidade de traballo asombrosa. Foi capaz de conciliar as intervencións e seguimento dos enfermos ingresados, coa consulta que tiña pretoño do sanatorio na que a diario atendía a numerosos pacientes chegados de sitios ben diferentes, ao que cómpre engadir as visitas a domicilio a pé, dacabalo, en moto, en barca ou, ultimamente, en coche.

Dispoñía ademais dun laboratorio para realizar probas nas que basar o seu diagnóstico e dun un surtido básico de medicamentos para subministrar aos ingresados e para as urxencias, nunha primeira etapa procedentes da farmacia de Loimil (hoxe casa de turismo rural) e posteriormente da de Balboa, aínda que frecuentemente proporcionáballe de balde aos seus pacientes as mostras que lle deixaban os viaxantes de farmacia.

Contaba D. Manuel na súa actividade diaria coa axuda D. Delfín Míguez Rendo, marido de Benilde Couto, para realizar curas, extraccións e demais funcións do que hoxe chamariamos técnico de laboratorio; acompañábao aos domicilios cando era necesario transportar o aparato de Raios X portátil, e naquelas outras tarefas para as que “o médico da aldea” necesitaba un apoio.

E por se todo iso non fose suficiente para xustificar unha vida, aínda tivo tempo para rebuscar no pasado, escribir libros, facer divulgación cultural, ser alcalde, Presidente da Comisión dos Deza-seis e, sobre todo, para atender á súa familia e amigos.

O peche definitivo do sanatorio veu a coincidir co auxe da Seguridade Social tal e como a coñecemos na actualidade. No 1974 cerra as súas portas aquel centro sanitario onde algúns abrimos os ollos á vida e recuperaron outros moitos un dos tesouros máis grandes que temos: a saúde. Vinte anos de historia de medicina no rural estradense rematan nese intre.



A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural en Google Books

Juan L. Blanco Valdés
juanblv82@gmail.com



Juan L. Blanco Valdés, José López Campos, Luis Collado, Juan A. Fernández Castro e M^a Jesusa Fernández Bascuas (Foto: Catrogatos).

Grazas a un acordo promovido polo coordinador editorial de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, Juan L. Blanco Valdés, e asinado entre a Fundación Cultural da Estrada, representada polo alcalde do Concello, José López Campos, e Google Books, representada por Luis Collado, responsable de Google Books y Google News para España y Portugal, todos os volumes da revista están dende marzo aloxados a texto completo en Google Books, o que representa un avance máis, de grande importancia e impacto, no proxecto dixital da revista, tras a estrea en 2011 da plataforma dixital *miscelanea.aestrada.com*. O acto de presentación tivo lugar no mes de marzo na sala de prensa do Concello coa asistencia do Sr. Alcalde do Concello, do responsable de Google Books, do director da revista,

Juan Andrés Fernández Castro, da patrona do Museo Manuel Reimóndez Portela, M^a Jesusa Fernández Bascuas, e do coordinador editorial da revista, Juan L. Blanco Valdés. Todos os interviñentes fixeron fincapé no potencial de universalidade que o aloxamento en Google Books proporcionará á publicación. Pola súa parte, Luis Collado salientou a “enorme satisfacción” que, como amante dos libros e da cultura, lle produce esta colaboración, convencido, ademais, da trascendencia da historia local no desenvolvemento da grande historia. Rematou o acto o alcalde, quen agradeceu á dirección da revista a impagable contribución que fai á cultura estradense e, por extensión, galega en xeral e, moi especialmente a Luis Collado, a presenza do cal no acto interpretou como unha “manifestación clara de afecto e interese por parte dunha compañía que representa como ningunha outra o valor universal da Internet”. Entre marzo e novembro do presente ano 2012, producíronse 800 accesos a números da revista en Google Books cun total de 12.100 páxinas visualizadas.

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



miscelanea.aestrada.com

ISSN 1139-921X

Número 1 (1998)

Presentación • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.* Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia.* Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.* Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.* Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950).* María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).* Roberto L. Blanco Valdés

Número 2 (1999)

As dúas mulleres de Castelao. Olimpio Arca Caldas • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada I.* María Jesús Fernández Bascuas • *Os traballos e os días. Aspectos da vida cotia no rural estradense do S. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti.* Juan A. Fernández Castro • *Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia Medieval.* Manuel Mosquera Agrelo • *Os trobadores de Taveirós.* Mercedes Brea • *La poética de Pay Soarez de Taveirós.* Gema Vallín • *A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra) Espadelas e espadeleiros.* Manuel Rodríguez Calviño • *Memoria gráfica do Corpo de Ejército de Galicia na Guerra Civil española* • *La Purísima de Asorey de La Estrada (Pontevedra.)* Javier Travieso Mougán • *Cando o ceo escurece. Crónica da*

epidemia de gripe de 1918 na parroquia de Sabucedo-A Estrada. Pontevedra. María del Pilar Regueiro Ovelleiro • *Un singular Centro Bibliográfico Galego.* Xosé Neira Vilas

Número 3 (2000)

Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso (Olives, A Estrada, Pontevedra). Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández, Nuria Calo Ramos • *Escudo y linaje de la Casa de Guimarey.* Eduardo Pardo de Guevara y Valdés • *Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada (Pontevedra).* Xoán Andrés Fernández Castro • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926).* María Jesús Fernández Bascuas • *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte.* Xosé Manuel Castaño García • *Origen y evolución del municipio de A Estrada (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos.* Ángel Miramontes Carballada • *A Estrada, terra saudable. O sanatorio "Nuestra Señora del Carmen".* Olimpio Arca Caldas • *Un nocturno de Castelao.* Javier Travieso Mougán • *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1938).* Manuel Cabada Castro • *Estradenses en América. Cartas privadas de emigrantes en tiempos y destinos diferentes.* María Luisa Pazos Pazos

Número 4 (2001)

Sobre o nome da Estrada. Fernando Cabeza Quiles • *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía.* Juan L. Blanco Valdés • *Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850.* Juan Andrés Fernández Castro • *Medicina popular en terras de Tabeirós (A Estrada-Pontevedra).* Manuel Reimóndez Pórtela • *A translatio dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda (A Estrada).* Mario Blanco Fuentes, Xoán Andrés Fernández Castro • *Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego.* Josefa Rey Castiñeira, Manuel Rodríguez Calviño • *O próximo vivido.* Manuel Pereira Valcárcel, Pilar Gaspar • *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense.* Olimpio

Arca Caldas • *Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra), 1887-1996*. Ángel Miramontes Carballada

Número 5 (2002)

Novas matinações encol do topónimo A Estrada. Manuel Castiñeira Rodríguez • *Breve aproximación os muíños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra)*. Juan Fernández Casal • *Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Estradense”*. Mario Blanco Fuentes • *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde*. Texto: Xosé Lueiro Fotos: Francisco Azurmendi • *Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra)*. Ángel Miramontes Carballada • *A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes*. María Jesús Fernández Bascuas • *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela*. Isabel Carlín Porto • *Sobre o topónimo Brea*. Fernando Cabeza Quiles • *A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra)*. Juan Andrés Fernández Castro • *O pasado máis saudable da Estrada*. Manuel Pereira Valcárcel • *Don Nicolás Mato Várela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande*. Olimpio Arca Caldas • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento*. Pilar Allegue • *A Estrada no Informe de Literatura 1999, do “Centro Ramón Piñeiro”*

Número 6 (2003)

Cápelas e santuarios do Concello da Estrada. Francisco Arzumendi Iglesias • *Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra*. Juan Andrés Fernández Castro • *Un proxecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada*. Isabel Carlín Porto • *Os escudos do Concello da Estrada dende 1840*. M- Jesusa Fernández Bascuas • *La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX*. Ángel Miramontes Carballada • *Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX*. Ofelia Rey Castelao • *A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous teste-*

muños. Juan L. Blanco Valdés • *A Virxe de Gundián*. Juan Fernández Casal • *Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladares Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903)*. Juan Andrés Fernández Castro • *En torno ó topónimo Toedo*. Fernando Cabeza Quiles • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II*. Héitor Picallo Fuentes • *Recuerdos de una matrona*. Carmen Ferreiro Porto • *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española*. Olimpio Arca Caldas • *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande*. Manuel Castiñeira Rodríguez

Número 7 (2004)

Fábrica de papel en Riobó. Juan Fernández Casal • *O Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela». A institución e a exposición permanente*. María Carbia Vilar • *Cartas dun emigrado estradense*. Gerardo Cabada Castro • *Nacimientoy consolidación de la capital del mueble en Galicia. El municipio de A Estrada*. Ángel Miramontes Carballada • *Achegamento ás pesqueiras estradenses do río Ulla*. Damián Porto • *Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos. In memoriam*. Héitor Picallo Fuentes • *O topónimo «Baloira»*. Fernando Cabeza Quiles • *La emigración en ocho parroquias de A Estrada*. M^a. Milagros Castro González • *Maíndo: espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *Alén da Saudade: a fotografía como documento histórico*. Juan Andrés Fernández Castro • *Excavación arqueolóxica del túmulo megalítico de Xestas*. Pablo Bandín Rosende • *A razoable esperanza: quince momentos*. Alberte Maceira Peiteado • *Alcaldes estradenses*. María Jesusa Fernández Bascuas • *A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX*. Manuel Castiñeira Rodríguez

Número 8 (2005)

A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua. Xesús Alonso Montero • *Algúns topónimos da parroquia de Guimarei*. Fernando Cabeza Quiles • *Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos*. Manuel Castiñeira Rodríguez • *Libros e lecturas do clero rural en Tabeirós-Terra de*

Montes durante o século XIX. María Jesusa Fernández Bascuas • O mercado de peixe na Estrada rural. Juan Fernández Casal • Familias e veciños do «lugar y aldea de La Estrada» a mediados do século XVIII. Juan Andrés Fernández Castro • Obras de adaptación no museo do pobo estradense «Manuel Reimóndez Portela». Ana Pazos Bernárdez • Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros. Damián Porto Rico • En memoria de José Pereiro. Javier Travieso • A virxe Peregrina de San Breixo de Lamas (A Estrada, Pontevedra). Xosé Carlos Valle Pérez • A domesticación dende unha perspectiva etnoarqueolóxica: os cabalos de monte do curro de Sabucedo. Xosé Manuel Vázquez Varela • San Miguel de Castro: estudio histórico-artístico. Dolores Villaverde Solar

Número 9 (2006)

As Memorias de familia de Marcial Valladares. Mercedes Brea e M^a Xesús Nogueira Pereira • Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade. Juan L. Blanco Valdés • De fritideiros e artistas. Juan Fernández Casal • Literatura estradense en internet. Henrique Neira Pereira • Análise da xeografía electoral do concello da Estrada (Pontevedra). Ángel Miramontes Carballada • Algúns topónimos das parroquias da Estrada, Matalobos, Ouzande e Toedo. Fernando Cabeza Quiles • A Estrada rural e urbana. Estudio comparativo de dous modelos demográficos (1870-1970). Juan Andrés Fernández Castro • Breve reseña biográfica do fotógrafo don Xosé Ramos Garrido (Codeseda, A Estrada, 1887-1967). José Javier Ramos Pérez • Primeira catalogación dos documentos do fondo de Miguel Nine Novais. Damián Porto Rico • Carlistas e liberais en terras estradenses. A derradeira batalla do caudillo Gorostidi. María Jesusa Fernández Bascuas • Radio Estrada, Emisora Parroquial. Pepe López Vilariño.

Número 10 (2007)

Sobre a Torre da Insua de Cora. Henrique Neira Pereira • Estradenses en la Guerra de la Independencia. Don Felipe Constenla y Garrido (1808-1810). José Manuel Pena García • Al mando y en buenas asistencias: vejez y grupo doméstico en la Tierra de Tabeirós a mediados del siglo XVIII. Camilo Fernández Cortizo • Unha compartida teima galeguista ata o final: Díaz Baliño, Casal e

Cabada Vázquez. Manuel Cabada Castro • *San Martiño de Riobó: xentes e paisaxes*. *Dos papeis de Xosé Figueiras Baltar*. Juan Fernández Casal • *Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo, Liripio, Codeseda e Souto*. Fernando Cabeza Quiles • *Justo Martínez Martínez (1842-1930)*. *Resumen biográfico*. Carlos Viscasillas Vázquez • «*Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia*»: *represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940*. Ruy Farías • *Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)*. Damián Porto Rico • *Radio Estrada: festival estradense de interpretación*. *Unha lembranza*. Secundino e Manuel Pereira Valcárcel • «*Lela*»: *a sombra dun amor ingrato*. *En desagravio de Rosendo Mato Hermida*. María Dolores Mato Gómez • *A Estrada, pobo de acollida*. *Na lembranza das meniñas austríacas refuxiadas no 1948*. Noni Araújo • *O fondo fotográfico «Celestino Fuentes» do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada*. Juan Andrés Fernández Castro • *Os oficios na terra da Estrada*. *Un panorama no século XVIII*. César Gómez Buxán • *La solariega Casa da Silva*. Francisco Rubia Alejos • *Necrolóxica*. Andrés Tarrío Barreiro (1970-2007). Miguel Seoane García • *Suso Muras (1958-2007)*. Pintor. José Manuel Nogueira.

Número 11 (2008)

Breve historia de una litografía «incunable». Carolina Puertas Mosquera • *Os derradeiros arrieiros de Tabeirós-Terra de Montes*. Luis-Manuel Caxide Diéguez • *O Ulla lampreiro*. *Gastronomía, tradición e folclore*. Juan Fernández Casal • *As coplas de antroido viaxan no tempo*. Henrique Neira • *Fernández Sánchez pintando en Sabucedo*. Javier Travieso Mougán • *La Casa de Monteagudo en la feligresía de San Jorge de Codeseda*. Luis Manuel Ferro Pego • *Novos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez*. Manuel Cabada Castro • *O movemento agrarista na Estrada: un intento de rexeneración política e avance social*. Jesús Palmou Lorenzo • *Estradenses en la guerra de la Independencia*. Don Felipe Constenla y Garrido: *campaña de 1810*. José Manuel Pena García • *A Estrada en panexérico*. *Cincuenta anos de evocacións na prensa periódica (1949-1999)*. Juan L. Blanco Valdés • *Gravados rupes- tres na Estrada; da Idade do Bronce aos nosos días*. Juan Andrés Fernández Castro • *Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século XX*. *Os tes-*

temuños fotográficos de Celestino Fuentes González (1918-1987). Juan Andrés Fernández Castro, María Jesusa Fernández Bascuas • *A toponimia menor do concello da Estrada (I)*. María José Folgar Brea • *Catálogo da colección Ramos Vázquez (I)*. Damián Porto Rico • *Necrolóxica: In memoriam. Manuel Castiñeira Rodríguez*.

Número 12 (2009)

El Teatro Principal, corazón cultural de A Estrada. Juan Pedro Pérez Pérez • *La enseñanza media en A Estrada (1933-1938) a partir de una fuente inédita*. Margarita Figueiras Nodar • *Virxilio Viéitez Bértolo (1930-2008)*. Lucía Carballeda Suárez • *Toponimia menor do concello de A Estrada. II Matalobos-Vinseiro*. María José Folgar Brea • *Proxecto de reforma de dúas pontes sobre o río Ulla: Sarandón e Pontevea*. Olalla Barreiro Molano • *La montaña de Sabucedo ante la mirada de Manuel Torres. Consideraciones sobre la pintura de paisaje*. Javier Travieso Mougán • *De escolantes e escolas. Saudosa evocación dos tempos idos*. Juan Fernández Casal • *Meteoroloxía e climas nas coplas e refráns da Ulla*. Paloma Barreiros, Juan Taboada e Henrique Neira • *Un conde de Pallares en Santa Mariña de Ribeira, A Estrada*. J. M. Bértolo Ballesteros y Luis Ferro Pego • *Catálogo da colección Ramos Vázquez, 1785-1956. II*. Damián Porto Rico • *D. Manuel Castiñeira, primer párroco del post-concilio en A Estrada. Apuntes para una biografía (I)*. José Luis Dorelle Iglesias • *Da mar ao laboratorio. Laudatio de Manuel Sanmartín Durán*.

Número 13 (2010)

Apuntes para una biografía: el médico Pena, José Pena Eirín y su esposa Manolita Chicharro. Genaro Pena Chicharro • *As outras historias do Pazo de Oca*. Juan Fernández Casal • *Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada*. Jesús Palmou Lorenzo • *La «Casa de Barcia» en San Miguel de Cora (A Estrada)*. José M. Bértolo y Luis Ferro Pego • *Breves notas sobre a vida dos cemiterios da Estrada*. Luis Gil • *Reproducción do Cruceiro da Estrada*. Susana Pazo Maside • *O vreiroiro por Terra de Montes e Tabeirós. Comercio e peregrinaxe*. Francisco Rozados "Rochi" • *Olives, un topónimo singular*. Fernando Cabeza Quiles • *Os nomes dos devanceiros. Antroponimia estradense. Séculos XVII e XVIII*. Juan Andrés

Fernández Castro • *Contos de dor e sofrimento*. Newton Sabbá Guimarães • *El recurso a la Justicia Real en tierras estradenses durante el Antiguo Régimen*. Margarita Figueiras Nodar • *A Estrada e as freguesías medievais na obra de Antonio López*. Xosé Manoel Sánchez Sánchez • *Unha reseña da prensa deportiva na comarca da Estrada*. Gerardo Vázquez Morandeira • *A Estrada, el urbanismo de una villa marcada la emigración*. M^a Milagros Castro Suárez.

Número 14 (2011)

Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada). Manuel Cabada Castro • *Sobrevivir ao desamparo e a morte. Entrevista a Constantino Fernández Prado*. Olalla Barreiro Molano; Alba Fernández Sanmartín e Rui Farías • *Breve achega biográfica a don Antonio Liste Rodríguez, "O Cura Liste" (Riobó 1912-Cambados 2003)*. Juan Fernández Casal • *A Estrada entre ceo e terra*. Fernando López Francisco; José López López e J. Pedro Pérez Pérez • *El viaducto sobre el río Ulla, premio San Telmo 2011 a la mejor obra de ingeniería civil gallega*. Juan Pablo Villanueva Beltramini • *A silente quietude da pedra*. Tono Arias, Juan L. Blanco Valdés • *El legado de Castelao al "Recreo Cultural" de A Estrada*. Javier Travieso Mougán • *La casa de A Silva en Vendexa*. Luis Manuel Ferro Pego • *Propuesta de blasón del concello de A Estrada*. Luis Ferro Pego; Javier García Gómez • *Toponimia menor no Concello de Forcarei. Quintelas-Dúas Igrexas*. M^a José Troitiño López • *El Voto de Santiago en tierras de Tabeirós*. Ofelia Rey Castelao • *Prontuario metodolóxico para o estudo da desamortización na comarca estradense*. Juan Andrés Fernández Castro • *As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)*. Fernando Cabeza Quiles • *Un século e medio de O Vello do Pico-Sagro*. Henrique Neira Pereira • *Serea de pedra e sal*. María Canosa • *Surrealismo e simbolismo nos contos de Neira Vilas*. Newton Sabbá Guimarães • *Um cancionero estradense*. Isabel Rei Samartim • <http://miscelanea.aestrada.com>. *O encontro dixital coa cultura estradense*. Juan Luis Blanco Valdés

miscelanea.aestrada.com



CONCELLO DA ESTRADA



DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA

